

Número 6 - Ano 2024

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

29 de febreiro de 2024

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e catro minutos do día vinte e nove de febreiro de dous mil vinte e catro; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, reúnen os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Concelleira Delegada de Relacións Institucionais; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenente de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac7729232221313772738.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-2-2024

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 26 de febreiro de 2024 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/18 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 20 DE NOVIEMBRE (EXTRAORDINARIA), 30 DE NOVIEMBRE (ORDINARIA) E DE 28 DE DICIEMBRE (ORDINARIA) DO ANO 2023.

A) PARTE RESOLUTIVA

DESENVOLVEMENTO LOCAL

2/19 PROPOSTA AO PLENO PARA A ADHESIÓN DO CONCELLO DE LUGO Á REDE DE DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES (RED DTI).

FACENDA LOCAL

3/20 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓNS EN ESTABLO DE VACÚN DE LEITE E FOSA DE PURÍN, EN CONSTRUCCIÓN COA LICENZA URBANÍSTICA EXPEDIENTE NÚMERO 2020/Y001/000215, NO LUGAR DE GUNDÍN, PARROQUIA DE BENADE.

INTERVENCIÓN

4/21 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 1/2024. REPARO 3/2024.

5/22 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2/2024. REPARO 88/2023.

6/23 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 3/2024. REPARO 4/2024.

7/24 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 4/2024.

8/25 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 5/2024. REPARO 5/2024.

PROPOSICIÓNS

9/26 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 71/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REGULARIZACIÓN E AMPLIACIÓN

URXENTE DAS ACTUAIS INSTALACIÓNS DA PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE LUGO (Exp. 2024/G004/000091).

10/27 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 74/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DO NOSO SECTOR AGRARIO (Exp. 2024/G004/000107).

11/28 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 75/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO DA XUNTA A DETERMINAR UNHA SITUACIÓN ALTERNATIVA PARA INSTALAR A ZONA PÚBLICA DE BAÑO NA CONTORNA FLUVIAL (Exp. 2024/G004/000108).

12/29 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 76/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O REFORZO DA BRIGADA DE AUGAS E O CUMPRIMENTO DA SENTENZA NÚMERO 215/2023 DE ABOAMENTO DE CANTIDADES ADEUDADAS A UN TRABALLADOR (Exp. 2024/G004/000109).

13/30 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 77/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA INICIATIVA ABERTA PARA O ESTUDO PREVIO E ESCAVACIÓN, ONDE PROCEDA, DA SUPERFICIE EDIFICADA, DELIMITADA POLO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO RECINTO AMURALLADO DE LUGO E SUSCEPTIBLE DE INTERVENCIÓNS EDIFICATORIAS PRIVADAS (Exp. 2024/G004/000110).

14/31 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 78/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE AMPLÍE O NÚMERO DE OPERARIOS E O HORARIO DOS ENTERROS NO CEMITERIO DE SAN FROILÁN (Exp. 2024/G004/000111).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

15/32. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 9 DE XANEIRO DE 2024, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2024/G004/000075).

16/33 DACIÓN DE CONTA DA MODIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 6005/2023, DO 30 DE XUÑO, POLO QUE SE APROBOU A COMPOSICIÓN DA XUNTA DE PORTAVOCES DO CONCELLO DE LUGO (Exp. 2024/G004/000093).

TESOURERÍA

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac7729232221313772738.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-2-2024

17/34 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE XANEIRO 2024.

18/35 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO INFORME DE MOROSIDADE DO 4º TRIMESTRE 2023.

INTERVENCIÓN

19/36 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO 4º TRIMESTRE DE 2023.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

- A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 83/2024, PARA QUE SE FAGA UN PLAN DE REURBANIZACIÓN E REVITALIZACIÓN DO BARRIO DA PONTE.
- B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 84/2024, PARA QUE SE TEÑAN EN CONTA VARIAS INCIDENCIAS EN LOCAIS ELECTORAIS E TEÑAN EN CONTA PARA OS VINDEIROS COMICIOS.
- C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 85/2024, PARA QUE SE FAGA UN PLAN DE TURISMO ONDE LUGO SEXA O GRAN MOTOR DA PROVINCIA.
- D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 86/2024, PARA QUE SE ASFALTE A PISTA DE BOSENDE DE ABAIXO E QUE O SUMIDOIRO QUE HAI NELA QUEDE Á ALTURA DA PISTA.

PREGUNTAS:

- A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 79/2024, EN RELACIÓN COA CIRCULAR SOBRE A ASIGNACIÓN DE FUNCIÓNS DO PERSOAL MUNICIPAL.
- B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 80/2024, EN RELACIÓN COA DECISIÓN DO GOBERNO CENTRAL PARA UBICAR A NOVA COMISARÍA.

- C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 81/2024, EN RELACIÓN CO AUDITORIO DE MAGOI.
- D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 82/2024, EN RELACIÓN A UN MURO TIRADO NA PARROQUIA DE SANTIAGO DE SAA, NO BARRIO DE GALEGOS.

D) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER - 8M.

- PÉSAME POLO FALECEMENTO DE DON ÁNGEL PERMUY REIJA, PAI DO CONCELLEIRO DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, étrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/18 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 20 DE NOVEMBRO (EXTRAORDINARIA), 30 DE NOVEMBRO (ORDINARIA) E DE 28 DE DECEMBRO (ORDINARIA) DO ANO 2023.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Secretario Xeral do Pleno accidental, do 22-2-2024, que seguidamente se transcribe:

“O Excmo. Concello Pleno celebrou as seguintes sesións:

- Sesión extraordinaria celebrada o día 20 de novembro de 2023
- Sesión ordinaria correspondente ao mes de novembro, celebrada o día 30 de novembro.
- Sesión ordinaria correspondente ao mes de decembro de 2023, celebrada o día 28 de decembro de 2023.

De todas elas levantouse a correspondente acta que, unha vez incorporadas as intervencións nelas producidas, foi asinada polo secretario xeral do Pleno e pola alcaldesa presidenta.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac7729232221313772738.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-2-2024

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR as actas correspondentes as seguintes sesións:

- Sesión extraordinaria celebrada o día 20 de novembro de 2023
- Sesión ordinaria correspondente ao mes de novembro, celebrada o día 30 de novembro.
- Sesión ordinaria correspondente ao mes de decembro de 2023, celebrada o día 28 de decembro de 2023."

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

APROBAR as actas correspondentes as seguintes sesións:

- Sesión extraordinaria celebrada o día 20 de novembro de 2023.
- Sesión ordinaria correspondente ao mes de novembro, celebrada o día 30 de novembro de 2023.
- Sesión ordinaria correspondente ao mes de decembro de 2023, celebrada o día 28 de decembro de 2023.

A) PARTE RESOLUTIVA

DESENVOLVEMENTO LOCAL

2/19 PROPOSTA AO PLENO PARA A ADHESIÓN DO CONCELLO DE LUGO Á
--

REDE DE DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES (RED DTI).

- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, do 5 de febreiro de 2024, conformada polo secretario xeral do Pleno accidental e polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Dinamización Económica e que seguidamente se transcribe:

“Instruído expediente: Adhesión do Concello de Lugo á “REDE DE DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES (REDE DTI)” – ORGANIZACIÓN DE CARÁCTER SUPRAMUNICIPAL.

A Rede de Destinos Turísticos Intelixentes (ORGANIZACIÓN DE CARÁCTER SUPRAMUNICIPAL) é unha ferramenta ao servizo da implantación do modelo de destinos turísticos intelixentes é unha iniciativa da Secretaría de Estado de Turismo (Ministerio de Industria e Turismo) para fomentar o intercambio de experiencias e coñecemento que contribúa ao desenvolvemento intelixente dos destinos turísticos.

A constitución da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes, en febreiro de 2019, supuxo un impulso estratéxico que está a servir como catalizador do programa DTI para a súa consolidación e como instrumento clave para garantir o liderado de España no deseño e execución de políticas públicas de turismo a nivel local.

Esta experiencia foi unha das grandes apostas da Secretaría de Estado de Turismo nos últimos anos, grazas á cal, España está a consolidarse como líder na implantación dunha metodoloxía para a transformación dos destinos cara a un novo modelo de xestión turística baseado na gobernanza, a sustentabilidade, a accesibilidade, a innovación e a tecnoloxía como eixes vertebradores.

A Rede de Destinos Turísticos Intelixentes constitúe un punto de encontro e apoio aos destinos no seu proceso de transformación cara a un modelo de xestión intelixente, dixital e un desenvolvemento turístico máis sustentable. Trátase dunha das actuacións clave para achegar valor aos destinos, ademais de dar seguimento aos proxectos a partir do diagnóstico para favorecer a cohesión, o intercambio de boas prácticas e o aproveitamento de sinerxías entre destinos.

A Secretaría de Estado de Turismo lidera a coordinación e xestión desta iniciativa creada cos seguintes obxectivos:

- Promover a conversión dos destinos turísticos españois a destinos intelixentes e a súa adhesión á Rede.
- Fomentar a colaboración público-público e público-privada no desenvolvemento de produtos, servizos e actuacións dos destinos turísticos intelixentes.

- Contribuír a garantir o liderado de España en materia de intelixencia turística a través das actuacións que realice a Rede.
- Garantir a calidade e a evolución do proxecto DTI.

A Rede DTI é un proxecto ambicioso e de longo percorrido que pretende promover un novo marco de referencia para consolidar os niveis de desenvolvemento e competitividade do modelo turístico español actual, á vez que se poñen as bases para o que será un novo modelo baseado en innovación, coñecemento, tecnoloxía, accesibilidade e gobernanza compartida entre a Administración central, a autonómica e a local.

Para alcanzar estes obxectivos e desenvolver as súas funcións correctamente, a Rede de Destinos Turísticos Intelixentes conta cunha estrutura na que participan e están representados todos os membros que a integran, e que é igualmente acorde aos compromisos adquiridos coa súa adhesión.

Órganos fundamentais de xestión da REDE:

Liderada e presidida permanentemente pola Secretaría de Estado de Turismo, a Rede conta con dous órganos fundamentais de xestión que garanten e impulsan a gobernanza da Rede: a **Comisión Plenaria**, como órgano representativo e de control de cumprimento do protocolo, e a **Comisión Executiva** como órgano executor para asegurar o correcto cumprimento deste.

Ambos os órganos apóianse nunha **Secretaría Técnica**, que recae en SEGITTUR, que lles proporciona asistencia asegurando e garantindo a execución e posta en marcha das súas decisións.

Os membros da Rede teñen a oportunidade de participar nas súas actividades a través dos diferentes grupos de traballo, encontros foros, así como de ter contacto e acceso á información de interese nas diferentes materias dos eixes dun DTI. A Secretaría da Rede DTI, que recae en SEGITTUR, é a encargada de organizar e coordinar todas as actividades que se desenvolven para os membros que integran a Rede DTI.

Acceso aos seguintes servizos polos membros da REDE desde que se formaliza a adhesión:

- Asistencia na implantación do modelo DTI: diagnóstico e plan de acción.
- Boletíns informativos e de escoita activa.
- Catálogo de provedores de solucións e servizos tecnolóxicos para xestores públicos.
- Grupos de traballo.
- Webinars e titoriais.
- Bases de datos de axudas, subvencións e financiamento, nacional e internacional.

- Asesoramento en convocatorias da UE.
- Programa de formación e capacitación en materias relacionadas cos eixes da metodoloxía DTI.
- Servizo de noticias e repositorio de estudos e publicacións.

O acceso a estes servizos, entre outros, estará condicionado á tipoloxía de membro á que pertenza a entidade adherida á Rede DTI.

Tipos de membros segundo o protocolo xeral da Rede:

- **Membros titulares:** entidades locais, conforme a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que teñan recoñecida a condición de destino turístico intelixente, e aquelas que iniciasen o proceso de conversión nun destino turístico intelixente segundo a metodoloxía aplicada por SEGITTUR coa elaboración do diagnóstico e plan de acción.
- **Membros institucionais:** as administracións públicas e os seus entes, organismos e entidades non incluídas no punto anterior, así como as asociacións, federacións e agrupacións de administracións e/ou entidades públicas, relacionadas cos DTI que traballan en ámbitos relacionados coa metodoloxía DTI.
- **Membros colaboradores:** persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, non comprendidas nos puntos anteriores, que polo seu coñecemento e ámbito de traballo poden achegar valor ao desenvolvemento dos DTI.

Adicionalmente, o Regulamento de funcionamento dos órganos de xestión da Rede DTI recolle a figura dos **observadores internacionais** sen voz nin voto, pero que poderán participar en cantas sesións de traballo e/ou reunións organice a Rede DTI, nas que non se exclúa expresamente tal participación.

Membros da REDE:

A día de hoxe, a Rede DTI está integrada por 538 membros, dos que 386 son membros titulares, 72 membros institucionais, 74 empresas colaboradoras e 6 observadores internacionais.

Os **membros titulares** deberán ben ter recoñecida a condición de destinos turístico intelixente ou estar en proceso de conversión de acordo coa metodoloxía DTI ou ben comprometerse ao desenvolvemento dunha estratexia de conversión no curto prazo.

Obrigacións económicas dos membros da REDE:

Actualmente, a adhesión non comporta ningún compromiso económico, pero os destinos que se adhiren á Rede DTI confirman coa súa solicitude o seu compromiso por iniciar a curto ou medio prazo o proceso de conversión a destino turístico intelixente segundo a metodoloxía da Secretaría de Estado de Turismo a través dos

traballos de diagnóstico e plan de acción que si teñen un custo asociado. A mera adhesión á Rede DTI non supón en ningún caso ser un destino turístico intelixente, pero si é unha mostra dun primeiro compromiso do destino co modelo DTI. Unicamente, son recoñecidos co distintivo de destino turístico intelixente aqueles destinos que obteñen unha puntuación igual ou superior ao 80% no grao de cumprimento dos requisitos previstos na metodoloxía DTI, e co distintivo de destino turístico intelixente adherido aqueles que realizaron o diagnóstico obtendo unha puntuación inferior ao 80%. No caso dos membros titulares, a adhesión á Rede DTI de membros titulares é aprobada no seo da comisión executiva.

CONSIDERANDO que dentro das dez políticas panca e trinta compoñentes que contempla o marco xeral do **Plan de recuperación, transformación e resiliencia**, na política panca V modernización e dixitalización do tecido industrial e da peme, recuperación do turismo e impulso a unha España nación emprendedora, se encadra o compoñente 14, que incorpora un Plan de modernización e competitividade do sector turístico, no que se prevé a modernización do sector turístico español desde unha perspectiva integral. Para iso, no Plan de recuperación transformación e resiliencia fixouse que esta medida contaría con elementos diferenciados: prevíuse a elaboración da estratexia de sustentabilidade turística en destinos, que sentaría as bases para a estruturación, planificación, desenvolvemento e avaliación da actuación da administración turística para transformar os destinos, de acordo con criterios sustentables e aliñados cos ODS da Axenda 2030. A estratexia contería: 1) unha relación das categorías de destino turístico en España, cunha clasificación pola súa natureza e características; 2) unha definición de obxectivos xerais e específicos do Plan en relación coa sustentabilidade; 3) a estruturación de distintas actuacións para fortalecer as debilidades e potenciar as fortalezas das categorías de destino.

CONSIDERANDO que o Concello de Lugo concorreu á **convocatoria extraordinaria de plans territoriais de sustentabilidade turística en destino**, presentando un **proxecto baixo o título de “...Et edendo Lucus: Un percorrido histórico pola enogastronomía”**, sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixes que recollía a convocatoria.

CONSIDERANDO que a execución do proxecto de referencia se realiza a través do **“CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE LUGO “...ET EDENDO LUCUS: UN PERCORRIDO HISTÓRICO POLA ENOGASTRONOMÍA” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU”**, asinado polas partes o 17 de xullo de 2023, cun importe de 2.000.000 €

CONSIDERANDO que un dos obxectivos propostos dentro da execución do PSTD de Lugo se concreta na creación dun observatorio turístico con capacitación no uso

de datos, e tendo en conta que para a súa consecución sería oportuna a realización do diagnóstico DTI por parte de SEGITTUR, esta auditoría orientaría sobre as medidas para implantar para a certificación da cidade como destino intelixente, e especificamente nas actuacións recomendadas para a medición de datos de afluencia turística na cidade, traballando posteriormente aliñados coa plataforma de SEGITTUR, que garanta a viabilidade futura do observatorio máis aló do Plan.

CONSIDERANDO que a adhesión por parte deste Concello de Lugo á REDE DTI supón a posibilidade de concorrer a convocatorias de subvencións que se están abrindo na actualidade, e que van dirixidas concretamente para aquelas entidades que integran a REDE DTI. Por iso é polo que a FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias) anime ás diferentes entidades locais a que se adhiran á referida REDE, incrementándose para estas, e desta maneira, as opcións de percibir financiamento externo para a realización de proxectos, a través das diferentes axudas que se vaian convocando.

CONSIDERANDO que o protocolo xeral de actuación para a participación, impulso, apoio e promoción da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes (Rede DTI) foi asinado en Madrid, España, o 13 de xullo de 2023, e que ten por obxecto contribuír a establecer entre os seus membros as vías de cooperación necesarias para o impulso, promoción e apoio da Rede DTI, e promover o desenvolvemento de actividades conxuntas, e a colaboración e a transferencia de coñecemento, entre outros fins, nos ámbitos da sustentabilidade, a accesibilidade, a innovación, a gobernanza e a tecnoloxía.

CONSIDERANDO que a cláusula sétima do protocolo estipula que poderán solicitar a súa adhesión á Rede DTI os destinos turísticos e institucións públicas ou privadas pertencentes á industria turística, tecnolóxica ou outras industrias conexas que desexen contribuír aos obxectivos e actividades obxecto do devandito protocolo, baixo as modalidades de: membros titulares; membros institucionais; e membros colaboradores.

CONSIDERANDO que poderán ser membros titulares as entidades locais, de conformidade coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que teñan recoñecida a condición de destino turístico intelixente, e aquelas que iniciasen o proceso de conversión nun destino turístico intelixente segundo a metodoloxía aplicada por SEGITTUR coa elaboración do diagnóstico e plan de acción.

Este Concello de Lugo **manifesta** o seu desexo de contribuír aos obxectivos e actividades obxecto do protocolo xeral de actuación para a participación, impulso, apoio e promoción da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes (REDE DTI) o seu compromiso de adhesión ao código ético da Rede DTI.

Tendo en conta todo o anterior, **proponse que o Pleno municipal** (pois é da súa competencia a adopción dos acordos relativos á participación en organizacións

supramunicipais, segundo o disposto no artigo 123.1. f) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local”), ACORDE:

PRIMEIRO.- Aprobar a incorporación do Concello de Lugo, como membro titular, á “**REDE DE DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES (REDE DTI)**”, subscribindo o documento denominado instrumento de adhesión ao protocolo xeral de actuación (asinado o 13 de xullo de 2023) para a participación, impulso, apoio e promoción da REDE DTI para membros titulares, e cuxo teor literal a continuación se transcribe:

“Instrumento de adhesión á Rede DTI para membros titulares e institucionais”

MODELO DE INSTRUMENTO DE ADHESIÓN AO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN, IMPULSO, APOIO E PROMOCIÓN DA REDE DE DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES (REDE DTI) PARA MEMBROS TITULARES

O (Concello/Deputación/Mancomunidade/Consell/Cabido) de con CIF , e domicilio na rúa , nº , CP do (municipio) , situado na provincia de representado pola súa alcalde/esa presidente/a D. /D^a. , nomeado por acordo do que o interesado declara vixente ao día da data, *CONSIDERANDO* que o protocolo xeral de actuación para a participación, impulso, apoio e promoción da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes (Rede DTI) foi asinado en Madrid, España, o 13 de xullo de 2023, e que ten por obxecto contribuír a establecer entre os seus membros as vías de cooperación necesarias para o impulso, promoción e apoio da Rede DTI, e promover o desenvolvemento de actividades conxuntas, e a colaboración e a transferencia de coñecemento, entre outros fins, nos ámbitos da sustentabilidade, a accesibilidade, a innovación, a gobernanza e a tecnoloxía.

CONSIDERANDO que a cláusula sétima do protocolo estipula que poderán solicitar a súa adhesión á Rede DTI os destinos turísticos e institucións públicas ou privadas pertencentes á industria turística, tecnolóxica ou outras industrias conexas que desexen contribuír aos obxectivos e actividades obxecto do devandito protocolo, baixo as modalidades de: membros titulares; membros institucionais e membros colaboradores.

CONSIDERANDO que poderán ser membros titulares as entidades locais, conforme a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que teñan recoñecida a condición de destino turístico intelixente, e aquelas que iniciasen o proceso de conversión nun destino turístico intelixente segundo a metodoloxía aplicada por SEGITTUR coa elaboración do diagnóstico e plan de acción.

SEGUNDO.- Adquirir o compromiso por parte do Concello de Lugo de aplicar o código ético da Rede DTI, que recolle os principios compartidos polos membros que a integran, permitíndolles identificarse e recoñecerse máis aló da súa distinta natureza, como membros da Rede DTI cohesionados por uns valores que guíen as actuacións que levan a cabo en cada un dos seus ámbitos de traballo. Igualmente,

ao Concello de Lugo seralle de aplicación o Regulamento de funcionamento dos órganos de xestión da REDE DTI.

TERCEIRO.- Actualmente, a adhesión non comporta ningún compromiso económico, pero os destinos que se adhiren á Rede DTI confirman coa súa solicitude o seu compromiso por iniciar a curto ou medio prazo o proceso de conversión a destino turístico intelixente segundo a metodoloxía da Secretaría de Estado de Turismo a través dos traballos de diagnóstico e plan de acción.

CUARTO.- Facultarlle á Excm. Sra. alcaldesa - presidenta para que, en representación do Concello de Lugo, proceda ao outorgamento dos actos e negocios xurídicos precisos e á firma dos documentos notariais e/ou administrativos necesarios para a incorporación do Concello de Lugo á **“REDE DE DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES (REDE DTI)”**.

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Ordinaria de Dinamización Económica e Cohesión Social, emitido na sesión celebrada o día 23 de febreiro de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	25	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a incorporación do Concello de Lugo, como membro titular, á **“REDE DE DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES (REDE DTI)”**, subscribindo o documento denominado instrumento de adhesión ao protocolo xeral de actuación (asinado o 13 de xullo de 2023) para a participación, impulso, apoio e promoción da REDE DTI para membros titulares, e cuxo teor literal a continuación se transcribe:

“Instrumento de adhesión á Rede DTI para membros titulares e institucionais”

MODELO DE INSTRUMENTO DE ADHESIÓN AO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN, IMPULSO, APOIO E PROMOCIÓN DA REDE DE DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES (REDE DTI) PARA MEMBROS TITULARES

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac7729232221313772738.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-2-2024

O (Concello/Deputación/Mancomunidade/Consell/Cabido) de con CIF , e domicilio na rúa , nº , CP do (municipio) , situado na provincia de representado pola súa alcalde/esa presidente/a D. /Dª. , nomeado por acordo do que o interesado declara vixente ao día da data,

CONSIDERANDO que o protocolo xeral de actuación para a participación, impulso, apoio e promoción da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes (Rede DTI) foi asinado en Madrid, España, o 13 de xullo de 2023, e que ten por obxecto contribuír a establecer entre os seus membros as vías de cooperación necesarias para o impulso, promoción e apoio da Rede DTI, e promover o desenvolvemento de actividades conxuntas, e a colaboración e a transferencia de coñecemento, entre outros fins, nos ámbitos da sustentabilidade, a accesibilidade, a innovación, a gobernanza e a tecnoloxía.

CONSIDERANDO que a cláusula sétima do protocolo estipula que poderán solicitar a súa adhesión á Rede DTI os destinos turísticos e institucións públicas ou privadas pertencentes á industria turística, tecnolóxica ou outras industrias conexas que desexen contribuír aos obxectivos e actividades obxecto do devandito protocolo, baixo as modalidades de: membros titulares; membros institucionais e membros colaboradores.

CONSIDERANDO que poderán ser membros titulares as entidades locais, conforme a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que teñan recoñecida a condición de destino turístico intelixente, e aquelas que iniciasen o proceso de conversión nun destino turístico intelixente segundo a metodoloxía aplicada por SEGITTUR coa elaboración do diagnóstico e plan de acción.

SEGUNDO.- Adquirir o compromiso por parte do Concello de Lugo de aplicar o código ético da Rede DTI, que recolle os principios compartidos polos membros que a integran, permitíndolles identificarse e recoñecerse máis aló da súa distinta natureza, como membros da Rede DTI cohesionados por uns valores que guíen as actuacións que levan a cabo en cada un dos seus ámbitos de traballo. Igualmente, ao Concello de Lugo seralle de aplicación o Regulamento de funcionamento dos órganos de xestión da REDE DTI.

TERCEIRO.- Actualmente, a adhesión non comporta ningún compromiso económico, pero os destinos que se adhíren á Rede DTI confirman coa súa solicitude o seu compromiso por iniciar a curto ou medio prazo o proceso de conversión a destino turístico intelixente segundo a metodoloxía da Secretaría de Estado de Turismo a través dos traballos de diagnóstico e plan de acción.

CUARTO.- Facultarlle á Excm. Sra. alcaldesa - presidenta para que, en representación do Concello de Lugo, proceda ao outorgamento dos actos e

negocios xurídicos precisos e á firma dos documentos notariais e/ou administrativos necesarios para a incorporación do Concello de Lugo á **“REDE DE DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES (REDE DTI)”**.

FACENDA LOCAL

3/20 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓNS EN ESTABLO DE VACÚN DE LEITE E FOSA DE PURÍN, EN CONSTRUCCIÓN COA LICENZA URBANÍSTICA EXPEDIENTE NÚMERO 2020/Y001/000215, NO LUGAR DE GUNDÍN, PARROQUIA DE BENADE.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, do 30 de xaneiro de 2024, do teor literal seguinte:

“ASUNTO: Solicitud de declaración de especial interese ou utilidade municipal do proxecto de modificacións en establo de vacún de leite e fosa de purín, en construción coa licenza urbanística expediente número 2020/Y001/000215, no lugar de Gundín, parroquia de Benade, presentada por Ángel Castedo González, en representación de Ganadería Casa Curro SC.

Na data de 28.06.2021, ÁNGEL CASTEDO GONZÁLEZ (NIF 33539270A), en representación de GANADERÍA CASA CURRO SC (CIF J27478981) solicita licenza de obras para modificacións en establo de vacún de leite e fosa de purín, en construción coa licenza urbanística número 2020/Y001/000215, no lugar de Gundín, parroquia de Benade (exp. 2021/Y001/000194).

Con data de 21.10.2021, ÁNGEL CASTEDO GONZÁLEZ (NIF 33539270A), en representación de GANADERÍA CASA CURRO SC (CIF J27478981) presenta escrito no que insta que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal as obras do proxecto de modificacións en establo de vacún de leite e fosa de purín, en construción coa licenza urbanística expediente número 2020/Y001/000215, no lugar de Gundín, parroquia de Benade, para a concesión da bonificación recollida na Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras. (exp. 2021/T028/000333).

Por acordo da Xunta de Goberno Local núm. 20/672, de data de 27.10.2021, acórdase outorgar a licenza urbanística para modificacións en establo de vacún de leite e fosa de purín, en construción coa licenza urbanística expediente número 2020/Y001/000215, no lugar de Gundín, parroquia de Benade, parcela con referencia catastral 27900A346000710000UJ.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac7729232221313772738.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-2-2024

Con data do 20.06.2023, requíreselle ao solicitante para que no prazo de 10 días subsane a falta na solicitude da documentación esixida pola Ordenanza fiscal núm. 202 (exp. 2021/T028/000333).

Con data do 28.06.2023 o interesado achega certificado actualizado da inscrición da explotación agraria con código REAGA G2702803600 (da que é titular o solicitante da licenza) no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), figurando de alta no mesmo (exp. 2021/T028/000333).

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular “a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros”.

O amparo da referida habilitación legal, o artigo 4ºbis.8 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, establece:

“Establécese unha bonificación do 50% da cota do Imposto para as construcións, instalación e obras vinculadas con explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” tales como establos, fosas sépticas, silos almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins. En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.

Esta bonificación non terá carácter acumulativo.

A declaración de “especial interese ou utilidade municipal” corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple. Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A solicitude irá acompañada dun certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras.

Presentada a solicitude e a correspondente documentación, e unha vez completado o expediente co informe do Servizo de Facenda Local, elevarase a correspondente proposta de acordo ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal notificaráselle ao interesado. Unha vez outorgada polo Pleno a declaración de especial interese ou utilidade da construción, instalación ou obra, procederase á concesión da bonificación polo órgano competente. No momento da aprobación da preceptiva licenza de obras, procederase á aprobación da liquidación provisional resultante aplicando a bonificación concedida. Non obstante o anterior, se outorgada a

licenza, aínda non se tivese efectuado a declaración de especial interese ou utilidade municipal instada en prazo polo suxeito pasivo, non se teña solicitado aínda esta, ou non se tivese concedido a bonificación, practicarase unha liquidación provisional conforme ao proxecto presentado ou a valoración efectuada polo Servizo de Arquitectura, procedéndose á devolución da parte que corresponda se posteriormente se outorgase polo Pleno a mencionada declaración e/ou se concedese a oportuna bonificación.”

Visto o informe de Facenda Local de data 12.01.2024, segundo o cal GANADERÍA CASA CURRO SC (CIF J27478981) cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.8 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, e dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

ESTIMAR a solicitude formulada por ÁNGEL CASTEDO GONZÁLEZ (NIF 33539270A), en representación de GANADERÍA CASA CURRO SC (CIF J27478981), procedendo á declaración das obras do proxecto de modificacións en establo de vacún de leite e fosa de purín, en construción coa licenza urbanística expediente número 2020/Y001/000215, no lugar de Gundín, parroquia de Benade, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 23 de febreiro de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto a directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	25	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

ESTIMAR a solicitude formulada por ÁNGEL CASTEDO GONZÁLEZ (NIF 33539270A), en representación de “GANADERIA CASA CURRO SC” (CIF J27478981), procedendo á declaración das obras do proxecto de modificacións en establo de vacún de leite e fosa de purín, en construción coa licenza urbanística expediente número 2020/Y001/000215, no lugar de Gundín, parroquia de Benade,

como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

INTERVENCIÓN

4/21 RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 1/2024. REPARO 3/2024.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 15 de febreiro de 2024, do seguinte teor literal:

**“Asunto: Tramitación de aprobación de facturas
Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O)
Reparo Núm 3-2024: Art 216.2 c) Recoñecemento extrajudicial 1-2024
IMPORTE TOTAL: 99.614,70€
IMPORTE BASE IMPOÑIBLE FACTURA: 82.336,26 €
IVE DE CARÁCTER NON DEDUCIBLE: 17.278,44 €
IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 00,00 €
IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2024: 99.614,70 €**

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ao departamento de contabilidade municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ao orzamento, por importe total de **99.614,70 €**

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de Área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2024, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da contabilidade municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da contabilidade municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **99.614,70 € (contía imputable ao orzamento: 99.614,70 €)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo

como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref 2024/104, do 08.02.2024 relativo ao expediente de administrativo de reparo 3-2024, coas consideracións nel contidas e o decreto de levantamento de reparo núm. 1264/2024 do 12.02.2024, e visto o informe de fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial 1/2024, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **99.614,70 €**:

COD	PROVEDOR	NUM_FACT	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_NON_DED	TOTAL	ÁREA
93471	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137012882003	1/6/2022	Termo fixo-Consumo gas- Imposto especial sobre hidrocarburos 25/02/2022 - 25/03/2022 122.75 4 kWh x 0,002340 EUR/kWh-Aluga	93301.22102	202400005332	22.798,17	4.787,62	27.585,79	ENXEÑERÍA
93472	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137012882061	1/6/2022	Termo fixo-Consumo gas 26/03/2022 - 31/03/2022- Consumo gas 0 1/04/2022 - 28/04/2022-Imposto especial sobre hidrocarburos	93301.22102	202400005332	14.129,26	2.967,14	17.096,40	ENXEÑERÍA
93473	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137013070355	5/6/2022	Termo fixo-Consumo gas 31/03/2022 - 31/03/2022- Consumo gas 0 1/04/2022 - 31/05/2022-Imposto especial sobre hidrocarburos	93301.22102	202400005332	337,36	70,85	408,21	ENXEÑERÍA
93474	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137013098183	5/6/2022	Termo fixo-Consumo gas- Imposto especial sobre hidrocarburos 29/04/2022 - 25/05/2022 55.721 kWh x 0,002340 EUR/kWh-Alugame	93301.22102	202400005332	6.121,42	1.285,50	7.406,92	ENXEÑERÍA
93475	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137014259102	19/6/2022	Termo fixo-Consumo gas- Alugame nto de contador 13/05/2022 - 1 3/06/2022 1 UN x 20,23 EUR-	93301.22102	202400005332	31,00	6,51	37,51	ENXEÑERÍA
93476	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137014304494	19/6/2022	Termo fixo-Consumo gas- Imposto especial sobre hidrocarburos 13/05/2022 - 13/06/2022 2.541 kWh x 0,002340 EUR/kWh-Alugame	93301.22102	202400005332	143,63	30,16	173,79	ENXEÑERÍA
93477	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137014304500	19/6/2022	Termo fixo-Consumo gas- Imposto especial sobre hidrocarburos 13/05/2022 - 13/06/2022 4.080 kWh x 0,002340 EUR/kWh-Alugame	93301.22102	202400005332	228,17	47,92	276,09	ENXEÑERÍA
93482	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137015225065	30/6/2022	Termo fixo-Consumo gas- Imposto especial sobre hidrocarburos 30/04/2022 - 22/06/2022 2.037 kWh x 0,002340 EUR/kWh-Alugame	93301.22102	202400005332	125,21	26,29	151,50	ENXEÑERÍA
93485	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137013212860	8/6/2022	Importe por peajes de transpor- te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202400005333	110,75	11,08	121,83	ILUMGASN

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac7729232221313772738.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-2-2024

93935	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137013100297	5/6/2022	Termo fixo-Consumo gas-Aluguer unidade remota-	93301.22102	202400005341	142,35	29,89	172,24	ILUMGASN
94022	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137015435574	3/7/2022	Termo fixo-Consumo gas-Imposto especial sobre hidrocarburos 03/05/2022 - 27/06/2022 6.967 kWh x 0,002340 EUR/kWh-Alugame	93301.22102	202400005341	382,49	80,32	462,81	ILUMGASN
94025	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137015585232	6/7/2022	Termo fixo-Consumo gas-Imposto especial sobre hidrocarburos 26/05/2022 - 27/06/2022 28.035 kWh x 0,002340 EUR/kWh-Alugame	93301.22102	202400005341	3.634,42	763,23	4.397,65	ILUMGASN
94026	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137015628889	7/7/2022	Termo fixo-Consumo gas-Aluguer unidade remota-	93301.22102	202400005341	142,18	29,86	172,04	ILUMGASN
94032	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137017419708	29/7/2022	Termo fixo 02/12/2021 - 31/12/2021-Termo fixo 01/01/2022 - 08/02/2022-Consumo gas 02/12/20 21 - 31/12/2021-Consumo gas 01	93301.22102	202400005341	1.529,11	321,11	1.850,22	ILUMGASN
94033	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137017419736	29/7/2022	Termo fixo-Consumo gas 11/03/2 022 - 31/03/2022-Consumo gas 0 1/04/2022 - 09/05/2022-Imposto especial sobre hidrocarburos	93301.22102	202400005341	1.197,31	251,44	1.448,75	ILUMGASN
94034	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137017419783	29/7/2022	Termo fixo-Consumo gas-Imposto especial sobre hidrocarburos 13/01/2022 - 11/02/2022 59.990 kWh x 0,002340 EUR/kWh-Alugame	93301.22102	202400005341	2.871,38	602,99	3.474,37	ILUMGASN
9/26 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 71/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REGULARIZACIÓN E AMPLIACIÓN URGENTE DAS ACTUAIS INSTALACIÓNS DA PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE LUGO (Exp. 2024/G004/000091).

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“Desde hai anos a situación da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo é crítica. A falta de recursos é un problema constante dentro do día a día da actividade da Protectora. Precísanse mais recursos económicos, recursos humanos e fundamentalmente unhas instalacións dignas para albergar aos animais.

Actualmente as instalacións atópanse en Muxa, sendo titularidade da Deputación Provincial de Lugo, cedidas á Protectora. De media diaria albergan entre 30-40 gatos e sobre 300-350 cans, chegando a picos de máis de 500 animais albergados nalgúns momentos do ano. É por iso que se fai imprescindible a ampliación desta instalación, para garantir que teña unha capacidade adaptada a realidade, e así poder albergar na contorna de 500 cans e 100 gatos.

Así mesmo, é necesario que dende o Concello de Lugo se fagan campañas para concienciar á poboación sobre a adopción e tenencia de animais de maneira responsable.

No ano 2018 a Deputación Provincial de Lugo iniciou un proxecto para a regularización e ampliación das instalacións da Protectora, proxecto que paralizou tempo despois alegando publicamente problemas coas autorizacións. Actualmente non existe constancia de ningún tipo de impedimento normativo que impida a ampliación ou regularización da instalación na localización actual.

Tras conversas e reunións cos representantes da Protectora de Animais e Plantas, e diferentes administracións, nos trasladan que a opción mais viable para o futuro desta sociedade é a regularización e ampliación das instalacións actuais, dado que non só teñen unha localización idónea, senón que o tamaño da parcela permite a ampliación das mesmas e ter un amplo espazo exterior para que os animais e os coidadores poidan aproveitalos para paseos e esparexemento, tan necesario para o benestar dos animais.

A pesar de que a competencia do coidado dos animais é exclusiva municipal, dende o GMPP entendemos que todas as administracións se deben implicar, por elo propoñemos a implicación do Concello de Lugo, da Deputación Provincial de Lugo e da Xunta de Galicia, para impulsar de xeito urxente dun proxecto de Regularización e ampliación das instalacións actuais garantindo unha capacidade e medio dignos para o día a día dos animais. Todo elo sen descartar a posibilidade de poder concorrer ao financiamento a través de Fondos Europeos para garantir a mellora do trato dos animais.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

Que Concello de Lugo, Deputación Provincial de Lugo e da Xunta de Galicia impulsen de xeito urxente un proxecto de Regularización e ampliación das instalacións actuais da Sociedade protectora de Animais e Plantas, garantindo unha maior capacidade de acollida, así como unhas instalacións e medios dignos para o día a día dos animais.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac7729232221313772738.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-2-2024

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** A proposición do Partido Popular, quen a vai defender? Que non ten pedida a palabra, por iso non sabía. Moi ben. Señora Carballas.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Gracias, alcaldesa. Hoy traemos esta proposición a pleno porque desde hace años la situación de la Sociedad Protectora de Animales y Plantas de Lugo es crítica. La falta de recursos es un problema constante dentro del día a día de la actividad de la protectora.

Nuestra proposición es clara. Se necesitan más recursos económicos, humanos y, fundamentalmente, unas instalaciones dignas para albergar a los animales que están allí Las instalaciones están situadas en Muxa, son titularidad de la Diputación y están cedidas a la protectora. Tal y como marca la ley de bienestar animal, el responsable máximo en materia de bienestar y que debe velar por que los animales que están allí estén en unas condiciones dignas es el Concello de Lugo. Pero la realidad es diferente. Las instalaciones son insuficientes y están muy deterioradas, lo que provoca que los perros y gatos que están allí estén hacinados. En caniles donde debería haber 3 o 4 perros hay 7 u 8 y apenas pueden salir a pasear. Gracias a la labor de los voluntarios salen los que tienen suerte media hora a la semana. Esto les provoca problemas de movilidad, torsiones intestinales y un gran nivel de estrés, que acaba desencadenando en peleas.

Vila tuvo suerte. La atacaron, pero parece que se recuperará. En muchos otros casos os podeis imaginar el final.

Los perros tienen úlceras en las patas por la humedad que hay en los caniles. Como están encerrados, hacen sus necesidades dentro mezclándose con el agua y la comida.

Los caniles de cuarentena han pasado a ser caniles permanentes por la falta de espacio y los perros y los perros que llegan tienen que cumplir una cuarentena en unas jaulas muy pequeñas situadas a la entrada.

En estas jaulas los perros grandes apenas se pueden poner en pie. Y la verdad es que me gustaría poder llamarles caniles de cuarentena, pero es que son jaulas.

Imaginos lo que debe sentir un perro que ha sido maltratado, abandonado, que está perdido y con miedo, cuando llega a un sitio que no conoce y encima lo encierran

día tras día en una jaula de la que no puede salir y en la que apenas se puede mover.

Los gatos también están encerrados en jaulas permanentemente y a esa parte de la protectora no llega ni siquiera el agua corriente. Aun hay zonas con uralita.

En el año 2018, la Diputación Provincial de Lugo inició un proyecto para la regularización y ampliación de las instalaciones de la Protectora, proxecto que se paralizó tiempo después, alegando públicamente problemas con las autorizaciones por parte de la Confederación Hidrográfica.

Actualmente no existe constancia de ningún tipo de impedimento que no permita la ampliación y regularización de las instalaciones en la ubicación actual. Esta ubicación es la opción más viable para el futuro de la protectora y así nos lo han manifestado tanto la directiva, socios y voluntarios.

La parcela tiene un tamaño de 41.555 metros cuadrados, por lo que permitiría ampliar las instalaciones y quedaría un gran espacio exterior para paseos y esparcimientos.

Además el proyecto de legalización y ampliación de las instalaciones sería mucho más ágil que esperar a la llegada de unos hipotéticos fondos europeos.

Pero hay que hacer más. Lo principal para prevenir el abandono es concienciar y desde la protectora hacen campañas para concienciar sobre la adopción y tenencia responsable de animales. Pero los medios humanos, que son insuficientes, no les permiten hacer tantas como les gustaría. Por eso necesitan más ayuda y colaboración.

Pese a que estamos hablando de una competencia exclusivamente municipal, proponemos soluciones claras.

No queremos que sigan pasando los años y esto siga paralizado como hasta ahora. No queremos que este debate se convierta en una guerra entre partidos ni en un "y tú más".

Quiero dejar claro que este no es el objeto de esta moción, así que les pediría a los o las representantas del PSOE y BNG que tuvieran altura de miras y no entren en bucle a echarse o a echarnos las culpas unos a otros, porque ya sé que van a empezar con un baile de cifras, pero estamos en Lugo, hablando de una competencia exclusivamente municipal.

Por ello insisto, por respeto a los lucenses y voluntarios, céntrense en el objeto de la moción. El objeto de esta moción es llegar a un acuerdo por el bien de los animales que están en la protectora, sin intereses partidistas.

Por eso desde el grupo municipal del Partido Popular llamamos a las tres puertas que hay que llamar. Concello de Lugo, Diputación de Lugo y Xunta de Galicia. Desde la Xunta de Galicia ya tenemos el compromiso. El martes salió aprobada la moción en la Diputación de Lugo.

Y yo les pido que voten a favor de esta moción y que en el Concello de Lugo también se asuma su compromiso. Muchas gracias.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Carballas. Doulle a palabra ao voceiro do BNG.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Bo día e moitas grazas. A verdade que me alegro desa frase que di a voceira do Partido Popular, de que estaría ben non entrar en guerras políticas nin partidistas, porque isto é precisamente o necesario, porque aquí se teñen debatido bastantes cuestións sobre benestar animal. Non hai poucos anos que, dende esta mesma bancada do Partido Popular, se me chamou a min animalista radical por propoñer cousas como que Lugo fose unha cidade libre de touradas ou que non se permitisen circos nos que se maltratan animais. Daquelas era un animalista radical e hoxe pois parece, parece de primeiras, que se cambia o discurso do Partido Popular.

E parece de primeiras, iso pensaba ata hai unha hora, cando acabamos de recibir unha enmenda a unha moción a respecto da defensa do sector agrario, na que o Partido Popular pide que se volvan asasinar lobos... Pídeo directamente, que se recupere a autorización para asinar lobos, algo que agora mesmo estaba protexido. Parece que nos preocupan os cans domésticos, pero os cans salvaxes que leven escopeta. Iso é o que acaba de propoñer o Partido Popular hai unha hora, que me parece a verdade bastante indignante.

En todo caso, benvido sexa este parece que intento de cambio de deriva, aínda que me gustaría saber se non é máis por gañar catro votos a raíz da crispación, como vimos hai dous meses, que porque realmente se crea niso.

Nós, en todo caso, imos seguir defendendo como sempre o fixemos, o benestar animal, porque o levamos facendo moitos anos dende o noso grupo en tódolos eidos. Como dicía antes, varios e, como este, tamén debe ser.

Pero debémolo facer de verdade e non buscando crispación nin buscando oportunismo. E aí é onde está o quid da cuestión. En que temos que buscar precisamente a solución para que os cans da protectora estean nas mellores condicións posibles. E debemos buscar solucións, porque imaxinémonos por un momento que hoxe aprobamos algo, que pode estar moi ben e que debe estar moi ben, e que sexa irrealizable. Imos imaxinar iso durante uns segundos. Vou deixar uns segundos de silencio e ímolo pensar, que imos a probar algo que despois non se pode realizar.

Que estaríamos facendo? Levarnos á crispación. Polo tanto, o que temos é que buscar algo que realmente si que se poida solucionar e que se poida executar de forma legal. Vaino agora explicar na seguinte quenda o concelleiro de Medio Ambiente, das razóns reais de como se debe buscar a solución para que a protectora, para que os cans da protectora, teñan un espazo digno, porque senón o que nos imos meter, e temos que ser conscientes, e quero que nadie quere iso, é que nos imos meter nunha lea dun ano de aprobar algo e que despois sexa imposible de executar.

Porque xa vos adianto unha cousa, podemos estar na situación de que aprobar este concepto sexa o mesmo que aprobar a construción dun refuxio enriba do río Miño a nivel legal. A nivel legal podemos atoparnos na mesma situación, ímolo ver agora, ímolo ver durante este proceso.

Polo tanto, eu creo que o que se necesita é axilidade, non meternos nun bucle do que non imos poder despois saír.

Efectivamente, esta semana o BNG votou a favor na Deputación desta moción, porque o que se quere precisamente é que se solucione, pero é diferente do que se pode observar e o que se pode analizar dentro do Concello, e aquí estamos 25 concelleiros e concelleiras, que podemos acceder directamente aos técnicos municipais. Creo que o deberíamos facer todas e todos, estamos obrigados á hora de defender algo, para garantir que o que se propón aquí se pode realizar.

E, por certo, alégrome, e alégrome de verdade, que hoxe en día o Partido Popular defenda que a Xunta se poida involucrar neste proxecto, porque ademais temos que ter en conta que esta protectora non só alberga o Concello de Lugo, senón que alberga oito concellos e, polo tanto, precisamos axuda de todas e todos para que se poida levar adiante.

E xa sen máis vou seguir coa intervención do vindeiro turno, porque agora vai falar o concelleiro de Medio Ambiente.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Doulle a palabra ao voceiro do grupo municipal Socialista, Miguel Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Moitas grazas. Bo día a todos e a todas. E tamén benvidos aos membros da Protectora. Dende este concello, como se sabe, levamos anos facendo un esforzo orzamentario moi importante en relación á protectora, incluso incrementando as achegas. Pasando no ano 2016 dos 60.000 euros aos 200.000 actuais, ao que hai que engadir, ademais, os 15.000 euros que achegamos para a Asociación Michos, precisamente para o control das colonias de felinos. Todo o cal suma un total de 215.000 euros ao ano ou, o que é o mesmo, 1.125.000 euros nos últimos cinco anos. É dicir, que este Concello aporta á Protectora de animais e plantas nos últimos cinco anos, 1.125.000 euros.

A maiores de todo iso, como saben, asinouse no seu día un convenio de colaboración coa Deputación Provincial para mellorar as instalacións de Muxa. Ampliación, que non resultou urbanisticamente posible, como xa se ten manifestado en máis dunha ocasión.

Non o foi daquela, señora Carballas, nin o é agora tampouco, por moito que vostedes, por descoñecemento, ou por demagogia ou oportunismo, veñan agora aquí solicitando. Miren, o que nos piden, escoitarme ben, é directamente unha ilegalidade. Se non o saben, mal. Se o saben e non o din, moito peor. Mire, a Protectora do Lugo, segundo o informe da Confederación Hidrográfica, atópase nunha parcela propiedade de protección provincial, na que se detectou a existencia dun cauce fluvial intermitente, e as instalacións actuais atópanse exactamente enriba do devandito cauce ou, o que o mesmo, en zona de dominio público hidráulico. E, por tanto, calquera mellora da mesma, atendendo á lei de Augas e o regulamento, non sería autorizable.

A Directiva Marco da Auga ten como obxectivo principal a prevención de todo deterioro adicional dos sistemas acuáticos, así como a protección e mellora do estado dos mesmos. Por iso, calquera actuación que se solicite no dominio público hidráulico deberá seguir criterios da mínima intervención. Isto é, actuacións

menores de consolación e mantemento, tanto no propio dominio como na súa zona de policía, pero sen aumento de dimensións.

É dicir, sería posible na actual parcela, pero noutra localización da mesma e gardando a distancia de servidume regulamentada, facer unha nova construción, ou intervir, ou intervir, ou intervir, ou intervir na actual para conservala, pero nunca, nunca, para ampliála, que é o que vostedes propoñen nesta proposición. Por esa mesma cuestión, por esa mesma cuestión, por esa mesma cuestión, se debateu... (voces de fondo) ... Vostedes están pedindo unha nova intervención.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** ¡Por favor! ¡Por favor, dejen concluír al concelleiro!

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Calquera dos presentes sabe que eu nunca interrompo a ninguén que escoito con moito intereses. Pídlolles exactamente que fan iso comigo. E o que lles digo é por esa cuestión se desbotou no 2019 reformar o inmovble e se estudou a posibilidade de trasladalo a outra localización.

E, como saben, a maiores temos redactado un magnífico e ambicioso proxecto para o novo matadoiro municipal, que non...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Los voy a llamar al orden. Por favor, un poco de educación...

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Que me respecten o tempo, polo menos. ...Que non acadou os fondos europeos, efectivamente, para os nosos técnicos din que temos grandes posibilidades de conseguilo nesta segunda convocatoria. En todo caso, seguiremos buscando financiamento na administración que corresponda e, mentras tanto, man tendida á Protectora animais, porque, como ben sabe o señor presidente, hai un tempo solicitámoslle unha estimación de custos para poder mellorar as condicións actuais da instalación que, neste momento, de momento non se nos trasladou, pero el pode dicilo, se efectivamente lle solicitamos iso. É máis, poñámonos en contacto coa propia Diputación Provincial para pedirlle colaboración neste tema que podo dicirlle que si, que sempre que falamos da protectora a Deputación móstrase positivo.

Por tanto, o que non se están pedindo hoxe nos medios de comunicación, pois directa ou indirectamente xa o estamos facendo. E mentres... Acabóuseme o tempo, na segunda intervención explicáreilles ese compromiso que di ter o Partido Popular co benestar animal e, sobre todo, coa protectora e con Lugo.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a señora Carballas.

- **DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Señor Arroxó, usted como siempre mezclando temas. Le voy a leer la moción, porque le gusta mucho enredar y por ahí no lo voy a pasar.

Lo que nosoutros presentamos es demandar "ao goberno central a retirada do lobo da lei e transferencia de fondos comprometidos a Galicia para a prevención da compensación dos danos causados pola fauna salvaxe: xabaril, lobo". No enrede y no mienta. Que es que están siempre igual.

Nos hubiera encantado no tener que presentar esta moción, pero es que no hacen nada. No reaccionan. Desde que se firmó el convenio con el compromiso de las obras en el año 2018 ya hace 6 años ustedes no han hecho nada de nada, lo único que hicieron, señores del PSOE, señores del BNG, es enredar y mentir: enredar y mentir como hacen siempre.

Enséñenme el informe de la Confederación Hidrográfica en el que no permite las obras de la protectora. ¿Dónde está? No lo hay. No lo tienen, no existe. No existe.

Nosotros hablamos con el responsable de la Confederación Hidrográfica y nos dijo que eran posibles esas obras. Dejen de mentirle a la gente. Lo único que tienen que hacer es cumplir con los trámites legales, lo acababan de leer, algo que nunca hicieron y por ello en febrero de 2023, después de seis años de parálisis, de inacción, de no hablarse el Concello con la Diputación, es lo que a ustedes les pasa, tuvieron que resolver el contrato. Y lo que es peor aun, que esto ya es la leche, le hicieron pagar a la protectora 8.787 euros para la licencia de ese proyecto que no se llevó a cabo por causas, desde luego, ajenas a la protectora. Casi 9.000 euros, que la protectora lo trató de recuperar y ustedes no quisieron devolver. Y eso lo sabe usted bien, alcaldesa, la señora Alvarelllos lo sabe bien.

Entonces, no manipulen. Aquí nadie utiliza a nadie. Dejen de manipular. No insulten a las 3.490 personas que firmaron para pedir responsabilidades al Concello y a la Diputación. No insulten a los cientos de personas que se manifestaron para que ustedes, para que ustedes cumplieran la ley de protección animal.

Les pregunto: ¿Firmaron ustedes esas hojas? ¿Fueron ustedes a esa manifestación? ¿Dónde estaban ustedes que tan animalistas parecen ahora, cuando la sociedad les pidió ayuda?

Nosotros presentamos esta moción, no por oportunismo, sino porque ustedes no hacen nada de nada por solucionar este problema.

Dejen de tratar por tonta a la gente y dejen de echar balones fuera, porque esta competencia es exclusivamente municipal.

Y no podemos hablar de una cantidad exacta, que ya sé que va por ahí, señor Fernández, porque ustedes no tienen ni proyecto. ¿Cómo vamos a consignar o hablar de una cantidad si no tienen ni proyecto. Ojalá lo tuvieran, pero es que ni son capaces de tener eso. Ni tan siquiera fueron capaces de firmar la cesión de la parcela en su día, que lo tuvo que hacer doña Elena Candia en el tiempo que fue presidenta de la Diputación, que ni eso fueron capaces de hacer.

Así que, déjense de enredar, déjense de manipular, de mentir y trabajen por la protectora de animales, que necesita su ayuda urgente. Se lo están pidiendo. Gracias.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Carballas. Ten a palabra o voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas. A ver. É que hai cousas que se poden opinar e logo están as que se escriben. É que o Partido Popular acaba de presentar hai unha hora este texto para ampliar. "Demandar ao goberno central a retirada do lobo da Lespe". Sabedes o que supón unha retirar o lobo da Lespe? Que se poida volver matar a balazos. Iso é o que supón, porque precisamente o que o impide é que é isto. Outra cousa é que non saibamos o que escribimos, pero busquemos simplemente, fagamos unha busquen en Google agora aquí co teléfono e vexamos o que supón isto.

Ben, a min gustaríame, de verdade, que hoxe se puidese falar seriamente para buscar a solución e non enredar. E o que pon aquí, a moción do Partido Popular, fala claramente de impulsar, e ademais o leo, de xeito urxente un proxecto de regulación e ampliación das instalacións, que é o que se acaba de poñer, que non se pode ampliar. Si que existe un informe. Existe un informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil do 6 de agosto do 2019, que con ese informe, vostedes sodes concelleiros e concelleiras. Sodes concelleiros e concelleiras. Se consultados cos técnicos municipais vanvos dicir que con ese informe non se pode ampliar.

Entón, eu digo. Digo eu. Se o queremos é arranxar o problema da protectora non haberá que buscar unha solución viable? Ou imos estar un ano dando voltas e que os cans sigan sufrindo só porque o que nos interesa é gañar catro votos. Iso é o que queremos ou solucionalo? Pois entón se o imos solucionar é o que hai que tirar para adiante e non enredar en cousas que non se poden facer.

E isto ademais, que quero que quede claro é no que imos traballar. E, de feito, estivémolo falando a alcaldesa e mais eu a este respecto. Que se vai presentar unha solución. Que se vai presentar unha solución, unha solución que se poida facer, porque eu creo que ninguén, nin as personas que están aquí vendo o pleno, queren que hoxe se aprobe algo que cando chegue a licenza e cando se pida a licenza haxa que denegala. E que teñamos que volver empezar.

Eu creo que o que se quere é algo que se poida facer.

E iso é o que temos que tirar todas e todos. Non enredemos, a ver, sexamos... Intentamos facer os plenos de xeito construtivo, porque eu creo, e ademais o digo seriamente, dende que temos a actual voceira Elena Candia pasamos do aspecto construtivo á crispación, e estámolo vendo pleno tras pleno.

Entón sexamos constructivos, sexamos construtivos. Eu non interrompín a ninguén. Sexamos construtivos. E buscamos... (voces de fondo) Pois pida por alusións intervir se así o desexa. Pero eu estou agora na miña quenda de palabra, e a min na quenda anterior, aludíuseme corenta veces por cousas que de feito non eran certas. E aguantei. Vale... (Persisten as voces de fondo) ... Efectivamente, puiden e non quixen, non me deu a gana.

Entón vaíamos solucionar o problema. Vaíamos solucionar o problema, pero non mintamos, é que senón estamos sempre igual. Vaíamos solucionar o problema. Eu de todos os xeitos, téño claro, no que a min me corresponde, e quero que a xente o saiba, vou traballar no que poida, porque a protectora se solucione, e os cans teñan un sitio digno no que estar e todos os animais se poidan protexer.

Por certo, o lobo tamén, eh. O lobo tamén.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Arroxo. Ten a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas, ademais de interrompíreme e levantar a voz, acusáronme de mentir, enganar e manipular e incluso de non saber ler, voules ler o que vostedes propoñen e os informes que temos de quen sabe do tema, para ver se así son capaz de trasladarllelo.

Vostedes presentan unha proposición que o punto de acordo di que o Concello, a Deputación de Lugo e a Xunta impulsen de xeito urxente un proxecto de organización e ampliación das instalacións actuais da sociedade protectora de animais. Ampliación, vale?

E eu dígolles, repito, é dicir, despois do informe dos técnicos. Sería posible na mesma parcela, pero noutra localización da mesma e gardando a distancia de servidume regulamentaria, facer unha nova construción ou intervir... Non interrompe tanto vostede, señor Ameijide, nos plenos da Deputación. Non sei se aquí se nota máis respaldado polo seu voceiro ou ten outra estratexia... Continúo, facer unha nova construción ou intervir na actual para conservala, pero nunca para ampliála como vostedes propoñen. E iso é a realidade. E señora Carballas, vostede, para non querer falar de baile de cifras si que se referiu ben aos 9.000 euros non sei que máis.

Pois imos falar de cifras. Mire vostede. Mentres nós invertimos na protectora de animais de Lugo nos últimos cinco anos 1.225.000 euros. Sabe cando achegou a Xunta de Galicia? Ten competencias en regularizar, por exemplo. Sabe canto invertiron, pois 1.000 euros. Ademais, aminorando incluso as anualidades, pasando de 25.000 euros no 2011 a 19.700 escasos no 2023. E a súa preocupación polo benestar animal acaba de saberse a través dos presupostos da Xunta, onde a señora conselleira de Medio Ambiente vén de consignar 45.000 euros para os concellos e as protectoras de animais. Isto, é o mesmo que 1.437 euros por Concello e ano.

Mire, se temos en conta que a sociedade canina en España calcula que o custo medio anual dun can é de 1.205 euros, a ecuación estalle clara, e aí se demostra o seu compromiso. A Xunta de Galicia págalle un can ao ano a cada concello galego. Un can ao ano.

Esa é a súa política. Esa é a súa responsabilidade, e agora ao que vén aquí é a tratar de sacar réditos dunha situación de crispación lóxica por parte de moita xente amante dos animais e que ve que non están nas condicións mellores.

Porque, mire, na súa proposición non falan de facer unha nova protectora no actual predio. Non o falan, senón de regularizar e ampliar a existente, algo que debían saber, como lles digo, que non é legal. Ao mellor por iso se entende que só se comprometan ao apoio da Xunta nalgo que debían de saber, ou polo menos preguntar ou informarse, que resulta ética e moralmente reprochable. E esa boa vontade de colaboración das administracións...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, concelleiro. Ten a palabra a señora Carballas.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Sí, señor Fernández. Mire, cando no hay capacidade de querer entenderse ni de chegar a un acordo, evidentemente todos son aristas y no se chega. Algo recorrente por su parte. ¿No lo quíeren facer? Díganlo: "No lo queremos facer". Pero no metan a la Confederación, la Conferación, nosotros hablamos con el responsable y fue lo que nos dijo: cumprir los cinco metros de policía, se puede facer en otro emplazamiento.

Ustedes pueden dicir: "Ah, es que sí, es que no". No lo quíeren facer. Y ya está. Y si no lo quíeren facer, no lo quíeren facer. Insisto, estamos en Lugo, señor Fernández, ya sé que a usted le encantaría irse al Parlamento Gallego con la señora Méndez, pero estamos en Lugo, trabaje por Lugo.

Para finalizar, yo quiero agradecer la enorme labor que hacen directiva, socios y, sobre todo, los voluntarios de la protectora. Nosotros sí que les apoyamos y son voluntarios que el pouco tempo libre que tienen no dudan en estar al lado de los animales, facendo que su vida encerrada entre esas rejas sea un pouco mellor. Limpiándolos, paseándolos, dándoles cariño y siendo la única familia que tienen. Por eso quiero agradecer enormemente su labor y su generosidade. La protectora de Lugo hace una labor imprescindible. Sin ellos, perros, gatos y el resto de seres vivos que acogen no tendrían ni una segunda oportunidade ni una nueva vida.

Nuevamente yo les pido que apoyen esta moción. No por el grupo municipal del Partido Popular. Yo solo pido, para que los animales que están allí puedan vivir en unas condiciones dignas y cumpliendo la Ley del Bienestar animal.

Insisto, cuando quiere uno arreglar las cosas y quiere que haya un entendimiento no se le ponen tantas aristas. Sean claros. ¿Van a ampliarla o no la van a ampliar? Gracias.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Carballas. Quería simplemente antes de votar facer unha puntualización. Primeiro avisar...

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Na segunda quenda, creo que en exercicio do reglamento pido a palabra por alusións.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Doulle a palabra por alusións.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Ben, prégolles que lean a definición de crispación. Cada vez que intenten desprestixiar a miña acción de traballo como portavoz ou como membro deste grupo municipal, intentarei traerlles unha copia, especialmente ao señor Arroxo.

Debater ou facer que se debatan na sesión plenaria asuntos da súa competencia e que levan moitísimos anos sen resolver e provocan o malestar, o enfado e a indignación de moitos lucenses non é crispar, crispar é poñerse de perfil ante os problemas e non dar ningunha solución.

E, certamente, hoxe que ademais traemos unha moción o unha declaración institucional, sobre, precisamente o papel da muller, prégolle por favor que o feminismo tamén o apliquen nas críticas hacia a miña persoa, que, certamente, non

é que o vaian acabar conseguindo, porque non hai ningunha palabra mal dita se non é mal tomada, pero certamente estanse xa pasando da raia hacia...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Perdoa, señor que lle din por alusión, por se quería falar. Paréceme que pode facerse e como di o reglamento o permite, pero que tampouco sirva de precedente, porque aquí si que calquera de nós, eu mesma, puiden saír moitas veces e pedir... Precisamente por iso lle deixei visualizar isto, porque non o facemos, como lle pasou hai un momento ao voceiro do Bloque Nacionalista Galego, que foi insultado chamándonos mentirosos constantemente, e non o facemos. Quixen visualizar, para que vexa que nós non temos problemas en que vostede fale. O que non queremos é que minta, e que minta co seu grupo e vostede respaldándose neles.

Iso é o que non queremos facer. Por iso lle din a palabra, para visualizar como é o seu proceder, porque estou de acordo co señor Arroxo que aquí hai unha crispación, que é de fai moi pouco tempo, señora Candia. Antes non existía esta crispación. Aquí hai concelleiros que estaban no seu grupo municipal antes e isto non era así.

Estamos recibindo constantemente insultos, que temos que aguantar, despois os que insultamos somos nós. Interrupcións, faltas de respecto, faltas de educación, como se acaba de ver nese momento, porque, señora Carballas, por berrar máis non se ten máis razón. E simplemente, que si, que lle dou a palabra para que visualice como ocorre ao revés, porque hai un momento se acaba de faltar ao respecto a varios concelleiros e non pasou nada pola súa parte.

Polo tanto, por iso o fago. E respecto da proposición que se acaba de debatir, eu non ía intervir, porque creo que está bastante explicado polos dous voceiros, bastante ben explicado, pero si que quero dicir que aquí se minte e é importante que se saiba, porque si hai informes da Confederación. Hai un de final de xuño que dicía que se podía, e casualidade o 8 de agosto de repente hai outro, que estivemos examinando. Imos dicir aquí que non hai un informe se non o examinásemos, e de repente falaba dese cauce intermitente que impedía e impide a día de hoxe, consultado con todos os técnicos municipais, impide, precisamente, votar en favor da súa proposta, que di regularización, iso que din que xa non está regularizada... Pois se queren regularización é que non está regularizada, e ampliación das instalacións existentes.

Non se pode. E como non se pode, e así está establecido, e ademais os técnicos municipais así o informaron, porque si é certo, se se dá, se hoxe votamos a favor despois vén a solicitude a licencia se denega, que vai pasar?

Polo tanto, está claro que isto é un xogo de malabares, unha estratexia. E nós non imos entrar niso. Iso si. Está aquí o presidente e diríxome novamente a el. Nós imos loitar incansablemente por esa nova protectora. Imos loitar incansablemente por esa nova protectora, unha e outra vez. E, por favor, pido silencio ao público. E imos seguir loitando por ela. Tamén é certo que se lles... Mentres se solicitaban os fondos, mentres se fai a toda a tramitación, como lle explicamos ao presidente e así dixo o voceiro do Grupo Socialista, intentouse, polo menos, facer o máis urxente, as cousas máis urxentes. E imos tratar precisamente, eu persoalmente falei co

presidente da Deputación para chegar a un acordo e facer o máis urxente, e estamos á espera, porque se dixo que non, que non podían cuantificar, que non tiñan técnicos nese momento. Pero nós sempre estivemos abertos e estamos abertos, mentres se solicitan eses fondos para facer a protectora que os cans merecen. Polo tanto, agora si que imos votar, porque quería replicarlle que si existe ese informe, porque parece que aquí si que se minte dunha maneira moi interesada.

Polo tanto, imos votar.

10/27 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE, NÚMERO 74/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DO NOSO SECTOR AGRARIO (Exp. 2024/G004/000107).

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os sectores agrario e pesqueiro constitúen un dos principais piares da economía española e sosteñen a balanza comercial do noso país. Nos últimos 12 meses, as exportacións agroalimentarias superaron os 70.000 millóns de euros.

Como consecuencia de situacións como a guerra en Ucraína ou a prolongada seca (máis de dous anos) e a constante elevación das temperaturas, atrávesase unha difícil situación, que compromete as producións e a rendibilidade, e da que o Goberno é plenamente consciente.

O Goberno está firmemente comprometido co sector agrario, e demostra con feitos. Entre os anos 2022 e 2023 habilitou axudas extraordinarias por un valor superior aos 4.000 millóns de euros. Nunca ata o de agora se mobilizaron tantos fondos públicos do Estado en apoio ao sector primario. Ademais de axudas directas extraordinarias (1.400 millóns de euros para agricultores e gandeiros), arbitráronse medidas de apoio fiscal, laboral, social, financeiro e de axuda á contratación de seguros agrarios, entre outras. Case 1.100 millóns de euros xa están en mans dos seus beneficiarios, e os restantes, correspondentes á axuda para terras de cultivo de secaño, arroz e tomate, empezaranse a aboar proximamente.

Estas axudas beneficiaron, sobre todo, aos sectores gandeiros, tanto de leite como de carne, que se mostraron máis vulnerables ás dificultades da situación (case 700 millóns de euros), así como para o sector cítrico (38,7 millóns de euros). Tamén se habilitaron 300 millóns de euros destinados a paliar os efectos do incremento do custo dos fertilizantes; así como 5 millóns de euros para o sector apícola. Os agricultores de cultivos herbáceos, de secaño e de determinados cultivos industriais (tomate de industria e arroz) contarán con 268,7 millóns de euros para apoialos pola seca. Outros 8 millóns de euros foron aos produtores da cereixa do Valle do Jerte (Cáceres), mentres que outros 81 millóns de euros procedentes da reserva agrícola —concedidos a España pola Comisión Europea— irán aos produtores de

determinados cultivos leñosos (froiteiros de pebida, de óso, tropicais, cítricos e froitos de casca).

Ademais, arbitráronse medidas de alcance en materia fiscal, como rebaixas no rendemento neto do IRPF, exencións no IBI rústico para as explotacións con perda de rendemento, entre outras. En materia de axuda ao financiamento, ampliáronse os orzamentos para os préstamos bonificados da liña ICO-MAPA-SAECA e para as subvencións de avais. Tamén se ampliou o apoio á contratación de seguros agrarios.

Para o 2024 as axudas suman 284,5 millóns de euros e eleva de forma considerable o orzamento co que se atopou en 2018. No ámbito laboral, aprobáronse aprazamentos nos pagos das cotas á Seguridade Social e reducións nos dous exercicios no número de xornais necesarios para acceder ao subsidio por desemprego. En materia hidráulica, adoptáronse medidas de exencións de canons de auga e redución de prezo de auga desalgada para o uso agrario. E como anunciou o ministro Planas no Congreso, durante esta lexislatura manterase a devolución do imposto sobre hidrocarburos para o gasóleo de uso agrícola.

Por todo o exposto, desde o Grupo Municipal Socialista solicitámoslles aos demais grupos municipais o apoio aos seguintes:

ACORDOS:

1. Seguir impulsando e reforzando o despregamento de políticas públicas que protexan o noso sector agrario.
2. Reducir a carga administrativa co fin de simplificar os trámites burocráticos, para agricultores, gandeiros e pescadores, cumprindo os mesmos estándares normativos.
3. Continuar asegurando que os produtos que proceden das importacións cumpren rigorosamente cos estándares de calidade, sanidade e seguridade alimentaria que xa cumpren os produtores europeos. Nesta liña, seguir impulsando, no seo da Unión Europea, a inclusión de cláusulas espello nos acordos comerciais que garantan a reciprocidade no cumprimento da normativa europea de calidade.
4. Seguir estudando, analizando e reforzando o Plan estratéxico da PAC, para mellorar a súa aplicabilidade no noso país.
5. Reforzar os medios humanos e técnicos da Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA) para mellorar a efectiva aplicación da Lei da cadea alimentaria.
6. Impulsar a elaboración da Lei de agricultura familiar que estableza un marco normativo modernizado e que sente as bases para o futuro da agricultura familiar e profesional.
7. Impulsar a posta en marcha da Estratexia nacional de alimentación.
8. Impulsar un foro de diálogo sobre a gandería extensiva, que sirva de base para analizar a situación do sector.
9. Consolidar e afianzar as medidas de adecuación da fiscalidade do sector agrario e gandeiro á situación actual e que o Goberno vén aprobando desde o ano 2022.
10. Manifestar o apoio ao Pacto Verde Europeo e ás políticas ambientais da UE, aplicándose con criterio, prudencia, medindo os seus efectos e ofrecendo con diálogo e consenso, alternativas aos agricultores para a súa adaptación.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac7729232221313772738.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-2-2024

11. A. Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha liñas de financiamento e axudas directas, impulsar a simplificación e redución dos procedementos administrativos necesarios para impulsar o sector primario, así como a despregar todas as súas competencias en materia de vixilancia, inspección e control en cumprimento da Lei de cadea agroalimentaria.

B. Mostrar apoio e recoñecemento por parte deste Concello ao sector primario, por ser unha actividade esencial para a sociedade, tanto pola súa importancia no abastecemento de alimentos, como pola súa relevancia no desenvolvemento dos territorios rurais e na preservación do medio ambiente.

12. Darlles traslado deste acordo ao presidente do Goberno de España, presidente da Comunidade Autónoma de Galicia e ás Cortes Xerais.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	25	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Seguir impulsando e reforzando o despregamento de políticas públicas que protexan o noso sector agrario.

SEGUNDO.- Reducir a carga administrativa co fin de simplificar os trámites burocráticos, para agricultores, gandeiros e pescadores, cumprindo os mesmos estándares normativos.

TERCEIRO.- Continuar asegurando que os produtos que proceden das importacións cumpren rigorosamente cos estándares de calidade, sanidade e seguridade alimentaria que xa cumpren os produtores europeos. Nesta liña, seguir impulsando, no seo da Unión Europea, a inclusión de cláusulas espello nos acordos comerciais que garantan a reciprocidade no cumprimento da normativa europea de calidade.

CUARTO.- Seguir estudando, analizando e reforzando o Plan estratéxico da PAC, para mellorar a súa aplicabilidade no noso país.

QUINTO.- Reforzar os medios humanos e técnicos da Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA) para mellorar a efectiva aplicación da Lei da cadea alimentaria.

SEXTO.- Impulsar a elaboración da Lei de agricultura familiar que estableza un marco normativo modernizado e que sente as bases para o futuro da agricultura familiar e profesional.

SÉPTIMO.- Impulsar a posta en marcha da Estratexia nacional de alimentación.

OITAVO.- Impulsar un foro de diálogo sobre a gandería extensiva, que sirva de base para analizar a situación do sector.

NOVENO.- Consolidar e afianzar as medidas de adecuación da fiscalidade do sector agrario e gandeiro á situación actual e que o Goberno vén aprobando desde o ano 2022.

DÉCIMO.- Manifestar o apoio ao Pacto Verde Europeo e ás políticas ambientais da UE, aplicándose con criterio, prudencia, medindo os seus efectos e ofrecendo con diálogo e consenso, alternativas aos agricultores para a súa adaptación.

DÉCIMO PRIMEIRO.-

- A) Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha liñas de financiamento e axudas directas, impulsar a simplificación e redución dos procedementos administrativos necesarios para impulsar o sector primario, así como a despregar todas as súas competencias en materia de vixilancia, inspección e control en cumprimento da Lei de cadea agroalimentaria.
- B) Mostrar apoio e recoñecemento por parte deste Concello ao sector primario, por ser unha actividade esencial para a sociedade, tanto pola súa importancia no abastecemento de alimentos, como pola súa relevancia no desenvolvemento dos territorios rurais e na preservación do medio ambiente.

DÉCIMO SEGUNDO. Darlles traslado deste acordo ao presidente do Goberno de España, presidente da Comunidade Autónoma de Galicia e ás Cortes Xerais.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Imos continuar o pleno. Ten a palabra a voceira do grupo municipal do Partido Socialista.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moi bo día a todos e a todas. Grazas, señora alcaldesa. Presentamos esta proposición en defensa do sector agrario para amosar

ese apoio do grupo municipal socialista e tamén lamentar a instrumentalización política que a dereita fai deste tema.

Os sectores agrario e pesqueiro constituirían un dos principais piares da economía española e sostén a balanza comercial do noso país. Nos últimos doce meses as exportacións agroalimentarias superaron os 70.000.000 de euros. As distintas crises bélicas, sanitarias, a seca ou o aumento de temperatura compromete as producións a rendibilidade. O goberno de España, así como o goberno deste Concello, estamos totalmente comprometidos.

E por iso é necesario poñer en valor toda a xestión que se realiza dende o goberno de España, con axudas extraordinarias por un valor superior aos 4.000 euros e axudas directas extraordinarias de 1.400.000.000 de euros para agricultores e gandeiros. Tamén outras medidas de apoio fiscal, laboral, social, financeiro e axuda á contratación dos seguros agrarios, entre outras.

Case 1.100 millóns de euros xa están en mans de todos os beneficiarios e beneficiarias. Estas axudas beneficiaron sobre todo a sectores gandeiro, tanto de leite como de carne, porque se mostraron máis vulnerables ás dificultades da situación, case 700 millóns de euros, pero tamén se traballou e habilitaron 300 millóns de euros destinados para paliar os efectos do incremento do custo de fertilizantes, así como 5 millóns para o sector apícola entre outros.

Ademais, arbitráronse, como dicía, medidas de alcance en materia fiscal, como rebaixas no rendemento neto do IRPF, excepcións do IBI rústico para as explotacións. Ampliáronse os orzamentos nos préstamos bonificados da liña ICO-AECA, para subvencións dos avais e tamén se ampliou o apoio á contratación dos seguros agrarios. No ámbito laboral o aprazamento dos pagos das costas da Seguridade Social, a redución dos seus exercicios para acceder ao subsidio de desemprego. Tamén en materia hidráulica, as excepcións de canóns de auga e prazo do prezo da auga desalada para uso agrario, e tamén se mantén a devolución do imposto sobre hidrocarburos de gasóleo para uso agrícola. E, dende o Concello, como compromiso tamén temos que dirixirnos á ordenanza 203, de impostos de bens inmoables, onde o artigo 105.6 articula a bonificación do noventa e 5% da cuota impositiva durante tres anos para a construción de actividades económicas agrarias ou gandeiras do primeiro do primeiro sector.

Polo tanto, o compromiso é firme, tanto polo goberno de España como polo goberno lugués. Pero non tan compromiso existe dende a Xunta de Galicia. E vou dar uns datos, porque a deficiente capacidade de xestión deriva na situación actual na tramitación.

As gandeirías galegas correspoderíalles cobrar 180 millóns de euros dos fondos FEAGA do primeiro piar da PAC.

A Unión Europea tiña comprometido o adianto do 50% e o goberno de España conseguiu que estes fondos se incrementasen ao 70% para poder adiantar eses fondos para que a gandeiría sopesase ou tivese máis facilidades para superar a situación na que vive.

Pero eses pagos atrasáronse dende a Xunta de Galicia, porque non foron quen de tramitar todos estes fondos, como quedou demostrado. Ademais, recoñéceo a

propia Xunta de Galicia nas súas notas de prensa. Decembro-xaneiro. Recoñeceu que ata agora soamente tiña xestionados 44 millóns.

Casualidade que un día despois da reunión dos socialistas con José Ramón Gómez Besteiro sae na prensa que van pagar os 96 restantes. Pero iso, pagaron 44 millóns, din que van aumentar a 96. E os 40 que faltan? Que fixeron? É lamentable que levemos de retraso máis dun trimestre para estes pagamentos da PAC, porque quen os está sufrindo son as gandeirías e o sector primario de Galicia.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora concelleira. Ten a palabra a voceira do Grupo Municipal de Bloque, Maite Ferreiro.

- **DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Moitas grazas e bo día. Antes de empezar esta moción gustárame indicar que hoxe é o Día Internacional das Enfermidades Raras e dende aquí o noso apoio e as reivindicacións de todas esas familias que están reclamando máis medios para que esas persoas poidan ter que todas as axudas e apoio que precisan.

Desde o Bloque Nacionalista Galego, deste este grupo municipal compartimos as xustas reivindicacións do noso sector agrogandeiro nas mobilizacións que puidemos ver por todo o país, un sector que leva anos asediado polas nefastas políticas das diferentes administracións, cunha Política Agraria Común, que no Estado español non contempla a singularidade da nosa actividade agrogandeira.

A aplicación da Política Agraria Común por parte da Consellería do Medio Rural da Xunta do Partido Popular adapta as mesmas liñas mestras das políticas comunitarias ás realidades da área mediterránea e dos latifundios doutros territorios, pagos por superficie e non por actividade e emprego xerado.

Galicia é o único caso no que se dá o feito de que hai máis persoas cotizantes á Seguridade Social Agraria que solicitudes das axudas, debido a que a maioría das explotacións agropecuarias galegas son de carácter familiar.

Isto indica que, según os datos do propio FEGA, soamente o 41% das solicitudes da PAC no ano 2023 teñen a condición de cotizantes á Seguridade Social Agraria, sendo o caso máis extremo o de Castela-A Mancha, no que só o 25% cubren esa condición. En Andalucía só o 27,43%. En Valencia e Extramadura apenas o 30% das solicitudes son de cotizantes á Seguridade Social Agraria, polo que se excluimos as solicitudes desas persoas que non acreditan estar dados de alta na agraria, que son moitos, serían 636.660 solicitantes que se podían esas axudas aumentar en 74 millóns... Perdón... Esas axudas, que se poderían cobrar polas parte das persoas e das solicitudes que si demostran a súa condición de profesionais no sector agrogandeiro.

E no punto que falamos da PAC non podemos negar, e témolo claro, a nefasta xestión por parte da Xunta do PP destas axudas para a produción ecolóxica, no que ese aumento ata o 25% da superficie agraria que solicitaban ou que pedían dende a Unión Europea, que no ano 2022 deixou fóra a moitas solicitudes, porque soamente asinou 3,18 millóns de euros, fronte aos 5,8 millóns necesarios para cubrir as solicitudes presentadas, deixando fóra case o 43% das hectáreas solicitadas. E por riba o noso país perdeu case 56 millóns de euros de fondos

européos, que sumados aos que lle correspondería cofinanciar á Xunta e ao Ministerio de Agricultura suman 74 millóns, 74 millóns perdidos pola incompetencia e falta interese da Xunta do PP por un sector tan importante na nosa economía.

Se falamos dos decretos de Nutrición Sostible dos solos, as aplicacións de puríns e doutros fertilizantes para que nos entendamos, que emanan gases de efecto invernadoiro, as adaptacións que fai o Ministerio das esixencias de baixar as emisións feitas pola Unión Europea consisten en cargar as responsabilidades sobre o gando vacún, establecendo a prohibición da aplicación dos puríns polo sistema de prato, substituíndo polo sistema de inxección, condicionando os cobros da PAC ao seu uso, cando sabemos que o gando vacún emite só o 10% do total dos gases de efecto invernadoiro, mentres que o porcino ronda o 44% ou os abonos químicos o 20%. E sabemos tamén que as granxas galegas de vacún con base territorial absorben os seus propios residuos, mentres que os modelos intensivos das explotacións gandeiras de porcino e avícola non teñen base territorial.

Continuarei na segunda intervención.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO FONDO:** Moitas grazas. Polo Partido Popular, señora Candia.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Moitas grazas. Moi bo día de novo. Seguramente tiñamos argumentarios escritos antes das eleccións do 18 de febreiro, porque esa obsesión constante e reiterada de criticar as actuacións do goberno da Xunta creo que, polo menos durante un tempinho, non digo moito pero uns meses, poderían interpretar que os galegos e nomeadamente os lucenses, refrendaron que a acción e a xestión da Xunta de Galicia, pois merecía un aprobado e nalgún caso creo que unha nota maior incluso. E que lles permite xestionar tamén a área de Medio Rural durante catro anos.

Puido ser, porque ademais todo foi con moita premura e probablemente non lles deu tempo a facer outro enfoque.

Dito isto, este grupo apoia esa saída á rúa dos nosos agricultores e gandeiros. E evidentemente esa proposta vai moito máis alá da coiuntura e que sufriron despois da pandemia entón aínda se me apuran, ademais das axudas que todas as administracións intentaron facer un esforzo para estar á altura dunhas circunstancias moi complicadas, incluso tiñan algo moito máis importante ca iso, que era o recoñecemento e a retribución emocional, que desgraciadamente xa case se esqueceu. O sector primario sae á rúa dunha maneira clara e alzando a voz por moitas protestas nas que coincidimos.

Efectivamente, por unha política agraria común e, nomeadamente os agricultores e gandeiros galegos, onde non se sinten representados. Onde, efectivamente se mirou moitísimo máis outras zonas do noso país e especialmente por un ministro socialista que, como todos saben, ten o apoio do Bloque Nacionalista Galego.

Pensose moito máis nunha PAC mediterránea que non na PAC que necesitaban os agricultores e gandeiros galegos. Non só galegos. Isto mesmo que digo suscribo o presidente Socialista de Asturias ou Conselleiros do Medio Rural, Cantabria ou do País Vasco. Creo que se cometeron erros importantes, e agardo

que algúns deles poidan ser corrixidos, pero tamén alzan a voz por unha situación absolutamente insostible, dunha excesiva burocracia, que os afoga, que os limita e, sobretudo, que os enfada.

E dígoo hoxe, precisamente nunha semana onde moitos galegos e lucenses están sufrindo unha interpretación absolutamente esaxerada do Rexistro de galiñeiros de autoconsumo, que cada vez que van a unha oficina de extensión agraria, pois deixan manifestar a súa ira, porque é unha auténtica sen razón.

Un documento ao que, por certo, a Xunta de Galicia presentou ata 40 alegacións, pedindo unha interpretación distinta. Vaia por diante que o máis importante disto, e sobre todo nunha provincia que podería ser a despensa de Galicia e case de España. Este grupo, aínda que non estea de acordo nalgunhas das cousas especialmente sinaladas na exposición de motivos, porque, insisto, isto non é unha coxuntura despois da pandemia. Isto é unha reivindicación de que os produtos que saen do sector primario teñan un prezo xusto. Por prezo xusto non é que se lle paguen os custos de produción. É que se lle paguen os custos de produción e unha marxe de beneficio, porque teñen dereito a un traballo digno, que non se lles trate con esa burocracia excesiva e que teñan en conta moitas das decisións que aquí na nosa enmenda entendemos que ademais melloran.

Por certo, moi tenue e moi de perfil, moi pouco comprometida esta iniciativa do PSOE local, que efectivamente, alí, nun apartado que ata enumeran mal, no apartado b), citan unha mostra de apoio e recoñecemento por parte deste concello ao sector primario por ser unha actividade esencial para a sociedade.

Vostede apuntou esa bonificación na ordenanza, pero esta reflexión tamén a fago despois de ir no punto primeiro da orden do día, que botabamos un expediente que se iniciou no 20 e estamos no 24 levándoo a pleno. Iso si que é apoio e compromiso cos nosos agricultores e gandeiros.

En todo caso, aínda que non acepten a enmenda e nos imos votar a favor, creo que é moi importante instar ao goberno a que se cumpra a Lei de Cadea Alimentaria, que se recoñeza para o cálculo de custos de produción instrumentos que foron avalados e que teñen un recoñecido prestixio a nivel nacional, non só en galego.

Creo que é importante que se manteña a redución no prezo do gasóleo. Creo que é importante que se apoie, e aquí podían ter un papel tamén moi importante os concellos, canles de curtas de comercialización nos mercados locais e no fomento de produtos de proximidade. Creo que non habería ningún problema en que todos os grupos mandáramos esa mensaxe unánime, e que se continúe instando á Xunta a financiar axudas directas.

Dígoo nunha provincia que encabeza a lista de beneficiarios de xoves que se incorporan por primeira vez a unha explotación. Encabeza tamén a listaxe de axudas das industrias agroalimentarias. É dicir, é un sector que crea moito emprego na nosa...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora concelleira. Ten a palabra a portavoz do grupo municipal do Partido Socialista.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Pois non, non foi elaborada antes das eleccións...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Un momento, por favor. Agora

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Dicía que non foi elaborada despois das eleccións, senón en apoio a todo o sector agrario e a esas mobilizacións, porque parte... A maior parte dos acordos que se propoñen, pois veñen dese sector. Dicíao. Propaganda, propaganda, propaganda e máis propaganda e publicidade que lles funciona moi ben, é verdade, así teñen os resultados que teñen, pero a realidade é que isto é como tirar un penalti a porta baleira.

Nós dende o goberno seguimos avanzando, a negociación de Bruxelas faina o goberno, conseguir levar os anticipos de 50 ou 70% negociono no goberno español. Á Xunta non se lle pide máis que tramitar eses traballos de despacho e burocráticos e nin iso fai. E ademáis esíxelle de paso ás gandeirías que se adapten a un novo sistema informático, que para a Xunta é magnífico, pero leva sen usarse desde 2015, e para os administrados xa manifestaron que non era áxil nin axeitado. A mala xestión da Xunta de Galicia está anulando o dereito e a posibilidade de todos os gandeiros que perciban os adiantos.

Rematando, e como foron moitas as cifras, repasando as datas de interese, a primeira solicitude de fondos que fai a comunidade autónoma na semana do 16 de outubro. Nesa primeira semana na petición de fondos Galicia non aparece. Na semana do 23 de outubro, a Xunta solicita dous con un millón cando poderían ter solicitado preto de 130. Do 30 de outubro ao 19 de novembro, a Xunta volve a non pedir os fondos de adianto da PAC ou FEGA. Na semana do 20 de novembro solicita outros 38 millóns de euros, elevándoos a un total de 40. Na semana do 27 de novembro solicita 3,7 millóns. Nin sequera chega aos 48 inicialmente pedidos. Entre o 1 de decembro e o 10 de decembro, data na que xa se podería solicitar o total dos 180, a Xunta volve a non solicitar eses novos fondos. E na semana do 11 de decembro solicita 78 millóns, elevando a cifra ata 122. Onde están eses 60 millóns restantes que perdeu a Xunta deses fondos europeos? Dende logo, nas gandeirías non.

Non vamos aceptar, por suposto, a proposta que presentaron hai unha hora, porque moitos dos aspectos se recollen xa na nosa proposición, e ademais engádense temas que non veñen ao caso tratar neste...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra a voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

- **DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Grazas, señora alcaldesa. Ben, queda moito que explicar das demandas e necesidades do sector agrogandeiro. Nestes tres minutos non dá tempo. Entre eles o dos prezos da cadea alimentaria, que aínda que contempla a prohibición de pagar por debaixo dos custos de produción, non establece un mecanismo de cálculo.

En todo o proceso de produción, transformación e venda ao consumidor, só sabemos o prezo que paga á industria a produción, pero non sabemos os prezos que paga a distribución á industria, nin as marxes de beneficio, nin quen as leva.

Iso si, o consumidor paga un prezo moito máis elevado.

Pero escoitando á señora Candia, parece que vostedes non están gobernando a Xunta de Galicia. Parece que non ten as competencias e incluso deben de pedir as competencias que vostedes mesmos non o fan no Parlamento.

Ademais isto lévanos tamén ao ano 2009, cando o Partido Popular chegou á Xunta, alegando que non se podía condicionar nin mediar o libre mercado e eliminou as figuras de mediadores para regular os prezos, como a mesa do leite, a mesa da carne, o observatorio leiteiro, o observatorio da carne, os contratos homologados e os mecanismos de cálculo do custo de produción.

Xa intuíamos tamén daquela o que se aveciñaba e o que pasou en todos estes anos. Por certo, tamén compre aquí lembrar a sentenza, a última sentenza coñecida sobre o cártel do leite, no que obriga ás empresas a devolver os cartos a eses produtores, tiñan pactado prezo e que lles pagaron por debaixo do debido.

Ben, podíamos falar tamén da excesiva burocracia á hora de solicitar axudas, un golpe máis á xa danada economía do sector e, xa para ir rematando, dicir dúas cousas. Eu agardo que desta vez a señora Candia sexa conselleira, xa sabemos que lle gusta, que doutra non foi, pero desta agardamos que sexa, para que defenda as propostas do sector e tamén que axude a defender o Campus de Lugo, que dan esas materias tan importantes para axudar ao sector agrogandeiro, ademais de formar a todos eses profesionais que tanto axudan a mellorar o sector.

E dicirlle tamén que a vostedes o agro non lles importa nada. E vén aquí de modosiña, pero soamente lle falta o hábito. Vostedes o agro quérenos para isto. A pesar disto, gañaron, pero en Lugo perderon un deputado.

Señora Candia, esta é a foto da vergonza, da súa vergoña, e non me diga que é un ataque machista, porque non o é.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do grupo Municipal do Partido Popular. Ten a palabra a voceira.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Na vida, en case todo, pero especialmente na política, hai que saber gañar, pero sobre todo hai que saber perder.

Eu non sei quen vai nomear o ao presidente da Xunta, conselleiro do Medio Rural, non sei. Sabe que ademais é incompatible coa responsabilidade que teño aquí, así que é moi difícil. O que si sei é quen non vai ser. E quen non vai ser é unha persoa do Bloque Nacionalista Galego, pero non porque o diga o presidente, senón porque o dixeron os galegos.

E tamén desta exposición dedúcese con moitísima claridade o que lle importa a vostede o agro galego.

E volvendo ao asunto, que precisamente, non sei se leu a moción, que é o máis importante de todo isto. Precisamente un dos que alegamos para o custo de produción vai na nosa enmenda. Pero vese que non o atraía moi preparado e que o obxectivo era outro.

Realmente, propaganda non son máis de 10 millóns de euros que reciben os mozos por incorporarse á actividade agrogandeira. Propaganda non son os máis de 12

millóns de euros que reciben no ano 19. Propaganda non son os máis de 30 millóns que levan as industrias agroalimentarias.

As persoas que traballan no agro, as persoas agricultoras e gandeiros no que ademáis é un sector ao que lle debo todo, porque efectivamente, a miña familia o era antes de alcanzar a xubilación. Necesitan moitísimas cousas, pero neste momento, e aproveitando a coxuntura e elevando esta iniciativa para sumarnos ás reivindicacións, pois, se queremos ser coherentes, polo menos apoiemos o que eles piden.

De feito, as concentracións fixéronse na capital deste país, e nós por capital entendemos neste caso Madrid. Incluso na Subdelegación do Goberno. E a reivindicación era moi clara. Estaban francamente decepcionados coas negociacións da PAC, estaban claramente enfadados polo exceso de burocracia. Púxenlle un exemplo, que se calquera día destes pode acercarse a unha oficina agraria, pois poderanllo dicir os lucenses que o están sufrindo.

En definitiva, fraco favor facemos, se queremos facer unha moción en apoio do agro se non prestamos fincapé nas reclamacións que eles mesmos fan.

Neste contexto, entendo que é moi importante protexer o lobo, pero tan importante é protexer os animais que son atacados por el, e que están chegando a preto das vivendas habitadas.

Neste contexto, entendo que é moi importante apostar polo comercio local, polo comercio de proximidade, e axudar a que as nosas pequenas explotacións teñan no seu concello un espazo de oportunidades. Disto é do que vimos falar hoxe, porque iso é o que nos piden realmente no sector primario se quere ter o noso apoio. E, evidentemente, ser coherentes, claro, que o que votemos aquí, despois no noso proxecto político cando governe en Madrid ou cando nos represente en Bruxelas, que neste caso tamén teñen moito que dicir, non fagan o contrario.

Se o debate o levamos por aí...

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Grazas, señora Candia. Acabouse o seu tempo. Ten a palabra novamente a voceira do grupo municipal do Partido Socialista.

- ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Pois supoño que contamos co seu apoio, porque todo o que acaba de dicir é o mesmo que lle acabo de dicir anteriormente. De onde saen eses millóns de euros que se dan aos mozos e mozas gandeiros para a gandería? Pero, como teño moi pouco tempo, entendendo as mobilizacións, son cuestións que requiren solucións inmediatas, áxiles e rigorosas. E o que se está facendo dende o Ministerio, co seu ministro Planas, que, como vostede mencionou, todas as negociacións que se están facendo agora hai unha semana de marxe para que todas esas accións que se pretenden e que van en bo camino se manteñan. E por iso nós presentamos eses 13 puntos de acordo para conquistar esas melloras que necesita o sector primario do noso país, que ademais engloba explícita ou implicitamente todo o que vostedes veñen meter nunha enmenda que, como lle dixen, non ten nin pés nin cabeza. Moitas grazas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois moitas grazas. Polo tanto, procedemos á votación desta proposición.

11/28 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE, NÚMERO 75/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO DA XUNTA A DETERMINAR UNHA SITUACIÓN ALTERNATIVA PARA INSTALAR A ZONA PÚBLICA DE BAÑO NA CONTORNA FLUVIAL (Exp. 2024/G004/000108).

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“O expediente para dotar a Lugo dunha zona pública de baño na actual localización autorizada, con anterioridade exploráronse outras alternativas, iniciouse en setembro de 2016 coa aprobación do gasto para a contratación dunha batimetría, un levantamento topográfico do fondo do río, estudo necesario para determinar a súa idoneidade como zona apta para esta práctica. Este foi o primeiro trámite dos máis de 70 realizados para acadar o obxectivo de proporcionar un equipamento deste tipo ao municipio. Finalmente, este longo e complexo proceso administrativo culminouse o 9 de novembro de 2020, cando o Concello recibiu a concesión de apertura para a instalación das piscinas flotantes, notificación que acreditaba, explícita e implicitamente, que esta Administración cumpría todos os requisitos necesarios e contaba co beneplácito por parte das administracións competentes, Xunta de Galicia e Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para instalar a súa praia fluvial.

Foi a partir deste momento, non antes, cando o Concello iniciou o procedemento para a contratación das piscinas flotantes e o resto de elementos necesarios para equipar esta zona de baño pública localizada entre o caneiro do Muíño e o caneiro da Tolda. En total, máis de 400.000 euros de investimento municipal para garantir a seguridade dos bañistas na contorna fluvial. Porén, o 20 de xuño de 2022, cando se iniciaran as prospeccións de control no río e as plataformas xa estaban descargadas, a Xunta emitiu un informe no que consideraba non viable a localización da zona de instalación argumentando a presenza masiva de mexillóns de río nesta contorna. Foi neste intre cando a Xunta tomou postura en sentido contrario ao que determinou o propio ente autonómico no derradeiro informe que enviou en 2019 á CHMS - previo á concesión do permiso- e no que afirmaba literalmente que, respectando eses condicionantes, *‘poderíase autorizar a instalación destas piscinas (na localización proposta) se así o entenden dende a CHMS’*, como así foi.

Nese momento, os técnicos municipais presentaron toda a documentación necesaria para acreditar que a presenza de exemplares desta especie non era en absoluto incompatible co sistema flotante elixido. Non obstante, o Concello coa intención de poñer a disposición da veciñanza esta instalación durante ese mesmo período estival e solucionar así a situación de bloqueo na que se atopaba o proxecto, solicitou trasladar a súa localización 40 metros augas arriba. Así mesmo,

os servizos municipais achegaron documentación técnica complementaria a esta solicitude, na que incluían un estudo de presións dinámicas da piscina flotante e senllos documentos de verificación, tanto do calado como da velocidade, no treito do río proposto que o valida como alternativa. Porén, o 19 de xullo de 2022, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite de novo un informe desfavorable sobre esta modificación non substancial solicitada polo Concello de Lugo.

Na súa procura de acreditar o estrito cumprimento dos requisitos requiridos para abrir a praia fluvial, esta Administración contratou o 16 de maio de 2023 un novo estudo de prospección, caracterización e proposta detallada de traslado de poboacións de náíades (mexillóns de río) á empresa especializada Biosfera Consultoría Medioambiental, firma que conta cun acreditado recoñecemento a nivel nacional nesta materia. Os resultados deste estudo, así como as súas conclusións, nas que queda acreditada a compatibilidade entre a zona de baño deseñada e as colonias de náíades así como a viabilidade do traslado destas se fora necesario, foi remitido á Xunta de Galicia o 14 de xuño do pasado ano. A pesar de todo isto, un novo informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural emitido o 28 de agosto de 2023 consideraba desfavorable a nova configuración proposta polo Concello de Lugo.

Esta reiterada negativa repercute na calidade de vida dos veciños e veciñas de Lugo, que non poden gozar de forma segura e cómoda dun dos principais patrimonios naturais dos que dispoñen os lucenses como é o río Miño. O baño non é unicamente unha cuestión de ocio. Esta práctica ten asociados beneficios sobre o benestar que cobran especial relevancia ante contextos ambientais como o que estamos a experimentar como consecuencia do cambio climático e que se manifestan con episodios de altas temperaturas, cada vez de forma máis habitual no período estival.

Dispor dunha instalación que cumpra con esta demanda social é unha prioridade do Grupo Municipal Socialista, como acreditan todos os pasos administrativos dados desde o inicio do expediente no ano 2016, pero, a pesar da vontade política e o investimento dedicado a este fin, atopámonos coa negativa sistemática da Xunta opoñéndose a que os e as lucenses fagan uso da concesión por 25 anos que esta Administración ten autorizada no río Miño. No obstante, ante a necesidade de dar resposta a esta demanda, cuxa importancia queda de sobra acreditada nesta exposición, este grupo quere dar unha solución eficaz á actual situación de bloqueo.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE, proponlle ao Pleno da corporación o seguinte punto de acordo:

1. Instarlle á Xunta de Galicia a realizar unha prospección no río Miño ao seu paso polo termo municipal de Lugo para que determine en que lugar resulta viable habilitar a zona pública de baño dentro da área da cidade, segundo o seu criterio técnico, co fin de non perder máis tempo nin malgastar máis recursos públicos en atopar alternativas, tendo en conta que todos os informes técnicos presentados anteriormente polo Concello apoiando o proxecto actual foron rexeitados pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural pese a ter dado previamente o organismo autonómico o seu beneplácito á localización vixente e dispoñer da concesión do

aproveitamento por un prazo de 25 anos. Se fora preciso, o Concello de Lugo comprométese a sufragar parcial ou totalmente o custo dos devanditos traballos.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

Instarlle á Xunta de Galicia a realizar unha prospección no río Miño ao seu paso polo termo municipal de Lugo para que determine en que lugar resulta viable habilitar a zona pública de baño dentro da área da cidade, segundo o seu criterio técnico, co fin de non perder máis tempo nin malgastar máis recursos públicos en atopar alternativas, tendo en conta que todos os informes técnicos presentados anteriormente polo Concello apoiando o proxecto actual foron rexeitados pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural pese a ter dado previamente o organismo autonómico o seu beneplácito á localización vixente e dispoñer da concesión do aproveitamento por un prazo de 25 anos. Se fora preciso, o Concello de Lugo comprométese a sufragar parcial ou totalmente o custo dos devanditos traballos.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, don Miguel Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas. Pois parece que ao Partido Popular lle entrou de repente, ou polo menos formalmente, moito interese en solucionar o problema da zona de baño, co cal evidentemente coincidimos. E así trouxo pois sendas iniciativas nos dous últimos plenos. Benvido sexa. Alegrámonos. Contrasta coa actitude dos últimos anos, pero, en todo caso, pois, como digo, benvido sexa. Nós levamos anos pelexando por este proxecto e este goberno e o anterior, outros moitos anteriores do mesmo signo político, algo que espero que non nos neguen. Como xa lles dixemos en reiteradas ocasións, nós cremos que a zona de baño é un dereito dos veciños, que non son somos diferentes ao resto dos veciños e veciñas de moitas vilas e cidades de Galicia e de fóra que o disfrutan, e que seguiremos pelexando para que sexa unha realidade o antes posible.

Neste senso, no pleno pasado, presentamos unha emenda de consenso propositiva, na liña de acordos, propoñéndolle incorporar á Xunta na búsqueda de solucións, porque, nos guste ou non, é ela, a Xunta de Galicia, a través de

Patrimonio natural, quen a imposibilita, emenda que, de forma inexplicable para nós, porque razóns non nos deron demasiadas, foi rexeitada.

Por iso traemos agora aquí esta proposición, por iso, e porque cremos que esa zona de banco para os veciños, e porque tampouco queremos gastar nin máis tempo nin máis recursos públicos nunha búsqueda dunha nova localización á sabenda do resultado que tivemos ata o de agora.

Que non nos van autorizar, por máis estudos, proxectos, alternativas que presentemos. Non nola van autorizar, porque os datos así o demostran.

Non o fixeron na zona dos Robles no seu día, alegando nenúfares, mexillóns e zona de biosfera, non o fixeron agora tampouco na actual ubicación. A pesar de termos a autorización por 25 anos, o beneplácito da Confederación, a propia autorización condicionada da Xunta de Galicia, presentado alternativas avaladas polos máximos expertos e cumprindo todos os requisitos técnicos e administrativos necesarios.

Por iso non aceptamos esta emenda, porque esa mesa que propoñen, sinxelamente, non vai aportar nada, porque xa estamos todas as administracións responsables. Xa está a Confederación Hidrográfica, xa está o Concello e xa estaban vostedes facendo esa autorización, ata que, na práctica, á hora de levala cabo, pois o impediron.

Por iso queremos implicar á Xunta de Galicia nesa búsqueda dunha ubicación que sexa autorizable, pero ofrecémoslle toda a colaboración necesaria por parte do Concello de Lugo. Toda a colaboración. Os estudos e proxectos técnicos que temos, e moitos, dos diferentes servizos, a colaboración dos técnicos municipais, e incluso toda a colaboración económica posible para abordar conxuntamente os gastos que se deriven dos estudos, das prospeccións que teñamos que facer. Así que, señores do Partido Popular, non se trata dun tema legal, nin sequera orzamentario, senón de propia vontade política de estar ou non ao lado dos veciños.

Agora é cando, señores do Partido Popular, poden demostrar que esa actitude colaboradora que manifestaban en anteriores proposicións, pois o demostran agora. Por tanto, por esas razóns non lles podemos aceptar a enmenda que nos presentan.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Moitas grazas. Eu vou ser bastante breve, porque realmente estou bastante de acordo coa proposición que presenta hoxe o Partido Socialista a este respecto por razóns bastante obvias, non? Eu creo que todas e todos queremos que Lugo conte cunha zona pública de baño. É unha demanda que existe dende hai moito tempo. É unha necesidade eu creo que ten que ter este Concello, porque vemos como en concellos ao redor si que dispoñen delas dende hai moitos anos e Lugo non o ten. E iso provoca que haxa problemas de seguridade para acceder ao río, de accesibilidade para persoas que poidan ter mobilidade reducida, etcétera. E hai incluso problemas mediambientais, porque ao

final a xente está entrando por calquera punto e non existe realmente ningún tipo de control nin de protección real de zonas que poden ser máis sensibles ao impacto do baño. Nós dende logo, pois ademais, como grupo municipal sempre fomos moi propositivos, tanto cando estivemos en gobernos como cando estivemos na oposición, quero lembrar incluso hoxe cando no ano 2009 Antón Bao facía esta proposta para que Lugo contase cunha zona pública de baño, pero, evidentemente, necesitamos que as administracións, o resto das administracións que teñen que ser parte, en concreto no caso da Xunta, pois que tamén aclaren onde se pode facer e onde non. Para que dende logo Lugo poida ter ese servizo tan demandado e que poida ser canto antes. Así que nada máis, amosar o meu apoio e moitas grazas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra, por parte do grupo municipal do Partido Popular a señora Elena Candia.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Grazas novamente. A verdade é que, señor Fernández, menudo papelón que lle tocou neste pleno. Xa non é só xustificar rúa arriba que votaran a proposta exactamente igual dunha maneira e agora defender a seguinte. E agora imos coa praia fluvial.

Ben, probablemente na exposición de motivos hai que analizar dúas cousas: as cousas que pretenden dicir e as que din claramente.

Están pretendendo dicir que unha administración como a Xunta de Galicia nega de maneira arbitraria ou caprichosa a posibilidade de realizar un proxecto na cidade de Lugo. Eu creo que iso quedaba bastante claro cando en xullo algún dos técnicos de recoñecido prestixio desta cidade o dixo publicamente, a cara descuberta, explicando as súas razóns. Pero, probablemente agora, pois como se trata outra vez de intentar enlamar, volven dicir e apuntar hacia esa dirección.

Pode ser que apunten a esa dirección porque vostede o fan, porque agora tamén fago esta reflexión dos 13 expedientes que están paralizados por obras no rural, que non teñen aínda autorización do Concello. Ao mellor é que vostedes si, efectivamente, son capaces de secuestrar unha administración para que un técnico de recoñecido prestixio, independente, funcionario público, diga o que vostedes queren. Eu quero pensar que non e vou seguir intentando demostrar que na Administración se traballa conforme a criterio técnico independente.

O que se din é moi importante. Contextualizan o arranque deste proxecto no 9 de novembro do ano 20. E aí poñen, aí si que non enganan, a notificación acreditaba explícita e implícitamente. É probable que vostedes interpretaron cousas na parte implícita, porque na parte explícita, dende logo, isto non chega nin cinco minutos nin media hora, porque os expedientes son bastante claros. Para non poñer en dúbida os da Xunta de Galicia, porque eses, e xa vostedes se intentan explicar, vou ler o que dicía esa autorización do 9 de novembro do 20.

Ante a dificultade de determinar con exactitude os terreos de dominio público hidráulico, afectados polas obras correspondentes. Segundo vostedes, esta clara autorización foi o pistoletazo de saída para facerse cunhas plataformas de plástico... Quen o diría, verdade? Hai uns días tan preocupados polo plástico en contacto coa auga e agora resulta que están empeñados en meter no medio dun

río, con protección absoluta, unhas superficies de plástico. Incoherencias que che pon a vida e o destino.

Probablemente o erro, e o dicía tamén o propio técnico, é que se pensou nun proxecto mirando ao Sena. Vostede volveu citalo, para intentar volver levar o tema ao debate político. Concellos da zona teñen un espacio de baño público. Efectivamente, pero vostedes, en vez de aprender dos concellos da zona, foron buscar un proxecto ao Sena. E tamén o din os técnicos. Nada ten que ver, por sorte para nós, o Miño co Sena, que xa deberíamos algunha vez todos facer un esforzo en ver o ecosistema como unha oportunidade, non como un problema, porque sempre acaba aflorando os problemas que pode dar executar algo nunha zona protexida. Cando é ao revés, é unha riqueza que temos que custodiar e que protexer.

Dixémosllo na sesión anterior, e ao igual que o da protectora, dicémosllo agora. Os asuntos que levan vostedes gobernando como ben saben, e que nos recordan moitas veces, moitísimos anos gobernando esta cidade, nin foron quen neses anos de arranxar a situación da protectora nin foron quen de habilitar unha zona de baño público, cando se adiantaron pola dereita e pola esquerda concellos de distinta cor política, pero cunha particularidade, a intervención que facían no río era totalmente distinta. Ninguén colocou unha superficie de plástico nunha superficie protexida.

Chámame poderosamente a atención que tanto que lle preocupaban os informes no asunto da protectora, agora omita o da UNESCO. Eu xa sei que hoxe ten un papel moi difícil, pero chámame a atención, porque llo lin na pasada sesión plenaria, onde a advertencia é tan contundente como que incluso dan a entender que se pode poñer en perigo o resto das distincións especiais da UNESCO, e vostede ese informe para vostede non existe, e iso que leva o logo do Ministerio, eses ministros que viñeron hai pouco tanto por aquí, que lle pon ademais cara, e vostede pode chamalos polo nome e ata seguramente teña o seu número de teléfono.

Indo ao gran e indo ao importante. Non se pode plantexar un proxecto sen ter en conta á Confederación Hidrográfica. É máis, foi a Confederación Hidrográfica a que lle retirou a autorización. Puido non facelo, puido non facelo, puido non facelo, porque de feito da primeira deulla sen dicir nin onde a ía montar. Co cal puido non facelo, pero agora fíxoo, e se vostedes queren ter un espazo de baño público...

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia. Ten a palabra voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, Miguel Fernández.

- MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Si, moitas grazas. Pois mire, señor Candia, non sei se explícita ou implicitamente, pero si con toda rotundidade, dicimos que a zona pública de baño para os veciños e veciñas é un dereito, e quen a paralizou na práctica a instalación foi Patrimonio natural da Xunta de Galicia.

E si, ten razón, paralizou, en definitiva, e retirou a autorización á Confederación, pero porque, como vostede supoño saberá, pero supoño que o prefire ocultar, o informe de Patrimonio natural é vinculante. Polo tanto, pois non se podía evitar. Mire, os outros levan tempo mareando a perdiz con este tema, falando de ubicación, por exemplo, nos Robles. Dixérono publicamente e expresamente moitas

veces. Nos Robles. Iso é tanto como non querer a praia fluvial na práctica e facer demagogia, porque, mire, no seu día, como dixen tamén, desistiron o Concello e a Deputación daquela ubicación. É verdade, desistiron. Pero desistiron aburridos dos múltiples estudos, informes, proxectos, etcétera, que presentaron sen ningún avance, sen ningún avance. E miren, eu non sei se é por descoñecemento, pero insistir naquela zona paréceme desde logo non coñecer o problema, sinceramente, por non calificalo doutra maneira.

Porque se trata dunha zona especial de protección de valores naturais, como xa lle dixen noutras ocasións, un lugar de interese comunitario Ladra-Támoga, catalogado no Inventario de Humedais de Galicia, con presenza de nenúfar amarelo e mexillóns, e zona núcleo de Reserva de Biosfera, razóns polas cales este concello, en proba de que pelexa por esa instalación, fixo unhas proxeccións, uns estudos de fondos, etcétera, para reubicar nunha zona que, efectivamente, efectivamente, foi autorizada tanto pola Confederación como pola Xunta de Galicia.

A autorización da Xunta, loxicamente, vinculada a que no momento da instalación desa plataforma, repase no dicionario o que significa plásticos, a ver se coincide exactamente, pois eses estudos do ecosistema hai que facelos evidentemente no momento en que se fai a instalación e non previamente.

Por tanto, é moi fácil, é moi fácil, se realmente queren ter unha zona de baño, aquí quen falta por autorizar é a Xunta de Galicia. E como estamos cansados de presentar proxectos, gastar dinero público, etcétera, imos pedirlle colaboración e todo o noso apoio para que ela determine a fauna en protección e a ver onde sería autorizable. É así de sinxelo. Non é comprometer á Xunta de Galicia nin é comprometer a ninguén. É simplemente que coa nosa colaboración técnica e económica, etcétera, que faga unha proposición que nos diga: aquí é viable instalar unha zona de baño para todos os veciños.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do grupo municipal do Bloque. Pois entón ten a palabra a voceira do Partido Popular.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Voulle ler, para que non interprete, porque sen acritude, porque coincido en que o obxectivo indubidablemente tiña que ser que os lucenses tivesen dende hai moitos anos un espazo de baño público.

Houbo quen comparou coas piscinas do Sena (París), pero xa que quixese o Sena ter as condicións ecolóxicas que ten o Miño en Lugo.

O baño público está permitido en espazo de Rede Natura. Isto non o di nin o Partido Popular nin por suposto Elena Candia. Estou lendo unhas declaracións dun dos técnicos que informou este proxecto.

O Concello ten unha concesión nun punto, no que xa vimos o ano pasado que era imposible. Eles mesmos cambiaron o proxecto porque se deron conta de que non era viable tal como o tiñan presentado. Cambiaron os mortos que ían ao fondo da fixación lateral e déronse conta de que tampouco tiñan profundidade nese punto.

Isto non o di Elena Candia nin o Partido Popular, dio o técnico que informou este proxecto. Que, insisto, que é un proxecto complexo. Se é a plástico ou o concepto

non é adecuado, voulle dicir o que di o Comité Científico da UNESCO: "En el caso de las piscinas proyectadas en el río Miño se opta por la construcción a partir de materiales sintéticos derivados del petróleo". A todo isto, este informe é hoxe unha realidade, porque a Sociedade Galega de Historia Natural trasladou á Secretaría do Comité Español do programa MIB, que non vaia pensar tampouco que tivo algo que ver con isto o Partido Popular.

Entón, se vostede realmente quere ter un espazo de baño público, é imprescindible que a Confederación Hidrográfica, quen lle retirou a autorización, insisto, e quen lle dera condicionada, como na súa segunda intervención dixo moi claramente, recoñecendo o propio informe que lle plantexaban un proxecto sen ubicar onde. Que me parece... Doulle a copia, que está subliñada ademais, para que non teña que ler as 27 páxinas.

Entón, isto é a realidade. Se vostede quere ter un espazo de baño público, o importante de todo isto é que traballen conxuntamente Xunta de Galicia, Confederación Hidrográfica e Concello de Lugo.

De feito, a nosa enmenda non fai ningunha proposta de ubicación, porque vin que a proposta dos Robles, que por certo, aí coincidía moitísimo máis co Bloque Nacionalista Galego, que foi quen o citou no ano 2009, e que me parecía moito máis axeitada, pero se a vostedes non lles gusta, que a ubicación non sexa un obstáculo para chegar a un acordo. Pero si a forma de traballar.

Dende o ano 17 di o propio técnico que non houbo ningunha comunicación. Como se vai materializar un proxecto así. Para entenderse hai que falar e hai que traballar conxuntamente. Isto é o que pon a nosa enmenda. E man tendida absolutamente. Que se involucra a todas as administracións con potestade na conca fluvial, Confederación Hidrográfica, Concello de Lugo e Xunta de Galicia, de xeito que se busque a alternativa máis viable para que a cidade de Lugo dispoña unha zona de baño público. Iso é o noso...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Acabouse o seu tempo, señora Candia. Ten a palabra o voceiro do Partido Socialista.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Pois nada, agradecer o apoio do Bloque Nacionalista Galego. Nós seguiremos pelexando por que esa zona de baño sexa unha realidade. Non gustaría sinceramente que o Grupo Municipal Popular se sumase a isto e buscaremos unha solución.

A solución non está nesas meses de traballo nin involucrar distintas administracións. A solución é que a administración, que na práctica impide a instalación, nos diga se é viable ou non é viable para poder seguir adiante ou dicirlle aos vecinos que sinxelamente non nolo autoriza.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Fíxose aquí unha referencia por parte da voceira do grupo municipal do Partido Popular a determinadas actuacións dos funcionarios públicos deste Concello, que me parecen tremendamente graves, tremendamente graves.

E gustárame que, como fixo unha acusación, diga que persoas son esas. Se está facendo unha acusación, que é moi grave e polo tanto pode dicir, polo menos diga o seu nome, porque me parece tremenda a acusación que se acaba de facer.

E saio en defensa dos funcionarios públicos deste Concello.

Polo tanto, conmínoa a que diga eses nomes se os ten, porque está falando de acusacións tremendamente graves. É o único que lle teño que dicir.

Non é unha pregunta, digo que o poña de manifesto onde o teña que poñer. Dígolle que está facendo unha acusación moi grave, moi grave. Continuamos.

Ah, hai que votala, perdón. Xa con isto é suficientemente grave como para que me despistase que falta a votación.

X dixeron que se rexeitaba a enmenda. Polo tanto, votamos.

NOTA: Durante o debate do seguinte asunto (12/29) produciuse un receso na sesión a fin de participar na concentración levada a cabo con motivo do Día Internacional das enfermidades raras. Rematada a cal, e cando son as doce horas e catorce minutos, reanúdase a sesión coa presenza da totalidade dos concelleiros que conforman a Corporación Municipal.

12/29 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 76/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O REFORZO DA BRIGADA DE AUGAS E O CUMPRIMENTO DA SENTENZA NÚMERO 215/2023 DE ABOAMENTO DE CANTIDADES ADEUDADAS A UN TRABALLADOR (Exp. 2024/G004/000109).

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“Dende o pasado 05 de febreiro do 2024, no Concello de Lugo hai un traballador municipal que se viu obrigado a encadearse para esixir que o goberno municipal lle aboe os traballos realizados durante anos que se lle deben.

A través desta medida, esixe o pago da sentenza nº 215/2023 correspondente ás gardas e á produtividade dende o ano 2017 ao ano 2020, que ascenden a 48.675 €. Ademais, pide que se teña en conta outros 12.000 € que ten pendente de pago polas gardas de 2016 e 2017, así como outros 15.000 € polos últimos tres anos de traballo.

A esta situación chegouse porque o traballador leva anos cunha xornada laboral de 24 horas ao día durante os 365 días ao ano por orde do equipo de goberno municipal, superando calquera límite da explotación laboral en pleno século XXI. A pesar de levar máis de tres semanas encadeado, non tivo ningún tipo de resposta por parte do Concello. Tampouco este equipo de goberno tivo a ben convocar a Xunta de Voceiros solicitada polo Grupo Municipal de Partido Popular o pasado 09 de febreiro.

É por iso que urxe que o PSOE e BNG dean unha solución inmediata a esta solución pagando o debido por sentenza xudicial e inicie os trámites oportunos para

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac7729232221313772738.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-2-2024

chegar a un acordo co traballador para as cantidades pendentes anteriores a 2017 e posteriores a 2020 que cifran ao redor de 27.000 €.

Se a situación deste traballador é preocupante, non o é menos o estado da Brigada de Augas municipal. Está completamente desmantelada pola desidia dos distintos equipos de goberno socialistas e nacionalistas pasando de ter máis dunha ducia de membros dando un servizo de 24 horas os 365 días do ano, a ter na actualidade un encargado e 6 peóns. Nunha cidade de preto de 97.000 habitantes, estes medios humanos son totalmente insuficientes para dar servizo a toda a rede de abastecemento e ás tarefas de mantemento de inmobles municipais.

Os distintos equipos de goberno non só provocaron o desmantelamento desta brigada, senón que tomaron a decisión de privatizar parte deste servizo, o que tivo como resultado que en moitas ocasións as avarías que acontecen na cidade non se solucionen debido á escaseza de medios.

Á vista da situación actual, desde o servizo urxe tomar decisións de cara a dar solucións aos problemas anteriormente descritos, procedendo o reforzo da Brigada de Augas Municipal a través dun incremento de medios materiais, e especialmente humanos, dando dereito aos traballadores a mellorar profesionalmente dentro do seu servizo pasando de peóns a oficiais, que é o posto que realmente desempeñan e incrementando o persoal coa incorporación de novos efectivos.

Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

- Dar cumprimento á sentenza 215/2023 aboando ao traballador as cantidades que ordena o xulgado e iniciar os trámites oportunos para proceder a aboar as cantidades que o Concello de Lugo debe a este traballador polos traballos realizados antes do 2017 e despois do 2020.
- Proceder ao reforzo da Brigada de Augas, dando a posibilidade da promoción interna profesional para os traballadores desta brigada e poder pasar de peóns a oficiais na súa categoría profesional e, de xeito paralelo, incrementar o persoal e incorporar novos traballadores ao servizo de cara a mellorar a atención ao cidadán na reparación da rede de abastecemento, garantindo unhas condicións dignas de traballo ao persoal municipal."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente

transcrita.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Quen vai defender por parte de... Por favor, soliciten, así sei quen o vai facer. Moitas grazas, señor Ameijide.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Antes de nada saudar aos compañeiros da brigada de Augas que non se acompañan hoxe aquí. Comezar lendo unhas pequenas definicións. Explotación laboral: Dise da vulneración e recorte dos dereitos propios das relacións laborais, recortes nas retribucións, ausencia de horas de descanso, retencións por parte dos salarios, malas condicións de traballo ou protección social. Ou falta de protección social. Estafa, dise do delito consistente en provocar un prexuízo patrimonial de alguén mediante engano e con ánimo de lucro. Moroso: Dise de quen incorre en morosidade, lentitude, dilación ou demora nos pagos.

No se den por aludidos, no era mi intención. O sí, no lo sé. Pero calquera de estas tres acepciones se adaptan perfectamente a la situación de la brigada de aguas.

Cualquiera de estas tres acepciones se adaptan perfectamente a la situación también del encargado de la brigada de aguas.

No les llamo explotadores, ni estafadores, ni morosos. Nada más lejos de la realidad. Ni siquiera trileros, como le llamó en su día un alcalde suyo a otro, por cierto, de su mismo partido. Ni siquiera voy a aprovechar estas fechas para hablar de su manera de gestionar lo público, por ejemplo, a través de asesores y trabajadores de clubes de alterne, exministros y demás, que también podríamos decirlo y también lo vimos, por desgracia, en este salón de plenos, con excompañeros suyos.

Pero miren, el señor Somoza, por cierto ahí sentado, responsable de la brigada de aguas, no le quedaba más remedio que encadenarse desde el 5 de febrero cada día en este Ayuntamiento porque ustedes no le pagan. De ahí, morosos.

Morosos porque no le pagan lo 75.000 euros que le deben. Explotadores porque no les dejan tener a estos trabajadores unas condiciones de trabajo dignas, como llevan solicitando, por cierto, incluso al encargado de la brigada de aguas, desde 2015 deja de hacer las guardias, e incluso también contando con un informe de prevención de riegos.

Y lo vuelvo a decir, ni les llamo explotadores ni estafadores ni morosos, pero la realidad es que tienen a trabajadores desde hace años años 24 horas al día, 365 días al año de guardia. Y no lo dice el Partido Popular, sino que lo dice una sentencia judicial, 215/2023, que les condena a pagar 48.675 a este señor, que cada día se encadena en el Ayuntamiento de Lugo y que ustedes no le pagan.

Sentencia que, por cierto, dice claramente que hubo un enriquecimiento injusto por parte del Ayuntamiento, que los condena en costas y que además no es recurrible de acuerdo con la misma. A lo cual habría que sumar también lo que le deben de antes de 2017 y de después de 2020. Por tanto, nos pondríamos en esos 75.000 euros que hablamos. ¿Ustedes ven normal esta situación?

Esto es explotación laboral, probablemente muy acaída esta acepción en este caso, y probablemente más similar la situación de estos trabajadores a prácticas propias del medievo que a una administración del siglo XXI.

Y la acepción moroso también vale para el resto de la brigada, porque tuvieron que ir al juzgado a cobrar o a intentar que les pagasen lo que no les pagaron durante años. Por cierto, ganaron también y les tuvieron que pagar. Y ustedes se dicen gobierno de izquierdas, pero se preocupan solo de sueldos y moquetas.

Ustedes son defensores de los fabricantes de moquetas y de los fabricantes de coches oficiales, pero no de los trabajadores y de los servicios públicos.

Privatizaron todo. Pasamos de tener un servicio 365 días al año, las 24 horas del día a dejar de pagar a esos trabajadores, a dismantelar el servicio, a pasar de 15 trabajadores a 6 en la actualidad.

A que en el año 2017 no les quedasen más remedio que dejar de prestar esos servicios. Porque ustedes, ese gobierno socialista, ese gobierno nacionalista, ese gobierno de izquierda dejaron de pagarles.

No hay personas para guardias ahora mismo. Con suerte hay un par de personas por la mañana y una o dos por las tardes prestando servicio. ¿Y cuál es la solución de la izquierda municipal? Privatizar.

120.000 euros a una empresa. No voy a entrar en esa contratación ni en quien la presta, pero dando un nefasto servicio al ciudadano, porque en el mejor de los casos, van allí y cortan el agua, y al día siguiente laborable, van estos señores a reparar la avería.

¿Por qué? Pues porque no tienen ni medios ni recursos ni conocimiento en muchas ocasiones. Y esto no es ni una vez ni dos ni tres. Nos sobran decenas y decenas de ejemplos a diario de esta situación.

¿Qué proponemos desde el Partido Popular? Apostar por lo público. Primero paguen lo que deben. Segundo, apostar por lo público. Y permitan a estos trabajadores cobrar por lo que hacen, que es trabajar como oficiales. Los tienen como peones desde hace años, cuando hacen trabajo de oficiales. Permitan la carrera profesional, permitan progresar dentro de esta administración. Y hoy ya sé que sacan a pecho con que ayer se puso a trabajar un nuevo oficial de la brigada de aguas. Por cierto, sin entrar a criticar obviamente su labor como oficial, que desconoce profundamente, porque no la puede conocer, la red de abastecimiento municipal, que va a ser el que más cobre de toda la brigada, cuando no va a saber absolutamente nada, ni siquiera dónde cortar el agua.

Y que solo va a tener que reivindicar estos trabajadores, que están cobrando como peones y que ustedes no les dejan subir a oficiales.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Ameijide. Imos facer un receso agora, porque temos que baixar, así se falara na Xunta de Voceiros, e hoxe é o Día das Enfermidades Raras, e temos a declaración institucional abaixo, que foi solicitada pola Federación Española e a Federación Galega de Enfermidades Raras. Polo tanto, imos baixar un momento, como nos solicitaron as Federacións.

Polo tanto, suspéndese o pleno por 10 minutos.

Transcorrido o receso, reanúdase a sesión, coa presenza de todos os seus membros.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Continuamos o pleno. E doulle a palabra ao voceiro do goberno, don Pablo Permuy.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Grazas, alcaldesa. Bos días, señor Ameijide. Eu tamén podería traer definicións do dicionario. Do que é a palabra mentira, do que é a palabra manipulación, do que se pode entender por unha expresión que é dicir facer lecturas interesadas de determinadas situacións. Non lle estou chamando mentiroso, non lle estou chamando manipulador, faltaría máis. Faltaría máis.

Nós non lle debemos 75.000 euros ao señor Somoza, como vostede di. É certo que temos unha sentenza xudicial, a 215/2023, na que procede, e ademais dixo vostede que non é recorrible, e que procede a aboar unhas cantidades adebedadas a ese traballador, pero as cousas, supoño que coñece como é administración, non son tan automáticas con vostede di.

Hai que pasar unha serie de trámites, neste momento solicitouse a consignación presupostaria necesaria para facer o abono da cantidade adebedada, polo que o expediente está a seguir os pasos e as bases establecidas legalmente e está previsto o seu pago nun período moi breve de tempo.

Este é o mesmo procedemento que se utiliza en todos os casos de sentencias xudiciais, xa que, como non pode ser doutro xeito, o Concello respecta as decisións xudiciais e dá cumprimento en cada caso ao que nas sentenzas se explicita.

Con relación ao reforzo da brigada de Augas, analizouse a situación da mesma na relación de postos de traballo vixente, que fixemos a finais de ano, seguindo tamén as canles que a lei establece, e está en tramitación a cobertura de dous postos vacantes, un de oficial fontaneiro e outro de oficial maquinista fontaneiro.

Vexo que en parte está vostede enterado, pero o expediente administrativo tramitado a eses efectos, unha vez cumpridos todos os pasos preceptivos xa está finalizado. Como ben di, onte tomou posesión unha das persoas, o oficial maquinista fontaneiro e o outro aspirante, onte mesmo pola mañá, renunciou incorporarse ao traballo unha vez feita toda a tramitación do expediente.

Polo tanto, continuamos co proceso para cubrir esa segunda praza.

Estes dous postos cubriranse dun xeito interino ata proceder á súa cobertura definitiva, tras o proceso correspondente, ao estar ofertados na oferta pública de emprego do ano 2003, que aprobamos a finais deste ano.

Ademais, como ben di, vén traballando unha empresa que presta o servizo de atención ás averías en horario nocturno, festivos e fins de semana, quedando só polo tanto a quenda de tarde fóra da súa xornada para atención telefónica das posibles incidencias.

E o que non din nunca é por que chegamos a esa diminución de postos de traballo na brigada ou en calquera outro sitio. Sempre digo o mesmo e sempre vexo as

mesmas caras cando falamos das taxas de reposición de ata o 50% cada vez que se produce unha das baixas na administración.

Iso non é importante, iso non... A situación actual non é froito desas decisións.

A empresa, como digo, vaise facer unha renovación da contratación e, para facelo de xeito máis rápido, fixo unha delegación para a contratación nesta propia concellería para dar maior axilidade as eses trámites.

Mira, que sempre chegan tarde, cada vez que tomamos algunha decisión veñen vostedes detrás pedindo o mesmo que xa estamos a facer. O equipo do goberno xa abordou as necesidades máis urxentes e xa por iso se ofertaron esas dúas prazas xeradas por promoción interna. Ademais, está en proceso outra do ano 2020, que proximamente se iniciarán as probas, das que cinco dos empregados municipais concorriron a elas e poderán presentarse para ocupar unha praza de oficial.

Deste xeito, con esas prazas de promoción interna estase incentivando á promoción dos traballos da brigada e tamén ás cadeas de mando deste servizo. É dicir, que xa se preveu e garantiu o dereito dos traballadores a mellorar profesionalmente antes de que vostedes fixesen a súa proposición.

Por certo, cando di que todos os traballos deberían ser oficiais, incluso os que non teñen titulación para selo tamén? Iso non llo oín dicir. Porque habería que analizar as situacións unha por unha, porque o primeiro que hai que facer é cumprir os condicionantes legais.

Estas prazas de oficiais, unha vez cubertas, producirán tres vacantes de operario, que, seguindo os pasos legais, poderán ser cubertas, producindo un importante reforzo na plantilla da brigada.

Por certo, a proposición, que como case sempre leva os servizos alarmistas de cara á cidadanía, de confrontación entre o equipo de goberno e os traballadores da plantilla do Concello, nun intento de malmeter, como fixeron non hai moito tempo incluso cos da banda municipal, que tiñan moito interese en coñecer as sentenzas xudiciais dos procesos que están en marcha.

Agora xa non teñen interese? Será porque todos e todas elas desestimaron as pretensións de ser retribuídos a maiores por labores docentes... Si, non me mire con esa cara.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor concelleiro. Ten a palabra o concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. A verdade é que me dá case a risa que nos diga que chegamos tarde, porque un goberno que vai a golpe dos anuncios das demandas do Partido Popular, vostedes van a golpe, van a remolque.

Mire. Marcámoslle o ritmo, é a realidade. Marcámoslle o ritmo porque coa praia fluvial marcámoslle o ritmo nós; na comisaría, marcámsolle o ritmo nós; no cemiterio, marcámoslle o ritmo nós... Por certo, falaremos agora nun rato, na protectora márcamoslle o ritmo nós.

E tamén no resto de materias como tamén a brigada de auga... Miren, son un goberno sen ideas. Son un goberno sen proxectos, son un goberno esgotado e

acabado son. Un goberno e un Partido Socialista e o BNG que só serven para ir á roda, en Galicia, en España e no resto que lles queda, para ir á roda. Gústalles a remolque, pero agora vén máis acaida esa palabra.

Mire, a ver. Lecturas interesadas. Pero aquí non ningunha lectura interesada, que é unha sentenza xudicial, que non digo eu que non sexa recorrible, senón que o di a xuíza, senón pelexe con ela, vaia alí á praza de Avilés e dígallo. E que lle deben 48.000 euros de sentenza tampouco o invento eu, díoo unha xuíza. E se non lle pagan é que son morosos. Esta é a realidade. E que lle deben 12.000 euros polos servizos prestados posteriormente ao 2020 tampouco o invento eu. É unha realidade constatada e asinada polos distintos xefes de servizo.

E que se lle deben outros 15.000 anteriores a 2017 tampouco o digo eu. É unha realidade. E que se lles está privando a carreira profesional a todos os traballadores da brigada de augas, pois é outra realidade. Que quere que lle diga? Pero se o seu propio regulamento, o Regulamento de Persoal permíteo, permitiría incluso aos que teñen titulación e aos que non, por experiencia profesional. Practícano noutras administracións. Por exemplo, na Deputación Provincial de Lugo, por exemplo, na Deputación Provincial de Lugo. Si que se pode facer. Hai que ter vontade, pero claro, vostedes prefiren privatizar. Privatizar. Vostedes, os que son os defensores do público prefiren privatizar, non pagar a estes señores, non permitirllas promocionar na súa carreira profesional de peóns a oficiais, que é o que fan.

Mire, o correo electrónico que vostede mandou hai uns días, na práctica o que significa é que ningunha avaría se vai poder resolver nos próximos meses na cidade de Lugo. Por que? Porque todos son peóns e porque un peón non pode estar dando ordes nin tomando decisións e tomando certas licenzas que se toman, cando se trata das reparacións.

Como cumpran o correo que vostede lles enviou, ningunha avaría se vai poder arranxar. É unha obviedade e unha evidencia. E o oficial que contrataran, con todo o meu respecto, non ten os coñecementos adecuados, porque non os pode ter, porque acaba de chegar, e non sabe nin onde están as chaves de corte.

Este é a realidade, pero vostedes, os que se din defensores do público, que se din defensores do persoal público, do persoal municipal non defenden a ninguén. O único que defenden son os coches oficiais.

Vostedes quedaron tocados. O seu *dream team* socialista quedou tocado. Vostedes seguen tocados. Quedou tocado o Messi dos negociadores, quedou tocada á alcaldesa que se ía para Santiago a cambiar de moqueta, pero segue aquí cobrando ata o último euro de soldo.

Por certo, ela non perdoa nin un euro de soldo, o que si que perdoan a estes señores que non se lles paga o que se lles debe. Ela non perdoa nin un só euro e está aquí ata que cambie de moqueta.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Acabou a súa intervención, señor Ameijide. Ten a palabra o concelleiro Pablo Permuy.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Voume poñer nun ton un pouco máis serio. Non con ese rintintín de sorna que vostede utiliza normalmente nas súas intervencións.

Neste goberno municipal ninguén cobra nada que non lle corresponda cobrar. Dito iso, dito iso, o Concello non lle debe ao señor Somoza 75.000 euros. Esa é unha conta que fai vostede. Vostede fai esa conta. Vostede é o que fai esa conta. E voulle explicar o porqué, o porqué legal desa situación.

Na sentenza, esa que sabemos que non é recorrible, e que nós acatamos e estamos en fase de cumprir, fíxase unha remuneración en base a un concepto que non existe neste momento no Concello. As gardas localizadas. É máis, faise unha cuantificación sen base en ningún concepto retributivo dos que están legalmente establecidos. Dito iso, nós acatamos a sentenza e pagaremos os euros que di a sentenza que temos que pagar. Non son 75.000. Por iso nós nos podemos facer ningún pago de xeito voluntario desas outras cantidades que vostede pretende que si que se faga, porque non existe base legal que permita facer... Non hai base legal para facer o cálculo da cantidade algunha. Non o podemos facer de xeito voluntario. Como aclaración á situación do traballador, tamén cómpre dicir que o posto de encargado para o cálculo do seu complemento específico, xa contempla 46 puntos de diferenza respecto das demais prazas da brigada por uns conceptos que se chaman dificultade, dedicación e responsabilidade.

E iso ten aproximadamente case 3.000 euros ao ano de reflexo nas súas retribucións.

E, repito, unha vez máis súbense vostedes o carro do oportunismo, solicitando medidas que xa están desenvolvidas, e unha vez máis, nós non podemos votar a favor da súa proposición, de algo que xa estamos resolvendo ou a piques de resolver.

Por certo, no tema... Falamos moito da brigada, de explotación e demais. Eu non vin ningún posicionamento por parte de todos os representantes dos traballadores ante esta situación. Igual é por algo. Igual é que todo o que está vostede está a dicir non é como vostede di.

Repito, existen palabras no dicionario que se chaman mentira e manipulación.

Será no momento, estudaremos cando se abra a RPT a situación do número de persoas que son necesarias, de oficiais e de operarios, en función das necesidades, para cubrir as quendas e que a plantilla estea cuberta e, se é preciso, crearanse esas placas de oficial, que serán cubertas regulamentariamente.

Pero. desde logo, nin todos os operarios teñen que ser oficiais...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor concelleiro. Ten a palabra o señor Ameijide.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, señora Alvarells. Mire, base legal, non é que a invente eu, é que a pon aquí a xuíza. Lea a sentenza, se quere facilítolla despois, non teño ningún problema, pero pon aquí a forma de calculala.

Non ten problema, a que serviu de base para calcular esa indemnización de 48.000 euros, os cales lle condearon a vostedes como equipo de goberno. Pero non só lle

deben 48.000 euros por sentenza mais outras que faltan por reclamar ao señor Somozas, senón que aos señores que están alí sentados débenlle tamén cantidades que non lle pagaron e que teñen gañadas por sentenza xudicial.

Por tanto, non esteamos falando só do encargado, porque lle pasa ao resto da brigada o mesmo. Mire, isto é moi simple, paguen o que deben aos que lle están debendo cartos. E despois permítanlles progresar profesionalmente a quen levan toda a vida dedicados ao servizo público e ao Concello de Lugo.

Permítalles aos membros desta brigada a optar a ser oficiais. E os que entren despois, que entren como peóns. E permítanlles esa carreira profesional. Vostedes que son tan socialistas, tan de esquerdas e tan defensores do público. E despois reforcen este servizo que se necesite. Paren de privatizar, que é o que saben facer. Paren de facer contratacións por todos os lados. Non imos entrar xa nin no que estamos vendo nos medios de comunicación, porque é noxento o que está pasando no goberno central.

Non imos entrar niso. Paren de privatizar absolutamente todo e céntranse en reforzar o que antes funcionaba e que agora non funciona, porque o encargaron a unha... Dun xeito chapuceiro. Paguen o que deben, permítanlles a carreira profesional e reforcen o servizo polo ben de todos os lucenses. E é o que lles pedimos. E votar en contra disto non é votar en contra do Partido Popular, é votar en contra dos traballadores municipais. Destes e doutros...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Ameijide. Quero recordarlle, como lle recordaba o concelleiro, que a escaseza de persoal neste concello vén dunha lei que a Lei Montoro, que nunca lle gusta que lla recordemos, pero así foi a lei Montoro.

A taxa de reposición que vostedes non queren atender nunca, non queren que lle se lles fale da lei Montoro, porque realmente non lles gusta. E tamén quero dicirlle, señor Ameijide, que os conceptos xurídicos non os ten moi claros.

Creo que a palabra moroso, neste caso non é aplicable. Estamos falando da execución dunha sentenza xudicial que estamos en prazo de executar.

Polo tanto, non fale de morosidade porque estamos no prazo de execución da sentenza xudicial. Utilice ben os términos xurídicos.

Tamén me sorprendeu unha cousa que dixo vostede na súa primeira intervención, que o novo oficial non sabe onde están as chaves de tal. Como sabe vostede iso? Por que sabe vostede iso? Estamos falando de xente que leva moitos anos na brigada. Leva moitos anos. Por que non saben onde teñen as chaves? Sabe vostede a razón? Sabe vostede se saben ou non e a razón? E a razón! Non, non intente embarrar. Non intente embarrar, porque o que vostede mesmo dixo é que non saben onde están as chaves. Non saben onde están as chaves.

A iso si que podía contestar, porque vexo que vostede intenta embarrar. E, desde logo, non se vai permitir, non se vai permitir.

Estamos falando de agora un novo oficial. Xente que coñece perfectamente a brigada e perfectamente todo o seu traballo. E se, como vostede di, non sabe donde están as chaves, pregúntase por que. Pregúntase por que. E se é certo iso ou non.

Por outro lado, explicoullo moi ben o que é un complemento específico, pero a vostede eses términos xurídicos non lle interesan nada. Ten un complemento específico, ese señor, de máis de 3.000 euros ao ano. Xa se tivo en conta cando se fixo a RPT. E outra cousa moi importante que tamén lle dixo o concelleiro. Perdón, que lle dixo o concelleiro.

Viu algunha oposición dos sindicatos? A que non viu ningún ningún grupo de traballadores nin sindicatos? Porque eles si que coñecen a situación e o que lle aconsello, señor Ameijide, é que se informe. Porque está absolutamente desinformado. E nós pagaremos aquilo que corresponde a cada traballador e cumprimos as sentenzas xudiciais nos xustos termos, que é o que temos que facer.

Polo tanto, infórmese, señor Ameijide.

Polo tanto, imos votar.

13/30 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 77/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA INICIATIVA ABERTA PARA O ESTUDO PREVIO E ESCAVACIÓN, ONDE PROCEDA, DA SUPERFICIE EDIFICADA, DELIMITADA POLO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO RECINTO AMURALLADO DE LUGO E SUSCEPTIBLE DE INTERVENCIÓNS EDIFICATORIAS PRIVADAS (Exp. 2024/G004/000110).

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“O citado plan, no seu TÍTULO III (condicións de protección do patrimonio histórico e ambiental), CAPÍTULO III (conservación do patrimonio arqueolóxico), artigo 46, di que:

“... previamente á concesión de calquera licenza de edificación (...) que conleve movemento de terras, ou supoña unha oportunidade para investigar o subsolo, será obrigatorio o informe previo do organismo competente da Xunta de Galicia ...”

“... Unha vez solicitada a escavación arqueolóxica polo promotor da licenza tramitarase e realizará por vía de urxencia”.

“Todo proxecto de obras que conleve movemento de terras requirirá a presentación dun proxecto de actuación arqueolóxica adecuado, que deberá ser informado polo técnico municipal de arqueoloxía ...”.

“A Administración competente en caso de consideralo oportuno poderá ordenar a execución de escavacións ou prospeccións arqueolóxicas en calquera terreo público ou privado, incluído no ámbito do Plan Especial”.

O artigo 47 di que a autoridade competente decidirá sobre a conservación dos achados, procedéndose coa remoción dos restos ao seu mantemento "in situ"

(coa execución do aproveitamento edificatorio tras a realización dun estudo de detalle), ou á expropiación dos terreos.

O artigo 48 di que “As actuacións arqueolóxicas en chans públicos serán financiadas polo organismo interesado en realizar as obras”, e que “Os gastos ocasionados por traballos arqueolóxicos para realizar en chans de titularidade privada corren a cargo tanto do promotor da licenza que motive a escavación ...”

O artigo 49 di que, en terreos públicos, en caso de conservación “in situ”, a actuación será a integración dos restos na paisaxe urbana ou a súa ocultación con material adecuado. En terreos privados, en parcelas de titularidade privada, no caso de que se optase pola conservación “in situ”, a actuación será de conservación baixo chan ou ao aire libre.

O estudo económico-financeiro que forma parte documental do PEPRI di que, no relativo ao sector público, será preciso diferenciar as distintas administracións con competencias e capacidade investidora, segundo que tipo de actuación das múltiples que o plan prevé.

1. A Administración central nas actuacións relativas á mellora e acondicionamento da Muralla e a súa contorna inmediata.
2. A Administración autonómica no financiamento das grandes instalacións de abastecemento, saneamento e infraestruturas básicas, as actuacións en contornas monumentais e participando na escavación arqueolóxica.
3. A Deputación Provincial en actuacións en espazos públicos.
4. A Administración municipal na reurbanización de vías e espazos públicos, achegas á infraestrutura básica xeral e sistema local e equipamentos locais.
5. Os propietarios beneficiados polas obras mediante contribucións especiais.

O referido estudo contemplaba, especificamente, un investimento para a realización de escavacións arqueolóxicas para os grandes espazos baleiros situados no interior do recinto amurallado por un monto de 230.000.000 pts. (1.382.327,84 euros do momento).

En outubro de 1992, asinouse en Santiago de Compostela un convenio entre a Consellería de Cultura, o Concello e a Deputación de Lugo e a Confederación local de Empresarios da Construción, no que as catro entidades asumían os custos destas intervencións a partes iguais. A xestión destas intervencións contemplaba a constitución dunha comisión que estudara cada caso e provera ou financiamento.

O que agora se propón é un liderado, por parte da Administración local, que provexa os servizos, sen custo ou cunha baixa participación nel, dun estudo previo e escavación, onde proceda, da superficie edificada ou edificable, delimitada polo Plan especial de protección e reforma interior do recinto amurallado de Lugo e susceptible de intervencións edificatorias privadas.

O propietario e/ou promotor daquel espazo, susceptible de ser obxecto de obras nas que corresponda aplicar o disposto no artigo 46 do PEPRI, solicitaría a intervención da Administración local para levar a cabo un estudo previo e escavación, se procede, da súa propiedade (soar edificado, soar baleiro, baixo con ou sen actividade...).

Con esta iniciativa, acadaríanse, ao menos, tres significativos beneficios colectivos:

- a. O coñecemento da traza urbana histórica da cidade, con acceso a espazos aínda non estudados.
- b. A certeza para os propietarios e/ou promotores que (así posuidores dun maior grao de certeza na existencia, ou non, de restos arqueolóxicos baixo o seu chan) poidan proxectar, e acometer, con maior seguridade as obras máis axeitadas.
- c. Unha maior eficiencia no emprego dos investimentos precisos para os proxectos e obras previstas e, polo tanto, o impulso da actividade económica no recinto delimitado polo PEPRI.

Por iso, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno do Corporación Municipal ACORDE:

Liderar, por parte da Administración local, un plan de estudo previo e escavación, onde proceda, da superficie edificada ou edificable, delimitada polo Plan especial de protección e reforma interior do recinto amurallado de Lugo, e susceptible de intervencións edificatorias privadas."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, ten a palabra o voceiro do Grupo Popular, señor Carbacos.

-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Bo día a todos. Vou intentar empregar as verbas e os verbos da miña defensa desta proposición con moito coidado para que non poidan utilízalos para agocharse detrás deles, igual que sucedeu hai un momentíño, cando, interpretando a palabra ampliación, entendían que tivese que ser enriba da outra ou algo parecido, cando a ampliación pode ser na mesma parcela, como efectivamente, vostede leu que podería ser, ou pode ser na parcela colindante ou outra parroquia. E, por outra parte, a palabra regularización, que tampouco entendeu vostede, significa, tampouco ten por que

sabelo, que cando nós traballamos sobre unha calificación que non ten ningún tipo de licenza, loxicamente o primeiro que hai que facer é regularizar o estado que ten ilegalmente construído, levantar os planos do existente, liberar o cauce, que, si efectivamente...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señor Cabarcos, aquí estamos noutra proposición.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Vale, tentaba explicarme. Vale, tentaba explicarme...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Non é o momento de explicar. Un momento. É máis, deixei uns segundos por se quere facer unha matización concreta.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Continúo.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Creo que estamos a falar doutra proposición. Se queren teñen o tempo de facela.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Vou entón ler o que di o Plan Especial de Protección da Reforma Interior do recinto amurallado, literalmente no seu artigo 46, a propósito das escavacións no casco urbano.

Previamente á concesión de calquera licenza de edificación que conleve movemento de terras ou supoña unha oportunidade para investigar o subsolo, será obrigatorio informe previo.

Unha vez solicitada a escavación arqueolóxica tramitarase e realizarse por vía de urxencia, e todo o proxecto de obras que conleve movemento de Terra requirirá a presentación do proxecto de actuación arqueolóxica axeitado, que deberá ser informado polo técnico municipal.

O seguinte artigo 47 di que a autoridade decidirá sobre a conservación dos achados que poidan ser obxecto a remoción, mantemento in situ e permitindo o aproveitamento edificatorio, loxicamente, ou a expropiación dos terreos.

Quere dicir isto que calquera escavación que se produza na contorna PEPRI obriga a un informe previo e administración ten lexitimidade para decidir o que se fai cos achados.

E, por outra banda, di que as actuacións arqueolóxicas en chans públicos serán financiadas polo organismo interesado en realizar as obras e que os gastos ocasionados polos traballos arqueolóxicos a realizar en chans de titularidade privada corren a cargo do promotor. E iso significa que o custo desta obriga de protección patrimonial é de interese público e de interese de todos, pero recae en principio só no promotor da iniciativa, circunstancia que conleva a uns riscos para os investimentos moi importantes, como xa imaxinan ou saben vostedes.

De todos os xeitos, o estudo económico-financeiro que forma parte documental deste plan contemplaba especificamente un investimento para a realización de

escavacións arqueolóxicas para os grandes espazos baleiros, é certo, situados no interior do recinto amurallado por un monto de 230 millóns de pesetas, que naquel momento eran un 1.300.000 e pico mil euros. Loxicamente, sobra dicir que tal investimento non se levou a cabo, pero que si houbo unha iniciativa que desenvolveron entre a Consellería de Cultura, o Concello, a Deputación de Lugo e a Confederación de Empresarios da Construcción na idea de que as catro entidades repartisen equitativamente o 25% a cada unha delas o custo das iniciativas, de xeito que fomentasen a rehabilitación, as intervencións, os investimentos económicos e o traballo e a vida na contorna histórica.

Esta idea non é nova. De feito, hai uns meses a mesma confederación de Empresarios do centro Lugo Monumental, presentou a iniciativa, e agora nós solicitamos non un reparto concreto dos custos, porque aínda non se pode facer en función de cal sexa a iniciativa que adopta o Concello para levar isto adiante, senón que o que solicitamos é unha iniciativa previsor, que sempre correrán en beneficio de todos, liderada polo Concello, que de feito leve os recursos para facer unhas análisis previas e uns estudos en cada un dos espazos, que poden ser solares baleiros, poden ser solares construídos, poden ser espazos libres de edificación ou con edificación enriba para traballar nos baixos e que poidan facer un investimento previo para saber se hai achádegos de importancia ou non, de que xeito se sitúan e entón os investimentos funcionen con moito menos risco por parte do que os vaia levar a cabo e iso faga dinamización do comercio e da actividade no casco histórico e non repavimentacións. Xa terminei.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos. Ten a palabra o voceiro do goberno, Jorge Bustos.

- **JORGE BUSTOS ATANASIO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. O primeiro, gustaríame empezar agradecendo a labor do interventor que marcha hoxe, porque a súa predisposición a calquera hora para asesorar e resolver os problemas eu creo que de todos os que estamos aquí é de agradecer, así que, nada, esperamos que teña moita sorte. Isto non é un adeus, é un ata logo.

Agora empezamos. Imos empezar a dabater a proposta e para elo imos facela por partes. Artigo 46. Este artigo 46 que, nomeado en prensa e lin a intervención, que o propietario promotor daquel espazo susceptible de ser obxecto das obras que poidan aplicar, tal.. solicitará a intervención da administración local para levar a cabo o estudo previo á escavación.

Pero olvidáronse de continuar o artigo e, concretamente ao día seguinte, que si que o nomearon ben na proposta.

Previamente á concesión de calquera licenza ou edificación que conleve un movemento de terras será obrigatoria a entrega do informe previo do organismo competente, da Xunta de Galicia, para establecer as necesidades arqueolóxicas.

Polo tanto, nesta parte da proposta xa se contestaron vostedes mesmos.

A Xunta é a que debe informar previamente ante calquera momento de terras. Entón entendemos que é a Xunta a que ten que facer estes estudos, pero imos continuar analizando o artigo. Todo proxecto de obras que conleve movemento de

terras requerirá a presentación do proxecto de actuación arqueolóxica adecuada a que deberá ser informado polo técnico municipal de arqueoloxía.

Aquí na proposta olvidáronse de dicir a seguinte parte da ordenanza. Terá que ser aceptado e autorizado pola consellería competente. Eu creo que neste caso a orde dos factores si que altera o produto, porque a Xunta informa sobre se é posible a realización da actuación urbanística, e posteriormente o proxecto presentado polo promotor informado pola Xunta de Galicia e avalado polo técnico municipal, pois claro, se a proposición é que o Concello asuma eses gastos dos estudos previos e valoración arqueolóxica, xa estamos tendo problemas para ter unha praia fluvial, imaxínate se nós facemos o estudo e logo ten que ir a Xunta a avalialo. Máis que axilizar a tramitación estamos entorpecendo o crecemento da cidade.

Pero continúo. No artigo 47 e 49, voume remitir directamente ao artigo 44 da ordenanza do PEPRI, que, por certo, si que non está nin na nota de prensa nin na proposición, que este di o seguinte.

As competencias para autorizar calquera intervención arqueolóxica de ámbito e aplicación desta ordenanza corresponde á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta e Galicia. Entón... xa sabemos quen ten as competencias, pero continúo. O artigo 48. A min hai unha cousa que me sorprende e máis que... Esa parte do traballo, ese estudo que ten que facer, dá de comer a moitos estudos técnicos, enxeñaría, arquitectura e mesmo construtoras que teñen incorporado dentro deles ese servizo de arqueoloxía. Dentro das avaliacións orzamentarias que proporcionan os promotores e os particulares, pois xa vén este tipo de orzamento. Lendo a súa noticia eu creo que se olvidou desa xente, desa xente de Lugo, que tanto ti coma min formamos parte dela.

Pero, en relación ao estudo económico e financeiro que nomea a proposta, non ano 1992 gobernaba Notario Vacas e Fraga. Eran do mesmo partido. Se non asinaron dito acordo por algo sería. Pero quitando esta pequena apreciación, olvidóuselle poñer a empresa que o estudo económico e financeiro era para definir as competencias da administración, pero na nota a prensa non vin que puxédeses que era para a administración, relativas ao sector público.

Pero, como menciona na proposta vulnera as dúas que nos competen na local e autonómica, e despois a debatimos se queres.

Punto número 2, a Administración autonómica financia infraestruturas sanitarias e básicas, a actuación dos entornos monumentais e participación en escavacións arqueolóxicas.

A administración municipal, na reurbanización do viario e espazos públicos, infraestrutura básica e sistema e equipamentos locais.

Entón entendemos que se extrapolamos isto ao mundo privado, a competencia é da Xunta a que ten que facer eses estudos previos.

Coa súa posterior valoración por eles mesmos, que son a administración competente. Entón eu creo que a ordenanza neste caso está bastante clara.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Cabarcos.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Efectivamente, efectivamente, o que vostede leu corresponde co estudo económico-financeiro, onde se desgranan as respectivas atribucións de cada un dos estamentos, das administracións.

Pero vostede coincidirá comigo que cando un particular, que non é coñecedor do mundo das administracións nin das súas competencias se decida levar a cabo unha pequena intervención no seu comercio, na que ten que facer unha pequena escavación no baixo, o último que se lle ocorrerá é recurrir a Santiago para saber se pode facer iso e que ten aí debaixo. O lóxico é que se poña en contacto co seu concello e pida axuda para poder saber como ten que desenvolver o procedemento. Como xa lle dixen na intervención anterior, non estamos dicindo que participación ten que adoptar cada un. Que, por certo, ese convenio ao que vostede facía mención, si se asinou, si se asinou. Está asinado, o que non se fixo foi poñer en marcha a comisión que desenvolvía todas as actuacións, pero asinado está. O que pasa é que non valeu para nada.

O que si ten que facer é recibir ao interesado que ten que facer todo ese tipo de obras é conducilo de xeito adecuado para axudarlle, e o que si pode facer o Concello é que cada vez que se prevé algunha intervención desas, tomar o liderado, aínda que non sexa costeándoo para poder saber como ten que facer o interesado para saber que hai aí, e axudándolle porque o Concello si que pode contratar eses servizos técnicos aos que se refire. Loxicamente, esa xente non ía deixar de traballar, porque non hai xente específica, supoño que hai funcionarios que tivesen que facelo. Pero si hai funcionarios que teñen que axudar dun xeito proactivo para saber que é o que teñen que facer aí e axudar preventivamente, e incluso de oficio, para saber onde pode haber problemas, porque o Concello si ten a información das zonas máis sensibles.

E iso si se lle pode transmitir aos cidadáns. Pídese traballo, colaboración, liderado, non só cartos. Xa rematei.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Goberno Jorge Bustos.

- **JORGE BUSTOS ATANASIO:** Valoro moito a proposta e é unha cousa... Eu cando tiñamos clientes que viñan, nós indicabámoslle o camiño que tiñan que seguir, ben sexa para facer unha obra, un cambio de uso, unha actividade, etcétera. Despois se as persoas particulares que necesitan esa información, teñen técnicos no Concello aos que poden preguntar perfectamente e eles indícanlle o camiño, como me dixo vostede. A colaboración aí é total e temos uns técnicos moi bos, que asesoras aos particulares que van preguntar.

Pero, mire, vou tirarlle unha flor á Xunta hoxe. Porque é certo que algo fai. Ollo! Ollo! Na orde de 8 de marzo de 2023 a Xunta cofinancia, ollo, non asume, cofinancia, o custo das intervencións arqueolóxicas. Pero só o 50%, e cunha liña presupostaria global de 50.000 euros. Se facemos un prorrateo entre todas as obras que hai en Galicia que poden optar a esta liña, eu creo que para unha bolsa de pipas a cada obra, chega. E é verdade, unha bolsa de pipas chega. E máis ca unha flor, tírolle unha margarida, non vaia que salga o do orzamento.

Pero sendo razoables, se fose unha opción que o Concello asumise o custo de dotar ao Departamento de Arqueoloxía dende un departamento de técnicos especializados, prospección e demais, para logo que sexa Xunta a que informe destes traballos, non será máis razoable que sexa a Xunta que dimensione este departamento para que a tramitación sexa máis áxil.

Se ao final nós facemos o informe e a Xunta avalía, que faga a Xunta a inspección e informe. Así, saltamos unha administración e as cousas van máis rápidas.

Pero para rematar, si que é beneficioso coñecer o legado histórico que temos baixo os nosos pés, pero non digades que non estamos facendo nin poñendo os recursos necesarios. Porque vostede dixo unha frase moi interesante na nota a prensa, que é gobernar é decidir e quen xestiona ten que priorizar. Home, grazas por darnos a razón.

Dende o goberno de Paula Alvarellos contratouse ao director xeral para a coordinación de urbanismo, enxeñería e arqueoloxía. Por iso, priorizouse, como ben sabe, que saíu en prensa hai uns días, que licenzas menores de 300.000 euros correrán directamente baixo a súa tutela.

Vostede, que é un gran técnico, e eu valoro a experiencia da xente que está nos nosos campos, teño que preguntarlle unha cousa. Que necesita máis a cidade? Tramitación áxil de licenzas de cambios de actividade ou pequenas reformas que necesiten aplicarse á normativa vixente ás ordenanzas da accesibilidade, ao CTE, etcétera, esa tramitación ten que ser áxil, ou dimensionar un departamento grande para que poidamos ter a fase previa e os estudos previos dunha obra? Eu non estou de acordo con iso. En resumo, non estamos a favor da proposición e entendemos que, aínda que fose a Xunta que financie estes estudos, tamén estaremos prexudicando á xente que se dedica a traballar neste nicho de mercado: empresas autónomos, que ti coñeces tamén. Si que os coñece.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Moitas grazas. Ten a palabra o concelleiro do Partido Popular, señor Cabarcos

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Digo que non vai contra eles. Que vai a favor deles. Quero dicir, esa persoa, ese traballo teñen que facelo especialistas que probablemente non estean no Concello. Trátase de contratar axeitadamente e con previsión. De todas formas vouche dicir, porque me interesa moito esa frase de gobernar e decidir, efectivamente, que eu dixen. O que pasa é que o que non aparece na prensa é era en resposta a unha palabra ou unha pregunta que dicía se hai cartos para iso. Non quero facelo, porque non vai por aquí e seguro que alcaldesa me vai parar, pero vostede ten na cabeza moitísimas intervencións recentes que non valen para nada, que custaron un pastón e que a xente ten perfectamente na cabeza moitas intervencións que non eran preferentes e que non traen beneficio a ninguén.

Isto si trae beneficio. Isto si dinamiza o centro e as mudas de pavimento que se están facendo agora mesmo, con exterminio de beirarrúas que se están facendo agora non traen os beneficios que traen sacar adiante esta proposta.

Toda a xente que queira sacar unha iniciativa agora en Lugo, cunha actuación previa por parte do Concello, axudándolles a saber en que momento e en que punto poden ter máis dificultades, sería moi beneficioso. Toda esa iniciativa privada moveríase dun xeito moitísimo máis áxil e con moitísimo menor risco.

Entón, non prexudicanos a ninguén, simplemente se trata dun traballo. Claro, se é darlle unha patada para arriba e que traballen os outros pois tamén vale, pero realmente a iniciativa debería partir do Concello, aínda que o custo non o asumise integramente o Concello, que non é o que nós pedimos nesta proposición.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Mire, antes de votar quero contestarlle a unha cousa. Esa matización que fixo ao principio, precisamente, que non tiña que ver con esa proposición, pero quero contestarlle na proposta, na proposición, volvo lela. Regularización e ampliación das instalacións actuais da Sociedade Protectora. Mire, ampliar é aumentar e ensanchar, alargar, agrandar e incrementarse. Unha Real Academia, e regularizar, legalizar e adecuar a dereito unha situación de feito irregular. Ningunha, perdón. Estou falando. Pido respecto e pido educación. Na súa proposición, votamos en contra da súa proposición, porque o que propoñen é ilegal. Ilegal.

Non propoñen facer un novo edificio na mesma tal ou que continuemos no matadoiro con fondos europeos. Vostedes están facendo unha proposición ilegal e por iso votamos en contra.

Quero que quede perfectamente claro, e respecto desta última, vostedes queren que lle fagamos o traballo, sobre todo aos promotores privados. Está claro, se se le toda a intervención, iso é o que queren, e cada un terá que facer o seu. Nós non imos investir fondos públicos en parcelas privadas, vale?

Polo tanto, imos votar.

14/31 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 78/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE AMPLÍE O NÚMERO DE OPERARIOS E O HORARIO DOS ENTERROS NO CEMITERIO DE SAN FROILÁN (Exp. 2024/G004/000111).

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“Ata o ano 2020, os enterramentos no Cemiterio de San Froilán celébranse en horario de mañá e tarde. Coa chegada da pandemia, o goberno municipal reduciu considerablemente o horario, e desde entón os enterramentos téñense que facer entre as 10.00 h e as 13.30 h de luns a domingo, privando aos lucenses facelos en horario de tarde.

Esta situación poderíase evitar cunha mellor coordinación e planificación do PSOE e BNG, xa que, unha vez máis, a falta de operarios municipais afecta aos servizos que o Concello de Lugo presta á veciñanza. Actualmente, hai 6 traballadores no Cemiterio: 1 encargado, 3 oficiais sepultureiros e 2 operarios de

cemiterio, polo que é imposible que se fagan enterramentos polas tardes, xa que se precisarían 8 operarios.

É necesario que se cubran as vacantes dispostas na RPT para así poder restablecer o horario do Cemiterio ao que había antes da pandemia. O goberno municipal debe darlles facilidades aos lucenses en lugar de aplicar medidas restritivas.

Por iso, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da corporación municipal ACORDE:

- Que se leven a cabo as medidas oportunas para aumentar o número de operarios do Cemiterio Municipal e así poder ampliar o horario dos enterramentos á quenda de tardes."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrito.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular. Señor concelleiro. Ten a palabra.

- **GUSTAVO DÍAZ REY:** Muchas gracias, alcaldesa. También desde nuestra parte desearle lo mejor a Manuel en sus nuevos retos, que seguro que así será.

La verdad es que los acontecimientos de los últimos días nos permiten sacar claras conclusiones. Este grupo de gobierno del Partido Socialista y del Bloque Nacionalista Galego carece de iniciativa, carece de impulso y carece de gestión. Claramente está siendo la oposición la que está dotando de contenido y debate al órgano de representación de los lucenses. Prueba de ello es esta composición que el grupo municipal del Partido Popular trae hoy al pleno, un pleno que hoy especialmente ha dejado patente la falta de cohesión interna del equipo de gobierno.

Parece que esa diarrea propositiva a la que aludía la que hoy es alcaldesa, la señora Alvarells, va dando ya sus frutos y va marcando el paso del actual gobierno

de Lugo. Estoy sorprendido: la prensa y las redes sociales se han hecho eco justamente en el día de ayer de que por fin han decidido ampliar el horario de los servicios de enterramiento en el cementerio municipal, algo que desde largo tiempo veníamos reivindicando desde nuestro grupo.

Reconozco que me sorprende que el voto favorable a nuestra proposición se haya hecho público en la prensa antes de haberlo traído a debate a este pleno. Sorprendido y también preocupado. Ampliar el horario del cementerio exige una planificación y un esfuerzo de muchas partes implicadas. Hace más de 20 años, la plantilla encargada de estos servicios estaba formada por ocho personas. A día de hoy son solamente cinco, pendientes de una nueva incorporación, según lo que leemos en el periódico, claro, con lo que como mucho podrían llegar a ser seis trabajadores para desempeñar estos trabajos.

Es más, en palabras de la propia concejala, la señora Cristina López, una circunstancia que dificultaba reestablecer este servicio público con calidad para los ciudadanos y con unas condiciones laborales adecuadas para los trabajadores, es que la plantilla del cementerio no estaba al completo.

Pues no, efectivamente, no lo estaba ni tampoco lo está ahora. Continúan ustedes infravalorando el impacto que tiene una incorrecta gestión del personal, la sobrecarga de trabajo, producto de la desorganización o de una improvisación acelerada para conseguir un titular de prensa puede tener consecuencias muy negativas y este gobierno no es precisamente ejemplo de una buena gestión de personal como últimamente estamos viendo casi a diario en las distintas áreas del Concello. ¿Cuáles son sus planes para llevar a cabo el compromiso adquirido con los ciudadanos? ¿Cómo planificar la ampliación del servicio de enterramiento en horario de mañana y tarde y, sobre todo, para cuándo?

A día de hoy no tienen ustedes los recursos humanos suficientes para llevar a cabo los servicios de enterramiento en horario de mañana y de tarde durante los 365 días del año.

Y eso es un hecho. Y por si esto no nos generase la suficiente incertidumbre, añadido también que en opinión de la señora Cristina López, parece que, entre comillas, subyace el interés del área socialista del gobierno para privatizar la gestión del servicio.

Visto lo visto, nos encontramos ante un partido socialista que quiere privatizar el servicio al cementerio y un Bloque Nacionalista Galego que pretende ampliar el horario, pero para ello depende del área de personal, gestionada a su vez por el Partido Socialista, un Partido Socialista que lejos de predicar con el ejemplo de mantener los servicios públicos parece no estar dispuesto a cumplir las vacantes necesarias.

Es por ello que desde el grupo municipal del Partido Popular solicitamos la ampliación del número de operarios hasta completar la plantilla necesaria para poder hacer efectiva la amplitud de horarios sin perjuicio de sus condiciones laborales.

Aunque sean las redes sociales y la prensa los medios que ustedes han elegido para tratar las iniciativas de gobierno, entendemos que su voto será a favor de

nuestra proposición, apelando a su coherencia y a sus propias palabras. Muchas gracias

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Muchas gracias, señor Díaz. Ten a palabra a voceira do goberno Cristina López.

- MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: Moi bo día a todos e a todas. A verdade é que escoitando as súas palabras faime moita graza. O Partido Popular está instaurado de forma sistemática en recorrer á prensa e a raíz do tema da prensa despois traer aquí as proposicións. Así vemos que a proposición número 71 foi tratada o 14 de febreiro; a proposición 76, o 7 de febreiro; a proposición número 77, o 9/11/2022, e esta, pois o 9 de febreiro.

É dicir, o Partido Popular trae as propostas en función do que se sae nos titulares de prensa. É dicir, que me imaxino que estarán coidando moi ben os distintos medios de comunicación da nosa cidade, xa que lles están facendo máis da metade do traballo que vostedes fan aquí.

Entón o único que temos facer para saber que vai traer aquí o Partido Popular o único que temos que ver son as notas de prensa que se publican ao longo do mes. Iso poden comprobalo perfectamente, todo o que estou dicindo.

Con respecto ao tema do cemiterio, esta cuestión tratouse en diferentes momentos ao longo destes anos, a raíz do tema da pandemia, da decisión que houbo que adoptar para poder facer isto así, para poder atender o que sería o servizo de enterramentos e ao mesmo tempo poder atender a todas aquelas persoas que se queiran achegar ás súas construcións que alí teñen a visitar alí aos seu falecidos.

Neses momentos adoptouse esa decisión de había que ter uns enterramentos nun horario e poder facilitar as visitas noutro. Non había outra maneira de facelo.

Ao longo deste tempo, e a medida que foi xurdindo e que saímos do estado de pandemia, desta situación, falouse en diversas ocasións cos distintos axentes que interveñen no tema dos enterramentos, e falouse deste tema, de como estaba e que necesidades ou inquedanzas tiña a veciñanza con respecto ao tema dos horarios. Se eran compatibles, se non eran compatibles, se o feito de enterrar polas mañás era algo que se quería seguir facendo ou non. En todo momento se atenderon todas as solicitudes e todas as inquedanzas que ten a cidadanía neste respecto.

Recentemente, no mes de febreiro, a principios do mes de febreiro e non a iniciativa do Partido Popular, senón iniciativa doutra xente, pois trasládase ao noso servizo unha inquedanza de que se fagan os enterramentos tamén en horario de tarde.

E así se responde. É dicir, como sempre, o Partido Popular trae cuestións nas que o goberno xa está traballando nelas, e así se lles trasladou, que se ían facer os estudos necesarios para poder atender se, efectivamente, había unha inquedanza por parte da cidadanía de Lugo e que se fixeran enterros de tarde. E a conclusión á que chegamos foi que efectivamente si estamos en disposición de poder facelo.

No momento en que ese traballador, que non temos seis, temos sete traballadores no cemiterio, ese traballador, se cubra a vacante, que será en días próximos. A día

de hoxe xa se estaba traballando nelo, pois estamos en disposición de poder facer os enterramentos están tanto en horario de tarde como en horario de mañá.

Isto de que é imposible que se fagan enterramentos polas tardes, xa que se precisan oito operarios. Eu non sei de onde sacan eses cálculos nin como fan esas medidas nin demais.

Eu estoulle dicindo que nós estamos en disposición de facer eses enterramentos no momento que teñamos a plantilla ao completo. e así se vai facer.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra novamente ao señor Díaz.

- **GUSTAVO DÍAZ REY:** Muchas gracias. No me quedó claro si hay inquietud o no hay inquietud. Si nos dice que están a disposición, no nos dicen cuándo. Quiero que entienda que lo que traemos a pleno no es una proposición caprichosa del Partido Popular. Que ante quienes ustedes responden no es ante nosotros. Nuestra petición responde a una reivindicación de los ciudadanos, a una necesidad de los trabajadores del servicio del cementerio y una obligación que tenemos desde esta corporación de escuchar y atender a las necesidades de los ciudadanos de Lugo. Por ello, su voto no debería responder a una rivalidad partidista o una confrontación entre dos partes. Tampoco sus problemas internos o sus rivalidades dentro del grupo de gobierno pueden perjudicar a servicios tan sensibles como el que estamos tratando ao mesmo.

Le recuerdo oque usted ha dicho en la prensa, en relación con el tema que estamos tratando: el Concello busca dar respuesta a la demanda social, la misma demanda que este grupo municipal trae hoy a pleno. No queremos que todo esto se quede en meras palabras o en un titular de prensa.

Le repito, queremos que los servicios del cementerio vuelan a funcionar en horarios de mañana y tarde, como se venía haciendo antes da pandemia y queremos que se restablezcan esos servizos y no a costa de los trabajadores que están ahora en activo, sino con una buena gestión del personal, ampliando la plantilla y sin menoscabar sus condiciones laborales.

Y queremos también que se restablezcan a la mayor brevedad posible, en beneficio de la ciudadanía, queremos saber cuándo lo van hacer, y les pedimos también que las redes sociales, en contra de lo que usted está diciendo, no sean el único canal de comunicación de la gestión de su gobierno, o al menos de su forma de relacionarse con la oposición.

Con esta vuelta a la normalidad, la ciudad de Lugo volverá a prestar un servicio esencial en las mismas condiciones que en el resto de ciudades de nuestro entorno.

Gracias.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Díaz. Doulle a palabra á portavoz do Goberno.

- **MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** A proposición súa non é caprichosa, o que é totalmente oportunista. Vólvollo a reiterar, vostedes veñen aquí a golpe de proposición según as noticias que saen en prensa. Nin máis nin menos. É dicir, nestes momentos, non é ningún tipo de... Non é...

-**MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Volvo avisar que se pide un respecto e unha educación neste pleno.

- **MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Entón, reitérome, estamos en disposición, sen menoscabo de ningún tipo de dereito con respecto ao tema dos traballadores, en disposición... é que parece que ata lles molesta que esteamos agora dicindo que imos enterar pola mañá e pola tarde.

Que pasa que a idea non é súa, señores? Nós levamos traballando neste tema durante moitísimo tempo. Nós estamos cunha escoita activa para todas aquelas demandas que nos teñen os veciños e as veciñas de Lugo. Estamos en contacto en todo momento con todos os actores que interveñen neste tema. O que pasa é que agora parece, dáme a sensación, polo que vostede está dicindo, que ata lle molesta que se adopten as decisión que a veciñanza nestes momentos require e que estamos en disposición de facelo.

Nós non temos ningún tipo de conflito entre ningunha parte do goberno. Nós estamos todos á unha e cada un ten competencias dentro das súas áreas, que se trasladan a outra parte do goberno e que sempre chegamos a momentos de entendemento.

Temos moi claro que o servizo do cemiterio é un servizo esencial. Así se tratou en todos os momentos da pandemia e demais. En todos momentos o servizo de persoal sabe que é un servizo esencial e como tal así o trata. En todo momento se substitúen todos os traballadores, que nalgún momento dado están por vacacións e demais e porque teñen moi claro que é un servizo esencial que estamos dando.

É dicir, non hai ningún tipo de fricción por parte do momento. Isto que quede moi claro.

En canto poidamos, é dicir, canto antes, vaise restablecer o servizo. A pesar dos pesares, que parece que teñen vostedes, de que o servizo non se restableza en quendas de mañá e tarde, polo que vexo que están vostedes dicindo.

-**MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Última quenda para o señor Díaz.

-**GUSTAVO DÍAZ REY:** Le digo máis. Lejos de molestarnos, estamos satisfechos con que nuestras propuestas se lleven a cabo. Ese es el único objetivo que tenemos, y es lo está pasando. Demostrada una vez más la satisfacción de mi grupo por el anuncio de la ampliación del horario, como venimos solicitando desde el grupo municipal del Partido Popular y la confirmación de que es la oposición la que está marcando los ritmos y las iniciativas del Concello de Lugo aunque por mero postureo político vayan a votar hoy en contra a nuestra proposición.

Creo también que los conflictos entre las distintas áreas, PSOE, cuestiones de personal, Bloque Nacionalista Galego, están perjudicando gravemente el funcionamiento de los servicios que ofrecen a la ciudadanía.

Nos quedamos con muchas dudas y con muchas incertidumbres. También pedimos al grupo socialista que predique con el ejemplo y se comprometa a apostar por lo público como se arrojan en cada uno de los actos públicos en los que participan. Nada más, muchas gracias.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Díaz. O primeiro que quero dicir é que volvo rogar o respecto e a consideración que ten este lugar. E tamén pido educación. A educación hai que traela posta de casa. Aquí hai dúas bancadas e hai unha diferenza palmaria entre unha e outra.

Soamente vexo interrupcións dun lado, soamente vexo berrar, interromper e intentar que non se fale dun lado. Do outro non o vexo en ningún momento. Vexo respecto, vexo calar, vexo estar esperando ao seu momento para falar.

Polo tanto, pido que sexamos iguais. E creo que xa o pedín varias veces. Polo tanto, iso, respecto ao lugar no que estamos e educación. Volvo pedilo.

Por outra parte, señor Díaz. ¿Coñece vostede a RPT deste concello? Sí? Pode dicir que si, pero podería facerlle unha pregunta máis complexa. Poderíame dicir como se compón na RPT o servizo de... (voces de fondo) ...

Mire, non. Na RPT non hai 8 operarios como lle dixo... Está... A ver... Está claro que a vostedes lles escribiron a proposición e non coñece para nada como funciona a RPT. Ademais a RPT neste momento estaba ao 100% hai uns días e agora mesmo estamos á espera porque houbo unha baixa, pero a RPT non se pode ampliar nin se pode estirar como un quere, nin tal. Unha RPT hai que cumplila e está aí, para que estea ao 100% do servizo.

E se a concelleira lle di que estivo agora mesmo por unha circunstancia particular non está, pero está a punto de estalo outra vez, non podemos estirallo máis, señor Díaz. Polo tanto... Iso é unha cuestión de goberno que, pero a RPT estará 100% e, polo tanto, o serviz que xestiona di que pode levar a cabo eses traballos. Polo tanto, o que pon de manifesto é que descoñece o que é unha RPT. Está claro.

Imos votar esta proposición.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

15/32 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 9 DE XANEIRO DE 2024, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN (Exp. 2024/G004/000075).
--

En conformidade co informe do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus Delegados e Delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, dende o día 9 de xaneiro de 2024, coa numeración 113/2024 a 1228/2024, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2024.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

16/33 DACIÓN DE CONTA DA MODIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 6005/2023, DO 30 DE XUÑO, POLO QUE SE APROBOU A COMPOSICIÓN DA XUNTA DE PORTAVOCES DO CONCELLO DE LUGO (Exp. 2024/G004/0000093)

Ó Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** da modificación do Decreto número 6005/2023 do 30 de xuño de 2023, polo que se aprobou a composición da Xunta de Portavoces do Concello de Lugo e que, a seguir, se transcribe:

“Excma. Sra. alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

Visto o Decreto número 6005/2023, do 30 de xuño de 2023, polo que se aprobou a composición da Xunta de Portavoces deste Concello e logo da nova organización municipal xurdida tras a toma de posesión da nova alcaldesa no Pleno celebrado o pasado día 18 de xaneiro, o grupo municipal do PSdeG-PSOE designa nova voceira do dito grupo e suplente dela.

Á vista do anterior, esta Alcaldía **DISPÓN**:

Primeiro.- Modificar o Decreto número 6005/2023, do 30 de xuño, polo que se designou a Xunta de Portavoces do Concello de Lugo, no que atinxe ao grupo municipal do PsdeG-PSOE.

Segundo.- Designar portavoz e suplente do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE ás persoas que, a seguir, se relacionan:

GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE

Portavoz:

Dona Ana María González Abelleira.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac7729232221313772738.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-2-2024

Suplente da portavoz:

Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

Terceiro.- Manter a composición dos restantes grupos municipais de tal maneira que a Xunta de Portavoces quedará como segue:

GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE

Portavoz:

Dona Ana María González Abelleira.

Suplente da portavoz:

Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Portavoz:

Don Rubén Arroxó Fernández.

Suplentes do portavoz:

Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Don Alexandre Penas Roibás.

Dona María Cristina López Fernández.

Don Felipe Rivas Jorge.

GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Portavoz:

Dona Elena Candia López.

Portavoz suplente:

Dona Cristina Sanz Arias.

Portavoz adxunto:

Don Enrique Ceferino Rozas López.

Portavoz adxunto suplente:

Don Antonio Ameijide Osorio.”

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

TESOUREÍA

17/34 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓN DE TESOUREÍA DO MES DE XANEIRO 2024.

En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do

Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de XANEIRO de 2024, coa numeración 1/2024 a 12/2024.

Do 01 ao 31 de XANEIRO de 2024 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2024/T030/000001	Resolución Tesourería recursos contra providencia de constrinximento e dilixencia de embargo Domínguez Moledo Joaquín María	2024/1	11/01/2024
2024/T030/000002	Resolución Tesourería ANA CELIA GARCÍA RODRÍGUEZ (Deixar sen efecto providencia de constrinximento en concepto de taxa polo subministro de auga, sumidoiro e recollida de lixo 1T/2023) Nº RECIBO 11371531	2024/2	12/01/2024
2024/T030/000004	Resolución Tesourería JUAN MIGUEL RAMOS PEREZ (Deixar sen efecto providencia de constrinximento e dilixencia de embargo en concepto IVTM ano 2022)	2024/3	18/01/2024
2024/T030/000003	Resolución Tesourería Pilar Núñez-Torrón coherdeira de E.NT.C (Deixar sen efecto providencia de constrinximento e dilixencia de embargo en concepto de taxa polo subministro de auga, sumidoiro e recollida de lixo 2T/2019-2T/2023)Nº RECIBOS:9468816, 9698991, 9766960, 9848370, 10018303, 10198444, 10269595, 10453692, 10530203, 10679684, 10783671, 10862736, 11042537, 11198460, 11310732, 11387282, 11567424)	2024/4	18/01/2024
2024/T030/000005	Resolución Tesourería.-Inadmisión Recurso reposición presentado por JAVIER FERNANDEZ FERNANDEZ contra a providencia de constrinximento (multa 2021-P-0001144).	2024/5	19/01/2024
2024/T030/000006	Resolución Tesourería resolución recurso contra providencia constrinximento Casa Pozo SC	2024/6	19/01/2024
2024/T030/000007	Resolución Tesourería.-Inadmisión Recurso reposición presentado por MIGUEL ANGEL PAREJA GARCÍA contra a providencia de constrinximento (multa	2024/7	19/01/2024

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac7729232221313772738.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-2-2024

	2021-R-0005242).		
2024/T030/000008	Resolución Tesourería.-Inadmisión Recurso reposición presentado por MADERAS BUCOVINA SL contra a providencia de constrinximento (multa 2022B000000278 e 2022B000000255).	2024/8	24/01/2024
2024/T030/000009	Resolución Tesourería devolución embargo Moreno Ramos Rebeca	2024/9	25/01/2024
2024/T030/000011	Resolución Tesourería.- Recurso reposición ANTONI PEÑA DE LA CRUZ dilixencia de embargo multa 2021C0002401	2024/10	30/01/2024
2024/T030/000012	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia de apremio FRANCISCO JAVIER DOMINGUEZ REIGOSA SC multa 2021-B-0000192	2024/11	30/01/2024

De todo o cal a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

18/35 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO INFORME DE MOROSIDADE DO 4º TRIMESTRE 2023.

Ao abeiro do artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 05 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, DÁSELLE CONTA ao Pleno da Corporación do Informe de morosidade correspondente ao cuarto trimestre de 2023 emitido pola Tesoureira Municipal en data 29 de xaneiro de 2024 e que literalmente di:

«ASUNTO: INFORME DE MOROSIDADE DO CUARTO TRIMESTRE DE 2023.**LEXISLACIÓN APLICABLE.**

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- Guía do Ministerio de Economía e Facenda de 23/03/2011 para a elaboración dos Informes trimestrais que as entidades locais deben remitir ó citado Ministerio, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- Real Decreto-Lei 4/2013, de 22 de febreiro de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego

- *Real-Decreto Lei 8/2013, de 28 de xuño de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.*
- *Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do sector público (LCAP).*
- *Lei 11/2013, de 26 de julio, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*
- *Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da debida comercial no sector público.*
- *Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para a aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL).*
- *Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de 15/01/2014 relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).*
- *Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.*
- *Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a cumplimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.*

INFORME.

PRIMEIRO. A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira -LOEOESF-, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, despois de dispor que as actuacións das Administracións Públicas están suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira (art. 4 LOEOESF na súa redacción dada pola LO 6/2015), define ésta como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na Lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea. Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade. Para ou cumprimento do principio de sustentabilidade financeira as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.

O período medio de pago definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, mide o retraso no pago da debida comercial en termos económicos, como indicador

distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Durante o tempo de vixencia do Real Decreto 634/2014 xurdiron dúbidas sobre a súa compatibilidade coa Directiva 2011/7/UE, de 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como coa Lei 3/2004, de 29 de decembro.

Neste senso, a modificación efectuada polo Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, aclara a diferenza entre o concepto do período medio de pago a provedores ao que se refire a LO 2/2012, e o prazo máximo de pago a provedores ao que se refire a normativa en materia de morosidade. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar á adopción das medidas previstas na LO 2/2012 para o aseguramento de parte do pago. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas regras de cálculo cuxo incumprimento provoca o decheño automático de xuros da débeda impagada.

Coa entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, prodúcese unha modificación na metodoloxía do cálculo do Período Medio de Pago, xa que o cómputo realízase desde a aprobación dos documentos de conformidade das facturas incluídas no mesmo. Elo implica que o PMP xa non pode ser negativo e que non poida ser obxecto de comparación en termos homoxéneos cos calculados ata o mes de abril de 2018, o que sí pode seguir a facerse coas cifras de morosidade, se ben, o límite máximo segue situado en 30 días.

Para o cálculo do período medio de pago a provedores téñense en conta as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para a Financiación dos Pagos a Proveedores. Asimesmo, quedan excluídas as propostas de pago que sexan obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados polos órganos xudiciais ou administrativos.

SEGUNDO. *O artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, respecto da Administración Local, dispón que*

«3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos

nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes».

TERCEIRO. Os datos, obtidos do aplicativo da contabilidade municipal a 31 de decembro de 2023, e rendidos na Oficina Virtual de Coordinación coas Entidades Locais do Ministerio de Hacienda y Función Pública son os seguintes:

1. Obrigas pagadas en prazo.

No cuarto trimestre do ano 2023 realizouse o pagamento de 2.006 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 22.839.454,78 euros. De ditas facturas, 1.251 foron pagadas dentro do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas en prazo ascendeu a 16.841.469,84 euros.

O número de facturas pagadas en prazo supón o 62,36% do total de facturas, e o importe pagado en prazo supón o 73,74% do total pagado.

2. Obrigas pagadas fora prazo.

No cuarto trimestre do ano 2023 realizouse o pagamento de 2.006 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 22.839.454,78 euros. De ditas facturas, 755 foron pagadas fóra do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas fóra de prazo ascendeu a 5.997.984,94 euros.

O número de facturas pagadas fóra de prazo supón o 37,64% do total de facturas, e o importe pagado fóra prazo supón o 26,26% do total pagado.

3. Período medio de pago.

*O período medio de pago (PMPE) é de **58,25 días**.*

4. Facturas pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Do total de facturas quedaron pendentes de pagamento a 31 de decembro de 2023 1.754, que representan un importe global total de 9.145.913,67 euros.

Das anteditas facturas, 619, 5.182.168,79 euros estarían pendentes de pagamento pero aínda dentro do prazo legalmente previsto para poder efectualo. As 1.135 restantes, 3.963.744,88 euros, incumprirían o prazo legal de pagamento.

5. Período medio de pago pendente.

*O período medio de pago pendente (PMPP) é de **140,81 días**.*

6. Xuros de demora.

Durante o cuarto trimestre de 2023 aboáronse xuros de demora por importe total de 0,00 euros.

7. Períodos medios de pago mensuais:

Os períodos de PMP incluídos son os seguintes:

Periodos de PMP incluídos	PMP (días)
Outubro 2023	8,29
Novembro 2023	8,04
Decembro 2023	7,22

CUARTO. De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe remitiuse aos órganos competentes do Ministerio de Hacienda.

QUINTO. Os datos do cuarto trimestre 2023 reflicten unha mellora no procedemento de tramitación das facturas e no PMP, que levou a unha mellora dos datos e a un cumprimento dos prazos de morosidade trimestrais; neste trimestre o PMPE diminúe por debaixo do límite legal de 60 días, aínda que aumenta o PMPP respecto ao trimestre anterior.

A porcentaxe do número de facturas pagadas dentro do prazo legal increméntase e o importe total pagado en prazo aumenta de forma salientable respecto ao trimestre anterior, acadando un total de 1.251 facturas por un importe de 16.841.469,84 euros.

Non obstante, dita mellora pode estar producida, entroutros factores, polo efecto «fin de exercicio» que provoca que as Áreas Xestoras, coa finalidade de non perder o crédito existente e retido ou en fase D para gastos do exercicio corrente, axilicen de forma substancial a tramitación de facturas presentadas, polo cal **débase ser prudente respecto a mellora producida e continuar na senda da tramitación das facturas dentro dos prazos legais.** Evidentemente, **a redución do PMP respecto ao trimestre anterior tamén coopera ao cumprimento dos prazos legais de morosidade.**

O importe de facturas das compañías eléctricas historicamente **supón a maior parte do importe de facturas pendentes de pago**, tendo cando se lles presta conformidade nalgúns casos máis de 365 días de espera, e que de ser conformadas, deben aprobarse no Pleno Municipal mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito **o que alonga todavía máis os seus prazos de pagamento.** Este importe tan alto destas facturas e por ese longo prazo de espera, está alterando a media do cálculo do período de pago da normativa de morosidade. En calquera caso, incluso as que non teñen un período tan longo de espera, téñeno da suficiente entidade como para altera-los datos de pago do resto das facturas municipais que conforman os distintos Servizos e que se están a tramitar con normalidade e dentro dos prazos legais salvo excepcións. A sinatura do novo

contrato de subministración de enerxía eléctrica as instalacións municipais do Concello de Lugo permitiu acadar un lixeiro mellor control das facturas, así como unha melloría na xestión do procedemento de conformidade e tramitación das mesmas. Sen embargo, **a situación actual do contrato, vencido e en reparo,** está a alterar de novo os datos de morosidade.

Igualmente, existen facturas de subministración de electricidade de exercicios anteriores que figuran pendentes de pago e **das que resulta preciso levar a cabo unha labor de depuración** das mesmas en colaboración co servizo correspondente.

E non se pode esquecer que existen tamén outras facturas pendentes de pago de exercicios anteriores que tamén foi preciso levar a un recoñecemento extraxudicial de créditos a aprobar polo Pleno, polo que **resulta preciso que por parte das Áreas Xestoras se extreme a dilixencia debida na prestación de conformidade ás mesmas e na xestión dos gastos de forma que non queden pendentes facturas por falta de crédito axeitado e suficiente tanto de exercicios anteriores como no presente.**

Tal e como se ven informando de forma reiterada desde o exercicio 2016, dos datos que constan na Contabilidade Municipal pódese apreciar que desde que as facturas son aprobadas polo órgano municipal competente e se realiza a toma de razón na contabilidade municipal (fase «P» contable) ata que a Tesourería realiza o seu pagamento **transcorren escasos días**, o que pon de manifesto **que durante o cuarto trimestre de 2023 non existiu un problema de liquidez nin imposibilidade financeira ningunha que impedira poder afrontar os pagamentos municipais dentro do período medio de pago.** De feito, desde o cambio no cálculo do PMP pola entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, que pasa a medir os días que transcorren desde a aprobación das facturas ata o seu pago efectivo, o PMP do Concello de Lugo atópase por debaixo dos 30 días legalmente establecidos. Igualmente, os reducidos períodos medios de pago do Concello coadxuvan á mellora dos datos de morosidade, xa que apenas suman días aos de tramitación das facturas.

Así pois, os incumprimentos que se teñen producido en materia da normativa de morosidade seguen a reflectir unha deficiente e lenta xestión interna na tramitación administrativa das facturas que debe continuar mellorando.

SEXTO. Tal e como xa se dixo en informes anteriores, o calendario fiscal fixado por esta Tesourería Municipal desde o ano 2012 reparte ao longo do exercicio económico tódolos padróns fiscais máis importantes en cuantía para garantir que durante todo o ano se produzan ingresos e evitar desequilibrios de liquidez na tesourería, ademáis de repartir no tempo a carga tributaria para o contribuínte.

Finalmente, o Calendario e Orzamento de Tesourería realizado para a subministración de datos na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais no cuarto trimestre de 2023 segue estimando que se garantiza a

cobertura financeira e de liquidez das obrigas que se puideran aprobar e que se atopan pendentes.

Reitérase por tanto a necesidade de tramitar nos prazos establecidos na normativa de morosidade as facturas que están pendentes así como as que entren por rexistro de entrada (prestación de conformidade á mesma ou rexeitamento) para evitar incumprimentos e, sobre todo, o abono de xuros de demora aos contratistas, o que xera un prexuízo económico a esta entidade».

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

INTERVENCIÓN

19/36 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO 4º TRIMESTRE DE 2023.

En conformidade co previsto na Base 31 de Execución do Orzamento Xeral do exercicio 2023, remítese información ao Excmo. Concello Pleno, da situación económica do estado de execución orzamentaria correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2023, en base á información rendida ao Ministerio de Facenda e Función Pública mediante os formularios remitidos a través da plataforma OVEL, según anexo que obra no expediente.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 83/2024, PARA QUE SE FAGA UN PLAN DE REURBANIZACIÓN E REVITALIZACIÓN DO BARRIO DA PONTE.

Visto o referido escrito cuxo texto é do seguinte teor:

O barrio da Ponte é un barrio esquecido polo goberno municipal. En 9 anos apenas fixeron investimentos e a propia Lara Méndez admitiu que mentres foi

Alcaldesa da cidade só o visitou para as festas. O barrio cada vez está máis deteriorado, con un acceso intransitable o local social, sen parques infantís e con zonas que non teñen nin beirarrúas. Todo isto está a provocar que cada vez pechen máis negocios.

Os veciños trasládannos ou seu malestar, Lugo non pode seguir vivindo de costas ao río.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO A PLENO para que se faga un plan de urbanización e revitalización do Barrio dá Ponte, que contemple diferentes accións para que o barrio non siga no esquecemento do goberno do PSOE e BNG.

DELIBERACIÓN

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moi ben. Ten a palabra polo grupo municipal do Partido Popular Cristina Sanz.

-CRISTINA SANZ ARIAS: Ben, grazas alcaldesa. Bo día, señoras e señores concelleiros.

Si algo caracteriza desde el primer momento el modo de trabajar de este grupo municipal, pues es nuestra labor a pie de calle y el contacto estrecho y permanente que mantenemos con los vecinos.

Y tras oír sus necesidades diseñamos propuestas en positivo con las que pretendemos mejorar la calidad de vida de los lucenses. En este contexto, desde este grupo mantenemos reuniones periódicas y permanentes, tanto en los barrios como en las parroquias, de ahí nos nutrimos preferentemente, señora López y no solo de lo que sale en prensa.

En cualquier caso, en este ruego en concreto voy a referirme a las necesidades que nos trasladan en esas reuniones desde uno de los barrios más bonitos, pero también más deteriorados de la ciudad, que es el barrio da Ponte.

Estamos ante un barrio en el que durante los últimos nueve años apenas se hicieron inversiones y según nos trasladan, ni tan siquiera es visitado por el equipo de gobierno más allá de las fiestas.

Estamos ante un barrio cada vez más deteriorado, un barrio que languidece, con un acceso intransitable a su local social, sin parques infantiles y sin elementos tan esenciales para la vida como aceras en determinadas zonas.

Estamos ante un barrio en el que estas carencias motivan que cada vez resulte más incómodo vivir o desarrollar unha actividad económica allí, con negocios que cierran día a día.

Ante esta situación, invito al gobierno municipal a que visite la zona, a que hable con los vecinos y constate la decadencia de uno de los barrios que en décadas fue uno de los más atractivos y dinámicos de Lugo.

Hay que actuar de manera urgente para proteger su entorno y a las personas que allí viven. Hay que actuar de manera urgente para devolver al barrio da Ponte la calidad de vida que históricamente tuvo.

Urxe un plan que compense a los vecinos da Ponte que viviron, por exemplo, la peatonalización del Puente Viejo, sin que se les fuese ofrecida ninguna alternativa de acceso, lo que afectó, como todos sabemos, a que se cerrasen un montón de negocios. O que tambien vivieron en justicia de quedar fuera de los fondos Muramillae, ya que fueron concebidos para unir el río con la ciudad y sorprendente y lamentablemente dejan fuera al único barrio que está ubicado en el entorno del río.

Lugo no puede seguir vivindo de espaldas a una zona en la que se encuentran elementos de extraordinario valor. Lugo no puede seguir viviendo de espaldas al río Miño, al puente romano, al balneario y a las personas que allí viven o trabajan.

Pues por todo lo que acabo de explicar, por medio de este ruego el grupo municipal popular solicita a este Concello que elabore un plan de urbanización y rehabilitación del barrio da Ponte, que contemple diferentes acciones, con el fin de que el barrio no siga siendo el gran olvidado por parte tanto del PSOE como del BNG.

Muchas gracias.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Goberno, Alexandre Penas.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moitas grazas, alcaldesa. Pois lendo este rogo onde se din frases como un plan que contemple diferentes accións, sen concretar dende logo cales, onde se di acceso intransitable ao local social que, como deben saber, non é terreo municipal, onde se di que Lugo non pode seguir vivindo de costas ao río. Eu dende logo nego a maior. Creo que é un rogo que non di nada concreto, que vai un pouco na liña de traer a este pleno malestar, crispación e, dende logo, falta de propostas, non?

Porque eu se son veciño do barrio da Ponte e me din que necesita mellores inversións, eu direi que si, que dende logo, claro, pero tamén se son veciño de Fingoi e doutros barrios.

Eu creo que esta estratexia que están traendo, e aquí díxose que dende hai un ano se nota moitísimo, pois con este rogo está afondando nela. Quizais o bipartito ideolóxico que teñen con Vox, que aquí ningún concelleiro de Vox, pero que podería habelo, porque ideoloxicamente hai varios dos seus concelleiros que senten moitísimo máis cómodos con esa ideoloxía en moitísimos temas.

Cando falamos de que non se inviste nos barrios, cando non falamos de que non se inviste nos barrios, falamos de que non se inviste en Fingoi, en Paradai, e recalco o de hai un ano, en Paradai. En Paradai, según chegaron, a súa voceira actual xa dixo que da Xunta nada, que iso non era prioritario. Iso dixo según chegou hai un ano. E vostedes, o Partido Popular de Lugo, van todos detrás. En Fingoi, en Paradai, na Piringalla, en Albeiros, nas Gándaras, e tamén no barrio da Ponte investimos. Dende o Goberno acábanse de facer bastantes obras nese barrio este ano, importantes, con fondos europeos, a calzada da ponte ao seu paso pola Nacional VI, e despois desde outras áreas moitisimas máis, que se me dá tempo as digo. Nos últimos 2-3 anos. Moitísimas. Outra cousa é que algún militante de

vostedes lle trasladen que non lles chega porque diante da súa casa non se fixo, pero teño aquí unha lista delas, que son moitísimas.

Pero igual vostede non seguiu a política local durante estes tres últimos anos e non o pode saber, pero o Partido Popular de Lugo eu creo que debería saber, a non ser que cambie de estratexia, que o que quere é mentir e facer demagogia. Se ese é o obxectivo, eu sinto moitísimo que sexa vostede a portavoz desta estratexia, porque creo que non... Que vostede non cre nese tipo de política.

Dito isto. Nós, por exemplo, vou falar da miña área. O 100% do gasto en investimentos, gastámolo todo.

Hai que dicirle ao veciño que se gasta todo en distintos barrios, no barrio da Ponte tamén moitísimo. O que non gastamos, o que non gasta moitas veces a Xunta, que ten que devolver a outras administracións ou cando os veciños da Ponte, de Fingoi, pagan impostos como o canon da auga para que a Xunta logo invista en Lugo, vostedes non o fan.

E iso tamén hai que dicirlo aos veciños da Ponte, que nós gastamos ao 100% e vostedes non gastan o que teñen consignado á hora de investir e nin sequera os impostos que pagan os lucenses que deberían investir en Lugo.

Entón eu, como conclusión, direi que seguiremos traballando para equilibrar os investimentos en todos os barrios e rogo que vostedes ogallá cambien de dirección e que deixen un pouco o que é a crispación e que fagan, digamos, unha oposición digna en beneficio de todos os lucenses.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Penas.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 84/2024, PARA QUE SE TEÑAN EN CONTA VARIAS INCIDENCIAS EN LOCAIS ELECTORAIS E TEÑAN EN CONTA PARA OS VINDEIROS COMICIOS.

Visto o referido escrito cuxo texto é do seguinte teor:

O pasado 18 de febreiro celebráronse as eleccións o Parlamento Galego que reuniron nos colexios electorais de Lugo as mais de cen mesas nas que a veciñanza foi a votar. Durante o día houbo varias incidencias como as que continuación se detallan:

- Nalgunhas zonas do rural non se podía acceder o colexio electoral porque o aceso estaba embarrado e non entraban os coches.
- Os baños non tiñan auga.
- Os membros da mesa queixábanse porque pasaban moito frío, xa que a calefacción non funcionaba ou non había, e a potencia de luz non era suficiente para poder enchufar un radiador. Noutros casos pasaba o contrario, a calefacción estaba moi alta e tiñan as ventás abertas.
- Ascensores estragados, o que facía que os membros da mesa tiveran que sacar a urna a rúa.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO A PLENO para que nos próximos comicios se teñan en conta estas incidencias e que os membros

da mesa poidan pasar a xornada electoral de máis de 12 horas nunhas mellores condicións.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Doulle a palabra á concelleira do Grupo Municipal Popular, Aurora Goás.

- **AURORA AIDA GOÁS CASTRO:** Moitas grazas, señora alcaldesa.

Co seu permiso e o de toda a Corporación quería facer unha mención especial no Día das Enfermidades raras a unha das enfermidades priónicas que se chama a insomnio letal, que é maligna, que afectou a un varón lucense, por iso a traio a colación, de 49 anos que faleceu.

Na súa investigación desta enfermidade está contribuíndo a Xunta de Galicia con fondos e dunha forma moi activa a nosa portavoz, dona María Elena Candia.

Moitas grazas por permitirme facer esta reflexión.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señora Goás, hai unha declaración institucional que se vai facer hoxe. Creo que non fai falta agora. Céntrese no rogo, que é no que estamos.

- **AURORA AIDA GOÁS CASTRO:** Pois interpreteino mal. O pasado 18 de febreiro celebráronse as eleccións ao Parlamento galego, que reuniron nos colexios electorais de Lugo a máis de 100 mesas nas que a veciñanza foi votar.

Durante o día houbo incidencias que vou detallar a continuación, aínda que aínda nos seguen chegando incidencias por parte dos veciños dos distintos problemas que xurdiron neses colexios electorais.

Ben, nalgúns zonas do rural non se podía acceder ao colexio electoral porque o acceso estaba embarrado e non entraban os coches, sendo solo público xa insisto, solo municipal.

Os membros da mesa queixábanse nalgúns casos porque pasaban moito frío, entre eles nalgúns colexios que eu visitei, xa que a calefacción non funcionaba ou non había. A potencia da luz tamén era insuficiente para poder acceder ao radiador. Noutros casos pasaba o contrario. Estaba a calefacción moi alta, tíñanse as ventás abertas, coa perda enerxética correspondente.

Noutros colexios encontrámonos con ascensores estragados, que fixeron que os membros da mesa tivesen que saír coa furna á rúa.

Tamén os accesos aos locais non estaban perfectamente adaptados nalgúns deles, por iso nos presentaron bastantes incidencias as persoas con mobilidade reducida e persoas con discapacidade funcional.

Outra cousa que tamén queríamos reflectir é que os baños nalgúns colexios non tiñan auga, outros baños estaban pechados, os que estaban máis pretos dos colexios. Neses casos, o que se fixo foi chamar aos representantes do Concello que estaban encargados de cada mesa para ver se co servizo de mantemento

podían vir a abrir esas portas para poder acceder con facilidade aos baños. E non foi posible. Nas doce horas non foi posible que ningún do Concello se puidese achegar para solucionar eses fallos.

O grupo municipal...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Goás. Acabou o seu tempo. Ten a palabra a voceira do goberno, Ana González Abelleira.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Grazas. Dos 125 colexios e mesas electorais que hai no Concello de Lugo só temos manifestamente constatado que houbo problemas nunha e que se solucionaron, concretamente na zona rural.

Eu, que o piso estea embarrado se chove moito e demais, dende logo creo que non impediu a ningunha persoa poder entrar a votar, a exercer o seu dereito. Alí onde houbo incidencias, como ben di vostede, trasladouse o personal da administración e, en todos os casos onde foi requerida a súa atención, pois se puxeron os medios necesarios para que as persoas exercesen o seu dereito a voto.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 85/2024, PARA QUE SE FAGA UN PLAN DE TURISMO ONDE LUGO SEXA O GRAN MOTOR DA PROVINCIA.

Visto o referido escrito cuxo texto é do seguinte teor:

Unha das fontes de ingresos para a nosa cidade é o turismo, un potencial que podería ser un referente tanto a nivel nacional como internacional.

Para conseguilo é preciso que sexa un dos piares estratéxicos da política municipal, centrándose nun Plan de Turismo onde Lugo sexa o gran motor da provincia. É necesario que se elaboraren novos roteiros na cidade, como pode ser o roteiro dos escudos, roteiro das balconadas etc...

Desta forma poñeremos en valor o patrimonio de Lugo e así poder ensinar aos nosos turistas una das moitas riquezas que ten a cidade.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO A PLENO para que se faga un plan de turismo onde Lugo sexa o gran motor da provincia.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moi ben. Doulle a palabra ao concelleiro do grupo Municipal do Partido Popular, Agustín Gallego.

- **AGUSTÍN GALLEGO VIGO:** Sí, buenos días. Gracias, señora presidenta. Lugo necesita un plan de turismo con un enfoque de altura. El turismo con su capacidad para impulsar la economía y resaltar la riqueza cultural e histórica de Lugo se erige como una poderosa fuente de ingresos de la que Lugo carece.

Se puede decir que Lugo se presenta como un diamante en bruto, solo nos falta ser capaces de convertirlo en un referente turístico a nivel nacional e internacional.

Para ello es necesario un plan estratégico ambicioso. Una de las estrategias claves dentro de este plan es la diversificación de la oferta turística. Esto se puede lograr implementando la creación de nuevos itinerarios y rutas, que resalten nuestro patrimonio. Les comento dos propuestas. Una de ellas es implementar las rutas turísticas, como pueden ser las rutas de los escudos, las rutas de las balconadas, la ruta de los árboles senlleiros, la ruta de los lucenses ilustres, la ruta del arquitecto Eloy Maqueira, que tiene en esta ciudad edificios que llevan su firma del siglo XVIII y principios del XIX.

La segunda propueta que les hago es hacer unha proposta valiente, con el turismo de conferencias y congresos, como puede ser la tecnología o la salud.

Todo esto nos ayudaría a que los visitantes tengan una visión más amplia de la historia de Lugo y de la arquitectura. El patrimonio histórico y artístico de Lugo es vasto y diverso y debe ser debidamente promocionado.

El turismo de calidad es una realidad y debe ser objeto primordial de la política municipal. Tenemos que tomarnos en serio el acudir a fiestas de Turismo de Galicia y de España. Nuestra presencia es importante.

Lugo tiene capacidad para albergar este tipo de turismo y hay que trabajar en ello.

Miren, tenemos tres patrimonios de la humanidad: una impresionante muralla, un camino primitivo a Santiago e una catedral que es una verdadera joya. Tristemente decir que son poco conocidos fuera de Galicia.

Y les digo que Lugo sí puede ser un motor turístico de la provincia de Lugo. Para ello es importante creer en ello. Se debe dar un enfoque proactivo centrado y con altura de miras.

Esta visión beneficiaría a la ciudad en términos de crecimiento, progreso y desarrollo.

Y resumiendo les hago una conclusión rápida. El hacer poco no vale y no sirve. Lugo tiene potencial y tenemos que saber aprovecharlo. Lugo tiene que ser más que un simple destino de paso, pudiendo convertirse en un lugar de referencia para un turismo de calidad.

Para ello se necesita darle un enfoque...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Muchas gracias, señor Gallego. Doulle a palabra ao voceiro do Goberno, Mauricio Repetto.

- **MAURICIO VITORIO REPETTO MORBAN:** Gracias, alcaldesa. señor Gallego, yo tenía más esperanzas y más confianza en usted, ya que había venido a Fitur y fue el único que no se durmió y acudió a la presentación de Lugo Destino Turístico y donde hemos presentado ese gran plan de sostenibilidad turístico. Por lo tanto, otra buena noticia, Lugo tiene un plan de sostenibilidad turístico, ya existe.

Otra buena noticia. Lugo tienen la financiación para el 100% de la ejecución de ese plan de sostenibilidad turístico que son 2 millones de euros, donde se ha concurrido a una convocatoria de fondos europeos para poder desarrollarlo. Y hay más buenas noticias, que ya está en ejecución y se está empezando a materializar. Por lo tanto, nos llama la atención que se pida aquí un plan de Turismo en Lugo cuando usted

ya conoció ese gran plan estratégico de sostenibilidad turística. Entonces es llamativo.

Por lo tanto, estamos trabajando en esto. También comentarle que la propia Xunta de Galicia hace ese seguimiento de este plan de sostenibilidad turístico por ser quien tiene las competencias en Turismo, así que, por lo tanto es realmente llamativo que se traiga esto aquí como un ruego a este pleno.

Entonces me preocupa la labor de oposición que se está haciendo desde su sitio para con este equipo de Gobierno. Muchas gracias.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Repetto.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 86/2024, PARA QUE SE ASFALTE A PISTA DE BOSENDE DE ABAIXO E QUE O SUMIDOIRO QUE HAI NELA QUEDE Á ALTURA DA PISTA.

Visto o referido escrito cuxo texto é do seguinte teor:

Os veciños de Bosende de Abaixo, transmitíronnos queixas polo estado da pista a Vía Férrea. A pista é de terra e ten un sumidoiro, o cal quedou mais alto, no que golpean os coches cando pasan.

Os veciños piden que se asfalte o camiño, de aproximadamente 300 metros, e que o sumidoiro quede a altura da pista.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac7729232221313772738.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-2-2024



O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO A PLENO para que se proceda a asfaltar a pista referida.

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular, señora Candia. A señora Rubinos, perdón, si.

- **FLORA RUBINOS ROIS:** Os veciños de Bosende de Abaixo transmitíronnos queixas polo estado da pista á vía férrea. A pista é de terra e ten un sumidoiro, o cal quedou máis alto, no que se golpean aos coches cando pasan. Os veciños demandan que se asfalte o camiño, de aproximadamente 300 metros, e que o sumidoiro quede á altura da pista. O grupo municipal do Partido Popular presenta este rogo para que se proceda a asfaltar a pista referida.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Rubinos. Doulle a palabra á voceira do goberno Ana González Abelleira.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moitas grazas. Tomarase en consideración.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 79/2024, EN RELACIÓN COA CIRCULAR SOBRE A ASIGNACIÓN DE FUNCIÓNS DO PERSOAL MUNICIPAL.

Vistas as anteriores preguntas do seguinte teor:

A la vista de la circular sobre la asignación de funciones del personal municipal realizada por el Concejal responsable de área de este Ayuntamiento, el Grupo Municipal del Partido Popular presenta, ante el PLENO, la siguiente pregunta:

1. ¿Qué tiene pensado hacer el Ayuntamiento para dotar del personal necesario a los departamentos municipales y así poder cumplir dicha circular?

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular. Si, doulle a palabra ao señor Rozas.

- **ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ:** Buenos días. A la vista de la circular sobre la asignación de funciones del personal municipal, realizadas por el concejal de dicha área, desde el Grupo Popular le preguntamos que tiene pensado hacer este ayuntamiento para dotar del personal necesario a los departamentos municipales y así poder cumplir dicha circular.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Rozas. Doulle a palabra portavoz do Goberno, don Pablo Permuy.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** ... ao persoal municipal. Como vexo que non queda claro o que é isto dunha circular nin se entendeu ben o que este concelleiro responsable de persoal enviou, voullo explicar.

Este concelleiro de Recursos Internos, repito, non emitiu ningunha circular nin tampouco falei nese escrito diso que din de asignación de funcións ao persoal municipal, senón que me limitei a lembrarlle aos diferentes xefes, xefas, encargados, encargadas, que hai canles legais, que son as que regularizan o exercicio de funcións superiores e dan ademais dereito ás diferencias na retribución económica, sen que unha desas canles legais sexa que o responsable ou a responsable [...non se escoita...] ou dea a orde baixo a súa responsabilidade.

Respecto da pregunta de que ten pensado facer o Concello para dotar aos departamentos municipais de persoal necesario teño que indicar que o Concello ten pensado, é máis, xa o está a facer, o de traballar arreo no servizo de persoal para executar ofertas de emprego, para formular novas ofertas anuais baseadas na análise das necesidades de diferentes servizos e a de abrir a RPT a estudo coas forzas sindicais, en canto a cobertura das prazas pendentes estean asentadas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 80/2024, EN RELACIÓN COA DECISIÓN DO GOBERNO CENTRAL PARA UBICAR A NOVA COMISARÍA.

Vistas as anteriores preguntas do seguinte teor:

Ante la falta de información sobre la nueva ubicación de la comisaría, tras la visita realizada en días pasados a nuestra ciudad tanto de los Técnicos del Ministerio del Interior como del propio Ministro, el Grupo Municipal del Partido Popular presenta, ante el PLENO, la siguientes pregunta:

1. ¿Cuál es la decisión del Gobierno Central para ubicar la nueva comisaría?

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra a senhor Candia.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Bo día de novo e moitas grazas. Esta pregunta tamén foi contestada nos medios de comunicación, primeiro polos sindicatos que levan demostrado un empeño e un traballo moi rigoroso e moi comprometido coa nosa cidade para que Lugo teña unha nova comisaría. E, recentemente, nun anuncio en prensa, posterior ao rexistro desta pregunta. A pregunta concretamente dicía: Cal era a decisión do goberno central para ubicar a nova comisaría?

Iso parece que está elixida a parcela de Abella, o que nos alegamos de que se dea un impulso a que Lugo teña en breve esa infraestrutura moi necesaria, que ademais sexa na zona norte, que era unha das nosas propostas, dado que xa estaba

rexistrada e contestada, si nos gustaría, dado que o anuncio en prensa non foi máis ca iso, non concretou nin prazos, que é o máis importante, nin expediente vemos ao efecto para a cesión de parcelas, pois se nos puidesen concretar un pouco máis nese apartado. Tamén nos gustaría pedir a palabra para despedir ao interventor ao remate do pleno, que o adelanto xa se é posible.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Candia. A palabra para despedir ao interventor, era evidente que se ía facer unha despedida de todos os concelleiros. Polo tanto é de educación facer iso despois dos anos. Polo tanto, creo que non fai falta que se faga esa... Tamén vexo a todo o persoal de intervención aquí, aínda queda bastante pleno. Quero avisarvos, así estades aquí tamén escoitando o que resta do pleno.

Pois a esta pregunta vouna contestar eu, porque é evidente, porque, como dixen onte na rolda de prensa non hai volta atrás. A comisaría vaise facer nesa ubicación que xa quedou establecida no barrio de Abella.

Parece que a xente, algunha xente, ten a memoria moi débil. Aquí o Goberno leva traballando moito tempo nisto, moito tempo nisto. Fixéronse propostas de todo tipo. Quero recordar como facía onte incluso. Quero recordar cando o señor Feijóo cando veu falar do novo CIS, que ía poñer alí a tal... Despois non soupemos nada máis. Meteno no caixón. Grazas, grazas a que foi a nosa alcaldesa Lara Méndez, aquí presente, que desempolvou ese tema.

Fíxose un traballo soterrado, calado. Fixéronse as proposicións que se consideraban axeitadas cando o Ministerio nos pediu as posibles ubicacións. E aquí, como falamos todos hai un ano, apareceu... De repende hai un cambio. Empezan a poñerse propostas que sabían que eran inviables ou polo menos moi difíciles, porque estaban propoñéndose por parte do Grupo Municipal Popular.

O edificio de obras públicas, un edificio... Si, a Xunta de Galicia ten alí unha planta, pero todo o edificio era do Estado, con 69 empregados públicos, moi difíciles de... Resumo: sabía que alí non se podía facer, pero a cuestión era enredar. Enredar, xogos malabares, poñer... Esa era a función. Nós seguimos calados cando as nosas propostas, evidentemente as propostas, non hai como traballar arreo, calados, sen dar moitas pistas, porque neste caso hai que ter coidado, porque senón empezan enredar. E xa sabemos desde fai un tempo que ese é o local. Esa é a parcela elexida, pero, aínda aí buscou a forma, tan pronto souberon cal era a parcela elexida, había que apuntarse ao tanto e saír rapidamente á prensa. Daba igual, utilizando sindicatos, utilizando tal. Pero esa non era a súa proposta. Nós tiñamos unha proposta que era respectar que fose na zona norte, porque fora o compromiso cos nosos veciños e veciñas. E ademais consideramos que era a ubicación axeitada, e así o considerou o Ministerio.

Polo tanto, como xa lle dixen, non hai volta atrás. A pregunta é a que é e eu lle contesto e se non remítome á miña rolda de prensa, porque, o que dixen, o mellor é traballar, estar calados, non contestar, estar ao noso, ao que debemos estar, porque senón o que lle damos son máis armas para que sigan enredando e sigan entorpecendo todas e cada unha das propostas que se fan.

Isto mesmo podo falalo, como dicían antes: van ao noso, dicía o señor Ameijide hai un rato, que iamos como detrás deles, pero que temos que facelo coa praia fluvial porque... Enredar... Temos que facelo con tantas cousas, e con isto tamén, pero neste caso xa o Ministerio decidiu cal era e, desde logo, é a mellor e a que se lle ofreceu desde aquí.

Polo tanto, señora Candia, queda respondida a súa pregunta.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 81/2024, EN RELACIÓN CO AUDITORIO DE MAGOI.

Vistas as anteriores preguntas do seguinte teor:

En base as contestacións e información que ata o día de hoxe o Goberno local nos foi dando sobre a situación do Auditorio de Magoi e, sobre todo, tendo xa coñecemento do remate e recepción das obras de reparación que estaban pendentes no interior do edificio, o GM do PP entende que esta dotación cultural xa está en condicións de abrir as súas portas.

Con tal motivo, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, as seguintes preguntas:

- 1.- Cal será a data de apertura?
- 2.- Cal será o modelo de xestión?

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Popular, Silvia Colmenero.

- **SILVIA COLMENERO GUZMÁN:** Muchas gracias, señora alcaldesa. Muy buenos días a todos. Agradecimientos y deseos de éxitos al interventor en su nuevo destino.

Después de unas horas de debate procuraré ser... No extenderme demasiado, porque la cuestión que tengo que plantear es fácil y sencilla.

Fácil y sencilla y también repetitiva, pero no por ello un tema que desde el Grupo Municipal del Partido Popular consideramos que debemos aparcarse o dejar de preguntar e interesarnos por él, sino todo lo contrario. De hecho, desde el pasado mes de octubre, mes a mes, bien en pleno, bien en comisión, hemos moi querido saber qué sucede con la apertura, o más bien la no apertura del Auditorio Municipal de Magoi.

Esta dotación cultural, vuelvo a decirlo, lo digo siempre, lleva en manos del Concello de Lugo desde julio de 2020. Más de 3 años y 8 meses con las puertas cerradas. Más de 44 meses que los lucenses tenemos que conformarnos con contemplar el edificio desde la calle.

Es demasiado tiempo, es excesivo. Creo que todos los que estamos aquí estamos de acuerdo en que es muchísimo tiempo. Y es por eso que desde esta bancada insistimos en saber qué ocurre con el nuevo auditorio y reivindicamos su apertura. En base a las contestaciones que nos han ido dando a lo largo de estos meses, y sobre todo sabiendo que en el último pleno se nos dijo que ya se había recepcionado la obra o las obras. Unas obras que se estimaron necesarias antes de abrirlo, pero entendemos, este grupo municipal entiende que el auditorio ya está en condiciones de abrirse. Y es por ello que queremos saber, si se nos puede responder ya si hay una fecha prevista de apertura, y en segunda instancia cuál sería el modelo de gestión.

Muchas gracias.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Colmenero. Ten a palabra a voceira do goberno, Ana González Abelleira.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moi ben, pois facendo miñas, se me permite a señora alcaldesa as súas verbas, e para evitar enredos, no momento que sexa oportuno darase a coñecer toda esta información.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 82/2024, EN RELACIÓN A UN MURO TIRADO NA PARROQUIA DE SANTIAGO DE SAA, NO BARRIO DE GALEGOS.

Vistas as anteriores preguntas do seguinte teor:


Na parroquia de Santiago de Saa, no barrio de Galegos, hai un muro tirado dende fai mais de cinco anos. No seu día o Concelleiro de Area, Miguel Fernández, comprometeuse cos veciños a arraxalo pero a día de hoxe segue nas mesmas condicións, como se pode ver nas fotos.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac7729232221313772738.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-2-2024



O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, as seguintes preguntas:

1. Por qué non se arranxou o muro?
2. Cando se vai arranxar

DELIBERACIÓN

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo grupo municipal. Señora Rubinos, ten a palabra.

- **FLORA RUBINOS ROIS:** Na parroquia de Santiago de Sá, no barrio de Galegos, hai un muro tirado dende hai máis de cinco anos. No seu día, o concelleiro de área Miguel Fernández, comprometeuse cos veciños a arranxalo, pero a día de hoxe segue nas mesmas condicións. O grupo municipal deste partido presenta ante o pleno as seguintes preguntas:

Por que non se arranxou o muro? Cando se vai arranxar?

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias, señora Rubnos. Doulle a palabra outra vez á voceira do goberno, Ana González Abelleira.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Trátase dun espazo privado e a resposta que tiven e que fago aquí mención no pleno é que os muros cerran fincas e non camiños. Trátase dunha propiedade privada e correspóndelle ao propietario arranxala.

-**MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

D) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA DA MULLER INTERNACIONAL.

(Retirada na orde do día a non acadarse un texto consensuado entre os diferentes grupos políticos municipais).

- PÉSAME POLO FALECEMENTO DE DON ÁNGEL PERMUY REIJA, PAI DO CONCELLEIRO DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA.

Sendo coñecedores do falecemento de don Ángel Permuy Reija, pai dun concelleiro da Corporación Municipal, a alcaldesa de Lugo, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, o Excmo. Concello Pleno acorda amosar as súas condolencias polo falecemento de D. ÁNGEL PERMUY REIJA, pai do Tenente de Alcaldesa do Concello de Lugo, D. Ángel Pablo Permuy Villanueva, producido o pasado 9 de febreiro de 2024, e acorda dar traslado das mesmas a súa familia.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois queremos transmitirle ao noso compañeiro Pablo Permuy todas as condolencias polo pasamento de seu pai, Ángel Permuy, e tamén a toda a súa familia. Sabemos que non son momentos fáciles, pero todos os compañeiros e toda a corporación municipal estamos aí para apoiarte e arroparte, Pablo.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Grazas, alcaldesa. Moitas grazas a todos os membros da Corporación, non xa por por esta declaración, senón por sentirme acompañado e arropado naqueles difíciles momentos por todos vós. Moitas grazas, e aproveito, Manuel. Moitas grazas por todo. Sabes que pola miña parte o traballo estes meses foi arreo e xuntos. E que a relación laboral xa pasou

máis alá a unha relación persoal que seguro que vai perdurar. Que teñas moita sorte.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, Pablo. Rogaría a todos que en vez de intervir un por un, despois se lle fagan esas felicitacións, porque senón non acabamos o pleno. Dareille a palabra aos distintos voceiros para que fagan tal. E despois cada un se mo permitides, porque senón non acabamos o pleno hoxe, porque temos moito que dicirle a todos e todas e polo tanto agradezco iso.

E) ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Rematado o exame dos asuntos comprendidos dentro da orde do día, sométense á consideración do Excmo. Pleno, para a súa resolución fóra da orde do día, os seguintes asuntos:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAIS:

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DAS ENFERMIDADES RARAS.
--

En Europa, as enfermidades raras son aquelas cuxa prevalencia está por baixo de 5 por cada 10.000 habitantes. Máis da metade das familias con enfermidades raras esperan máis de 6 anos para lograr un diagnóstico e tan só 6% teñen tratamento.

Calcúlase que 300 millóns de persoas en todo o mundo, 3 deles en España, e 200.000 en Galicia padecen estas enfermidades.

O próximo 29 de febreiro, un día único no noso calendario, celébrase o Día Mundial das Enfermidades Raras, evento que se repite cada ano o último día do mes de febreiro para impulsar unha mobilización mundial que permita posicionar a realidade destas patoloxías na axenda pública. Unha acción liderada no noso país polo movemento asociativo baixo o paraugas da Federación Española de EERR, FEDER.

Este ano, como ven sendo habitual, a Federación Galega de Enfermidades Raras e

Crónicas, Fegerec, únese a FEDER co chamamento máis vale máis previr que curar. De acordo coa OMS, a prevención non soamente é «prever a aparición da enfermidade, senón tamén deter o seu avance e atenuar as súas consecuencias unha vez establecida».

O tecido Asociativo ten moi claro que para favorecer a prevención de enfermidades raras e as súas consecuencias é necesario:

1. Impulsar a investigación, favorecendo que se comparta e difúndase o coñecemento xerado entre a comunidade investigadora e profesional e que se incremente o financiamento público en I+D+i
2. Implementar medidas que garantan o acceso en equidade a probas de diagnóstico, á atención integral necesaria e aos medicamentos, independentemente da CCAA onde un resida
3. Que España recoñeza a especialidade de xenética clínica
4. Colaborar, apoiar e poñer en valor as accións do tecido asociativo tanto no ámbito asistencial, como o de xerador de coñecemento e investigación
5. Implementación das estratexias autonómicas en liña coa Estratexia Nacional de EERR

Por todo o exposto, o Excmo. Concello Pleno únese a Federación Española e Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas, instando a todas as administracións e institucións competentes a impulsar e asumir as correspondentes competencias en materia de investigación, diagnóstico, tratamento e coñecemento que garantan a prevención destas enfermidades en tempo e forma adecuado e por suposto en condicións de equidade.

MOCIÓN DE URXENCIA:

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Antes de continuar coas proposicións de urxencia quería dicir que aquí se presentou no seu momento á Xunta de voceiros unha declaración institucional, como se facía todos os anos, polo pola celebración do 8M, do Día Internacional da Muller.

Pasouse con tempo aos voceiros, como se me pedira, concretamente pola voceira do Partido Popular que todas estas cousas, cando tivesemos a reunión de voceiros se lle pasasen con tempo para que as mirase, así como a primeira, a das enfermidades raras, xa no momento se admitiu, a outra foi devolta, dicindo que había que retirar un parágrafo.

Entendimos que non, que non debíamos retirar o parágrafo, ademais por unha razón, que despois xa explicará pola voceira municipal, porque ese parágrafo xa fora, con outras palabras, pero xa en todos os anos no 8M era idéntico.

Polo tanto, nós non tal, e non tivemos máis noticia. Polo tanto, o que fixemos o goberno, os grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Municipal do Partido Socialista foi presentar de urxencia unha moción porque o 8M está aí e non podíamos esperar ao pleno seguinte, porque xa estaría... Sería fóra de tempo. Entón presentamos unha conxunta, pero o que pasou é que pasadas unhas horas, como presentáramos esa moción de urxencia, o Partido Popular presentou outra.

E entón nós imos continuar coas nosas mocións. Temos claro que tiña que haber unha chamada para dicir... A nós o único que nos chegou foi un papel cun parágrafo en cor vermello que poñía retirar. Nós non o iamos retirar. Polo tanto, fixemos unha proposición de urxencia, porque consideramos que é o mellor, xa que non se podía facer... Entendíamos rexeitada a declaración institucional e queríamos facela.

Polo tanto, imos debater a moción de urxencia presentada conxuntamente polo grupos municipais do Bloque e do Partido Socialista.

Non, non lle dou a palabra. Imos continuar porque despois vostede terá o tempo no debate se quere intervir e contar. Agora imos continuar coa moción de urxencia.

Señora Candia, non lle din a palabra, simplemente estou explicando que por que esta moción de urxencia, vostede agora... A voceira do goberno vai explicar a urxencia, pero eu quería adiantarlle porque vostede hai soamente uns minutos no receso acabame de dicir se retirabamos tal e facíamos a declaración. Agora consideramos que xa non é o momento. Polo tanto, imos continuar coas...

- MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSdeG-PSOE E BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 87/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER. (Exp. 2024/G004/000147).

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Por iso, vai fundamentar a urxencia a voceira do goberno, Ana González Abelleira.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moitas grazas. Pois a fundamentación, ademais do que acaba de dicir a señora alcaldesa, é polo disenso do Partido Popular ante a declaración institucional e pola importancia da reivindicación, que vén falar do día 8M, do día das mulleres, e porque o seguinte pleno é posterior ao 8M. Simplemente esta fundamentación de urxencia é para seguir avanzando en igualdade, para conquistar esa plena cidadanía das mulleres e para avanzar de forma xusta, digna e equitativa.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Pois imos votar a urxencia en base á fundamentación feita pola voceira do goberno.

VOTACIÓN DA URXENCIA

Tras a xustificación efectuada, sométese a declaración de urxencia votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	25	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA DECLARAR** a urxencia da moción, procedéndose, en consecuencia ao estudo do asunto, acadándose en relación co mesmo o seguinte acordo:

20/37 MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PsdeG PSOE E BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 87/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER (Exp. 2024/G004/000147).

Vista a referida moción cuxo texto é do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Lugo conmemora este 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, reafirmando o seu compromiso coa igualdade en todos os espazos da vida política, económica, social e cultural para que as mulleres non sigan estando infrarrepresentadas nos espazos máis importantes de toma de decisións do eido local.

Foron moitos os avances conseguidos, pero persisten as desigualdades, a discriminación e a violencia ás mulleres polo feito de selo, ante este feito non caben mornezas e non é entendible ser neutrais.

O 8 de marzo foi proclamado o Día Internacional polos Dereitos da Muller pola Organización das Nacións Unidas en 1975. Desde entón, é un día de celebración polos avances que conseguimos ao longo da historia e de reivindicación polo que nos queda por acadar en materia de igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida.

É indubidable que España é referente en materia de igualdade, o noso marco normativo é exemplo para moitos países que nos recoñecen a firme defensa dos dereitos das mulleres situándonos á cabeza no Índice Europeo de Igualdade de Xénero.

Este ano convócanos a necesidade de afianzar todos os avances conseguidos deixando de lado o ruído que pretenden facer algúns sectores ao sentirse ameazados nos seus privilexios adquiridos na sociedade machista cuns valores onde o papel da muller en xeral e ao longo da historia foi ignorado e infravalorado.

Non debemos esquecer os colectivos vulnerables onde as mulleres se atopan en situacións de discriminación múltiple: por ser mulleres e por ter unha discapacidade, ser dunha raza ou etnia concreta, ter unha determinada idade ou vivir e traballar fóra das grandes cidades ou núcleos de poboación.

Neste sentido temos en conta ás mulleres do mundo rural e o seu papel fundamental no desenvolvemento de actuacións relacionadas coa loita contra o despoboamento e o reto demográfico.

No aspecto laboral, vendo os datos dos diferentes indicadores como traballo a tempo parcial, salarial, sectores produtivos, carreira profesional etc., as condicións de traballo das mulleres son peores que as dos homes, tendo pouca presenza en determinados sectores profesionais e en cargos de toma de decisións políticas, sociais, empresariais, económicas, etc.

Existindo aínda sectores maioritariamente feminizados que manteñen condicións laborais que afondan na desigualdade.

Podemos poñer o exemplo do sector da limpeza en Lugo que logo dunha folga iniciada o 16 de outubro de 2023 e que se prolongou durante máis de catro meses, conseguiu mellorar o seu convenio como unha mostra de loita feminista contra a precariedade e a explotación nun sector esencial e feminizado pero moi pouco valorado.

Ata hai uns anos o pensamento xeneralizado era que a violencia contra as mulleres era consecuencia de actitudes individuais e do ámbito privado. Grazas aos avances conquistados e á maior visibilización e sensibilidade por parte da sociedade conseguiu situarse no centro das preocupacións, con categoría de problema social, coa obriga de dar resposta inmediata desde os poderes públicos. As violencias machistas constitúen a cara máis escura da desigualdade.

Desde o ámbito local debemos seguir co compromiso de construír unha sociedade igualitaria, que garanta os dereitos de todas as persoas, así como a participación activa na vida local.

Estes compromisos débense plasmar no deseño e xestión dunhas políticas locais que convertan ás nosas sociedades en motores de transformación.

Polo anteriormente exposto, os Grupos Socialista e do Bloque Nacionalista Galego do Concello de LUGO presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes **ACORDOS**:

- Sumarnos e convidar a toda a Cidadanía a participar nos actos organizados con motivo do 8M, así como aquelas accións e iniciativas que reivindiquen a igualdade e contra a violencia contra as mulleres.
- Seguir promovendo a participación activa das mulleres na vida política, económica, cultural e social local, mediante accións de sensibilización, capacitación e fomento do liderado feminino que permitan acadar a igualdade.
- Continuar incorporando a perspectiva de xénero en todas as nosas políticas e programas, garantindo que se tomen en conta as necesidades e realidades específicas de mulleres e nenas nas nosas accións.
- Seguir aplicando medidas para garantir a igualdade salarial e de oportunidades no emprego, promovendo a participación equitativa de mulleres en todos os niveis e sectores laborais.
- Impulsar campañas de prevención e sensibilización contra a violencia machista dando apoio integral ás mulleres nenos e nenas, vítimas."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Sumarnos e convidar a toda a Cidadanía a participar nos actos organizados con motivo do 8M, así como aquelas accións e iniciativas que reivindiquen a igualdade e contra a violencia contra as mulleres.

SEGUNDO.- Seguir promovendo a participación activa das mulleres na vida política, económica, cultural e social local, mediante accións de sensibilización, capacitación e fomento do liderado feminino que permitan acadar a igualdade.

TERCEIRO.- Continuar incorporando a perspectiva de xénero en todas as nosas políticas e programas, garantindo que se tomen en conta as necesidades e realidades específicas de mulleres e nenas nas nosas accións.

CUARTO.- Seguir aplicando medidas para garantir a igualdade salarial e de oportunidades no emprego, promovendo a participación equitativa de mulleres en todos os niveis e sectores laborais.

QUINTO.- Impulsar campañas de prevención e sensibilización contra a violencia machista dando apoio integral ás mulleres nenos e nenas, vítimas.

DELIBERACIÓN

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Pois continuando ao respecto do que viñamos falando, vou ler o texto da declaración institucional do 8 de marzo do ano pasado 2023, que, como alegaban tanto do Partido Popular, ao mellor como coincidían en preelectoral pois por iso o aprobaron. *Este paradoxo explícase pola longa raigame que ten a hexemonía do patriarcado como problema estrutural e non circunstancial, así coa cada vez máis xusta normalización da igualdade entre homes e mulleres e n todos os ámbitos da vida, xorden movementos involucionistas na materia, froito do temor ante a perda dunha serie de privilexios seculares, que agora vén ameazados. De aí vén o negacionismo do machismo. E incluso mesmo dos dereitos lexítimos das mulleres a decidir sobre a súa vida, o seu corpo, co que nos atopamos en discursos políticos que están calando de xeito perigoso, especialmente na poboación nova.*

Non podemos permitilo. Non podemos deixar que a loita pola igualdade sexa desvirtuada, frivolidada e enmascarada nunha pretendida guerra de sexos ou aceptar argumentos que denominan como violencia doméstica ou intrafamiliar o que é violencia de xénero, para negar que existe unha violencia específica contra as mulleres.

Non sería xusto manifestarnos con tibieza ante este fenómeno.

E a que este ano nos propuxo a eliminación o Partido Popular dicía:

Este ano convócanos a necesidade de seguir afianzando todos os avances conseguidos, deixando de lado o ruído que pretenden facer algúns sectores ao sentirse ameazados nos seus privilexios adquiridos na sociedade machista, cun valor, cuns valores onde o papel da muller en xeral e ao longo da historia foi ignorado e infravalorado.

Desde o meu punto de vista, se me permiten a opinión persoal e tamén as liñas do partido como partido feminista, entendemos que non é motivo de non seguir o consenso que tiñamos acadado nos últimos anos, porque para a loita contra a violencia de xénero e para a loita pola igualdade, requírese o consenso de todas as forzas políticas e non permitir estes novos argumentarios que están entrando por outros partidos dos que vostedes son cómplices.

Como lles dicía, dentro da exposición de motivos e durante séculos, a organización social e familiar distinguíuse polos distintos roles públicos, privados, entre mulleres e homes, outorgando aos primeiros maior autoridade e responsabilidade, con plena incorporación ao mercado laboral, que no caso da muller tivo sempre moitas máis trabas.

Incrementar e consolidar a participación equilibrada das mulleres nas estruturas e políticas sociais e económicas deberá ser hoxe, pois, unha obriga para que a consecución sexa da igualdade, sexa real e efectiva.

Non só é unha cuestión de xustiza social, senón que ademais contribúe a romper os estereotipos sobre os que se asenta o machismo.

A ausencia de mulleres en postos de responsabilidade e de toma de decisións xeran modelos que perpetúan a desigualdade e facilitan un mal funcionamento do que nós consideramos un país democrático.

Aínda queda moito por facer e, por exemplo, antes anotei palabras que se utilizan de forma desvirtuada como acoso, maltrato e prevaricación, que son palabras que non deben ser utilizadas tan alegremente.

Primeiro porque desvirtúan e son tipificadas como delitos no Código Penal e, que eu saiba ningunha das persoas que estamos aquí estamos pendentes nin de ser xulgados nin acusados de ningún de todos eses delitos, pero é que ademais desfavorece nesa democracia que tanto loitamos por unha igualdade xusta... Perdón, unha sociedade xusta e igualitaria.

O Partido Popular presenta unha moción que basea ese fundamento coma a nosa no Día Internacional da Muller e investir nas mulleres, porque é o lema da ONU, pero nada fala dos puntos de acordo que agora parece estar de acordo coa proposición presentada conxuntamente co Bloque Nacionalista Galego.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Bloque Nacionalista Galego, dona Maite Ferreiro.

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Ben, grazas, señora alcaldesa. Unha vez máis o Partido Popular non sabe moi ben onde posicionarse o 8 de marzo. Ben ao lado das traballadoras, das mulleres que persiguen e que loitan por conseguir os mesmos dereitos que os homes ou ao lado deses que fan ruído e que pretenden facer nalgúns sectores ao sentirse ameazados nos seus privilexios adquiridos na sociedade machista, cuns valores onde o papel da muller en xeral e ao longo da historia foi ignorado e infravalorado.

Hoxe, despois de moito bailar dun lado ao outro, que se moción que se declaración institucional, sabemos a que lado se posiciona. Efectivamente ao lado deste último, que explica en catro renglóns. Catro renglóns. Impediron que o Partido Popular apoiase unha declaración institucional básica.

Ben, o día 8 de marzo, hoxe Día Internacional das Mulleres comezou sendo o Día da Muller Traballadora. E celebrouse por primeira vez en marzo de 2011 despois da celebración da Segunda Conferencia Internacional de Mulleres Socialistas en Copenhague en 1910 e na que Clara Zetking propuxo a celebración dese día en Alemaña, Austria, Dinamarca e Suíza, que o celebraron ao ano seguinte.

Pero tamén foron as mulleres socialistas as que nos Estados Unidos o ano seguinte, en 1909, tamén se celebrou por primeira vez o o Día Nacioanl da Muller, lembrando as loitas das mulleres obreiras en fábricas de téxtil e tamén as que morreron moitas delas alí pechadas.

Eu hoxe quero mencionar tamén, e poñer o exemplo de loita, precisamente, dos dereitos das mulleres a parte de darlles os parabéns, que xa lles demos no seu momento, trasladarlles os nosos respectos e recoñecemento ás mulleres do sector da limpeza de aquí de Lugo, que logo de máis de catro meses de folga reivindicando un convenio digno, lograron que se mellorase ese convenio.

103 días de folga fronte a unha patronal machista que despreza o importante papel deste sector. Un exemplo foi para toda a clase traballadora. Un exemplo o destas mulleres, porque efectivamente na loita de clase as mulleres traballadoras non só non avanzamos moito. Avanzamos algo, pero nos últimos tempos, grazas a eses sectores que defende sempre o Partido Popular hai un retroceso.

E se falamos dos datos que están aí non creo que ninguén vaia a quedarlle ningunha dúbida, porque segundo un informe anual feito pola Secretaría da Muller da CiG, o sindicato maioritario neste país sobre a situación laboral das mulleres na Galicia, pois non é moi esperanzador, porque os 60% dos contratos fixos discontinuos están asinados por mulleres.

Segundo os datos da Seguridade Social, a taxa de temporalidade das mulleres é do 29,9%; a dos homes, un 18,2%. A fenda laboral de xénero sitúase no 18,7, unha décima máis que o ano pasado.

O 40,2% das mulleres obtiveron ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional.

O aumento da poboación activa en Galicia no último ano foron máis dos 60% mulleres, pero a fenda de xénero nas pensións é do 35,6%. E a media de pensións no ano 2023, os homes tiñan unha media de pensión de 1.254,78 euros e as mulleres, 757, 421,88 euros menos que o ano anterior.

Que digan que conseguimos efectivamente avances é certo, pero os datos indican que non podemos quedar aí arriba esperando a que este sistema capitalista e patriarcado non siga retirándonos os nosos dereitos conseguidos.

Sigo na segunda intervención. Grazas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Ferreiro. Ten a palabra a voceira do Partido Popular, señora Candia.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Ben, pois lamento profundamente que se pretenda romper un consenso que se acadou neste Concello desde hai moitos anos. Efectivamente, e defendendo o traballo da xente á que respecto, explico como se trasladaron todos este precedentes que explicou a señora alcaldesa.

Onde o venres ás 15:05 se nos envía un texto para unha declaración institucional. Contestouse cunha proposta de retirar un parágrafo.

Por resumir o que pasou no medio, onte ás doce da mañá, que se fixo unha chamada ao despacho de alcaldía, estamos aínda esperando a contestación. Como non contestaron, no receso falei coa señora alcaldesa que, por certo, asintiu no plantexamento e lle parecía, pois, razoable que non entrasemos nun debate de dúas mocións. Cando un xa nega o que lle din a un á cara, xa a partir de aí calquera principio básico de persona humana, xa deixa de estar en aplicación.

Dito isto, dito isto, porque foi así, porque se non fose, evidentemente defenderíamos o contrario, creo que era mellor para todos manter o texto da declaración institucional que nós apoiamos, como en moitas ocasións se chegaron a acordos por ambas partes en todas as administracións nas que estiven e, evidentemente, a declaración institucional busca un consenso entre todas as forzas políticas. O resto é unha moción e o debate.

Probablemente ese receso, ese encontro cun Bloque Nacionalista Galego empoderado que, efectivamente, lle puxese máis condicións a partir de agora, cousa que entendo, pois lle fixo cambiar de opinión. Que tamén dito sexa de paso, aínda que vostedes neste pleno, probablemente a palabra que me repetiron despois de Xunta de Galicia é mentira, pois vostedes non minten, vostedes cambian de opinión. E seguramente vostede cambiou de opinión.

Dito isto, anunciando, por suposto, que imos votar a favor deste texto e evitando o debate máis alá de explicar uns feitos que poñen en cuestionamento o que fixeron traballadores e, insisto, traballadoras, que eu respecto, voume limitar a ler a declaración institucional.

O mesmo farei na nosa moción se aceptan a urxencia, que será á mesma que a súa moción, porque xa despois de ver o que vimos neste pleno, votar un texto idéntico nun sentido na Deputación, outro agora.

Obrigarnos a ir a dúas mocións sobre o mesmo asunto cando tiñan o acordo e o OK ao texto da declaración institucional, pois xa vimos todos os esperpentos do mundo. Pouco nos queda de ver.

O Concello de Lugo conmemora este 8 de marzo o Día Internacional da Muller, reafirmando o seu compromiso coa igualdade en todos os espazos da vida política, económica, social e cultural para que as mulleres non sigan estando infrarrepresentadas nos espazos máis importantes da toma de decisións do eido local.

Foron moitos os avances conseguidos, pero persisten as desigualdades, a discriminación e a violencia ás mulleres. Por certo, hoxe facía unha rolda de prensa a irmá dunha muller falecida, por certo, criticando a acción do Concello.

Ante este feito non caben mornezas e non é entendible ser neutrais.

O 8 de marzo foi proclamado o Día internacional polos Dereitos da Muller pola Organización das Nacións Unidas do 75. Desde entón é un día de celebración polos avances que conseguimos ao longo da historia e de reivindicación polo que nos queda por alcanzar en materia de igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida.

É indudable que España e Galicia son referentes en materia de igualdade. O noso marco normativo é exemplo para moitos países que nos recoñecen a firme defensa dos dereitos das mulleres, situándonos á cabeza no Índice Europeo de Igualdade de Xénero.

Este ano convócanos a necesidade de afianzar todos os avances conseguidos, deixando de lado o ruído que pretenden facer algúns sectores ou sentirse ameazados nos seus privilexios adquiridos na sociedade machista, cuns valores onde o papel da muller en xeral e ao longo da historia foi ignorado e infravalorado.

Non debemos esquecer os colectivos vulnerables, onde as mulleres se atopan en situación de discriminación múltiple, por ser mulleres e por ter unha discapacidade, ser dunha raza ou etnia concreta, ter unha determinada idade ou vivir e traballar fóra das grandes cidades ou núcleos de poboación.

Neste sentido, temos en conta ás mulleres do mundo rural e o seu papel fundamental no desenvolvemento de actuacións relacionadas coa loita contra o despoboamento e o reto demográfico.

No aspecto laboral, vendo os datos dos diferentes indicadores como traballo a tempo parcial, salarial, sectores produtivos, carreira profesional, etcétera, as condicións de traballo das mulleres son peores que as dos homes, tendo pouca presenza en determinados sectores profesionais e en cargos de toma de decisións políticas, sociais, empresariais e económicas.

Ata hai uns anos, o pensamento xeneralizado era que a violencia contra as mulleres era consecuencia de actitudes individuais e no ámbito privado.

Grazas aos avances conquistados e á maior visibilidade e sensibilidade por parte da sociedade., conseguiuase situala no centro das preocupacións con categoría de problema social, coa obriga de dar resposta inmediata desde os poderes públicos ás violencias machistas. Constitúe cara a máis escura desigualdade.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO.** Moi ben, moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Socialista, Ana González Abelleira.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Teño que dicir sen acritude, e se me permiten a expresión, que algunha reflexións son feitas con moi mala baba. Ao mellor se acudise a algunha xunta de portavoces, pois non habería estes malentendidos. E ademais gústalle, parece ser, a nosa proposta. E fai como fai como a Xunta. Aprópiase de contidos que realizamos o grupo de goberno, leos aquí, en vez de ler a súa, que acaban presentar. Non lles debe gustar tanto.

Pero seguindo en aras de loitar por volver ao consenso, que creo que é o que temos que traballar todos e todas, temos que seguir loitando por eses avances que nos permitiu a loita feminista. Por exemplo, palabra que evitan na súa moción. Non sei por que. E seguir evitando que se negue a violencia de xénero.

Custou moito conseguir todo o que as mulleres durante séculos levan loitando e eu creo que temos que volver á liña do diálogo.

O reto máis importante da democracia do século XXI acaba coa desigualdade entre homes e mulleres e co máis salvaxe expoñente da violencia machista.

É fundamental renovar o logro social conseguido co Pacto de Estado contra a Violencia de xénero. Fágolle unha pregunta. Vostede cre que hoxe en día ese pacto por unanimidade entre todos os grupos políticos sería unha realidade hoxe?

Eu teño as miñas dúbidas con quen negocian. Polo tanto, nós desde o Partido Socialista reivindicamos a conmemoración deste 8 de marzo como un día de loita e de reivindicación por unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e reforzando o compromiso deste concello tal e como acaba de ler a nosa proposta.

Impulsar a axenda feminista, colaborando activamente coas asociacións feministas, que tamén vostedes o obvian no seu teu texto, planificar as políticas necesarias con

perspectiva de xénero e de xeito transversal, levar a cabo políticas públicas de sensibilización e participar de todos os actos e actividades que se desenvolvan, non o 8 de marzo, senón todo o ano e todos os anos, e todos os días e todos os meses a prol da igualdade. Por iso, viva a loita das mulleres.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Maite Ferreiro.

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** O do principio básico de persoa humana quedoulle moi ben. A verdade, é unha lección maxistral.

En segundo lugar vou eu aquí defender ás traballadoras da Casa da Muller, porque do que hoxe fala a prensa veu unha sentenza, señora Candia, non unha denuncia. Unha sentenza, non manipule, unha sentenza.

Aínda así, alégrome moito que... E alegrámonos deste grupo municipal, pois que o Partido Popular acepte e vexa súa esa declaración institucional, porque eu, a pesar das diferencias que poida haber, relacionado co feminismo e cos dereitos laborais das mulleres e a discriminación, sempre vou estar de acordo con aquelas grupos que acepten e recoñezan esas diferenzas salariais, esa discriminación e esa situación, é traballar conxuntamente para que iso siga así.

Antes falaba da diferenza salarial, dos contratos precarios, sobre todo as mulleres, pero isto tamén afecta especialmente ás mulleres do Sergas, onde hai unha temporalidade e se seguen ofertando tamén contratos dun mes ou de días.

Tamén na sanidade privada ocorre iso, moitas veces non se chega nin ao salario mínimo interprofesional. En canto aos avances, efectivamente, houbo avances na lexislación de igualdade na materia de igualdade. Efectivamente, Galicia foi pioneira, pero témoslle que lembrar que as leis, as leis, a lexislación máis avanzada que se creou no noso país foi no ano 2004 e 2007, e tamén quérolle lembrar quen tiña a Xunta de Galicia naquel momento, e quen era a secretaria xeral de Igualdade, a nosa compañeira Carme Adán.

E, por certo, tamén quería explicar que vostedes, aínda que falan moito das melloras e do apoio, pero están desmantelando ou desmantelaron os centros Quérote onde había un asesoramento e un apoio para os colectivos LGTBI, e desde logo que tampouco axuda que na Deputación de Pontevedra, en mans do PP, pois acaban de censurar a intervención de catro mulleres que criticaron e apoiaron a outra organización política que non foi o PP. Unha programación que tiñan anunciada e confirmada acábanlles de dicir que non poden ir. Iso tamén é machismo e iso tamén é outra maneira de violencia.

En fin, e ou simplemente para rematar, dicirle que as mulleres do futuro imos pensar, imos ser libres, como dicía Rosalía. Imos deixarnos guiar polos nosos sentimentos. E as mulleres do pasado, a sociedade que xa non existe é a que representa o Partido Popular nesa foto que ensinei na miña anterior intervención. Moitas grazas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Ferreiro. Ten a palabra a voceira do grupo Popular.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Se lle trouxese aquí sentenzas de traballadoras desta casa, non sería coherente co que anunciei na miña intervención primeira, que non ía usar o debate, que ía rematar a lectura da declaración institucional. Desde o ámbito... Que tamén as hai, eh. E terán outro foro.

Desde o ámbito local debemos seguir co compromiso de construír unha sociedade igualitaria que garanta os dereitos de todas as persoas, así como a participación activa na vida local.

Estes compromisos débense plasmar no deseño e xestión dunhas políticas locais, que convertan as nosas sociedades en motores de transformación. E por iso os gobernos locais nos comprometemos a: sumarnos e convidar a toda a cidadanía a participar nos actos organizados con motivo do 8M, así como aquelas accións e iniciativas que reivindiquen a igualdade e contra a violencia contra as mulleres.

Promover a participación activa das mulleres na vida política, económica, cultural e social local, mediante accións de sensibilización, capacitación e fomento do liderado feminino que permitan acadar a igualdade.

Incorporar a perspectiva de xénero en todas as nosas políticas e programas, garantindo que se tomen en conta as necesidades e realidades específicas de mulleres e nenas nas nosas accións.

Aplicar medidas para garantir a igualdade salarial e de oportunidades no emprego, promovendo a participación equitativa de mulleres en todos os niveis e sectores laborais.

Impulsar campañas de prevención e sensibilización contra a violencia machista, dando apoio integral ás mulleres, nenos, nenas e vítimas. Contra a igualdade e coa muller.

Dende este grupo municipal prego que se volva ao consenso.

Subscribo e subscribimos esta declaración e non imos botar o tempo en debates, porque no lugar do que non nos imos mover por máis tiritas que queiran vender nas feridas que vostedes só provocan.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira Ana González Abelleira.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Non sei se se olvidou ou non lle interesou contestarme á pregunta que lle facía. Eu dígolle que hoxe en día non sería posible o Pacto de Estado contra a Violencia de xénero.

Porén, e xa para rematar, aínda queda moito por facer, como dicíamos, pola igualdade real e efectiva entre mulleres e homes en materia de emprego, de coidados, en conseguir a paridade na toma de decisións, en acabar coa fenda salarial, rematando coa parcialidade involuntaria á que nos vemos obrigadas as mulleres.

É imprescindible seguir potenciando os servizos de coidados dende o público para facilitar que a maternidade non penalice no mercado laboral, porque sobre nós recae ese peso nun 90% dos casos nos coidados das nosas crianzas ou das nosas persoas maiores.

As consecuencias deste feito non se miden só en termos de renda real, senón que tamén das pensións futuras. E unha vez máis os datos que non vou repetir, porque concordan coa voceira do Bloque Nacionalista son demoledores. Polo tanto, acadar esa igualdade real e efectiva a través da modificación dos usos dos tempos, loitando contra a asimetría dos tempos que ocupamos as mulleres alí onde estamos en comparación cos homes, menos tempo de formación que se nos obriga a ter, menos emprego e máis precario, pero tamén un coidado persoal e un dereito ao non coidado persoal e do lecer das mulleres.

Por iso as socialistas e os socialistas, así como o goberno, imos desterrar esa idea tradicional e seguir loitando por todos os dereitos que non son inherentes e que son dereitos humanos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, pois imos votar. Un momento antes de continuar. Si, quero dicir unha cousa.

Está clara a manipulación. Se cando se rexeitou a declaración institucional, a min chegoume un papel cunha parte en vermello que poñía "retirar".

Nós fixemos unha proposta de urxencia. Tiveron horas, presentaron posteriormente outra, e ata hoxe. Isto foi onte. Ata agora no receso non me dixeron nada. Nós tivemos que facer unha proposición de urxencia porque eles presentaron outra varias horas despois. Se realmente querían chegar a un consenso só tiñan que chamar. O voceiro do Bloque chamoume a min. Estivemos falando. Non se chamou para nada. E ademais houbo 24 horas, 24 horas nas que nos podía dicir: non, que estamos dacordo, retiramos as proposicións. Retiraríamos as proposicións.

Ás 12 da mañá de hoxe, despois de facer a proposición, fixeron outra proposición, pensaríano ben, e dirían, desde logo non é moi tal, pero desde logo foi así.

Polo tanto, ata hoxe, cando fixemos o receso non se me dixo nada.

De feito, presentou outra proposición, aínda que non lle puxo que fose urxente, pero presentou unha proposición. Podía chamar. Creo que hai un malentendido. Queremos seguir coa declaración institucional, retire a proposición de urxencia. E o faríamos. Pero non foi así. Pasadas unhas horas presentaron unha proposición absolutamente distinta.

Polo tanto, eu entendín que para nada, polo tanto seguimos adiante, e por iso seguimos. E esa é a manipulación que non vou permitir esa manipulación. Porque así foron os feitos e así está rexistrado en Actas e goberno. É fácil comprobalo, fácil. Houbo 24 horas para chamar e falar, pero non foi así.

- **MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 88/2024 DE REXISTRO DE URXENCIA, PARA A ÁXIL TRAMITACIÓN DAS AXUDAS DERIVADAS DO REAL DECRETO-LEY 19 DE MEDIDAS URXENTES PARA IMPULSAR A ACTIVIDADE DE REHABILITACIÓN** (Exp. Tecol: 2024/G004/000150).

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Un momento... Para fundamentar a urxencia señor Carbarcos.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Ben, fundamentarei unicamente a urxencia que ten tramitar esta proposición.

Eu localicei dende o momento que se inicia o procedemento de outorgar axudas para a rehabilitación de vivendas dentro do plan que xurdiu no ano 2021 polo Real Decreto que publicou o Goberno nacional 19 fitos que teriamos que cumprir ata que chegasen as axudas aos cidadáns que o solicitaron.

Nesta mesma liña de contabilizar fitos, hai dous especialmente importantes, que son o derradeiro trimestre do ano 2024 e o segundo trimestre do ano 2026.

O primeiro significa que os perceptores das axudas téñenas que ter recibido, e o último que as obras pendentes teñen que terse executado.

Dáse a circunstancia de que a situación das dúas ERP, contornas da rehabilitación especial preferentes, programadas, do Concello de Lugo, as que supostamente deberían de estar en marcha, están a primeira delas no primeiro dos fitos administrativos e a segunda delas, a primeira da Milagrosa e do barrio Feijoo, e a segunda delas no décimo fito administrativo.

Non sería ningunha sorpresa que o procedemento decaese como dende que o ano 2014, cando se anunciou por primeira vez axudas para estes barrios desfavorecidos e non se chegou a ningún punto.

De feito está pechado o procedemento dende hai catro meses e o da Milagrosa xa non entrará nesta convocatoria, e será preciso modificar doulle a forma de solventalo, a que se ten aberto da contorna centro para incluír a da Milagrosa para conseguir que se poida levar a cabo. Todo o que non sexa iso vai ser vender fume, porque co tempo ningún dos interesados en levar a cabo esas rehabilitacións obterá diñeiro a partir das súas solicitudes.

Quero dicir, que de non ter axilizado e modificado procedemento que levan, ocorrerá o mesmo que ocorreu nas outras veces e que non conseguirá nada. Estaremos esperando hipotéticas axudas que quen sabe se chegarán.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos. Antes de votar a urxencia, déixeme explicarlle que o programa de axudas ao que vostede se refire na proposición está previsto no Real Decreto 853/2021. Tiña por obxecto o financiamento da realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios de uso predominantemente residencial e vivendas, dentro de ámbitos de actuacións de ERPS.

Ese programa, ao que vostedes nos urxen a participar, pechou o prazo de solicitude o 19 de outubro do 22. A data, prazo de presentación das solicitudes de participación, dende o 20 de xullo do 22 ao 19 de outubro do 22. Vale.

O Concello mobilizou, e si é certo, para a fase 17. Antes do ARRU, que é o do casco histórico, un total de 1.960.000 euros para rehabilitar en torno a 80 vivendas,

contando cunha achega de preto dun millón de euros por parte do Ministerio e 216.000 por parte do noso Concello.

Xa ven que aquí, como en tantas outras cousas, a Xunta non pon nin un só duro. Iso si, o prazo, como lle digo, deste programa de axudas, contempla a materialización das intervencións en tres anualidades, o 23, o 24 e o 25. E dende esa convocatoria, a Xunta non volveu abrir ningunha. Requisito imprescindible para que cando estea rematada a memoria do ERP da Milagrosa do barrio de Feijoo, o Concello poida participar.

É dicir, que aínda que dende o concello xa estamos ultimando esa memoria para levala á aprobación, urxencia agora mesmo non lle hai ningunha. Ata que a Xunta abra unha nova convocatoria de axudas, que ademais debe ser doutro tipo, a nivel de barrio. Non vale a outra. A nivel de barrio, para que poida ter cabida nela o proxecto de rexeneración previsto para esa zona que, como saben ou deberan saber, contemplan actuacións non só nas edificacións particulares, senón tamén no espazo público.

Por eso estamos preparando todo para cando se convoque, porque normalmente dan tres meses e todo ese traballo de campo e todo ese traballo non se pode facer en tres meses. E ter a memoria. Ademais, como lle dixen, ten que ser a nivel de barrio, non vale con esa que vostede di. Ten que ser a nivel de barrio. E nós estamos traballando e así se dixo para, tan pronto se abra, ter todo preparado, porque dan só tres meses. Polo tanto, a urxencia non existe.

E imos agora a votar a urxencia.

VOTACIÓN DA URXENCIA

Tras a xustificación efectuada, sométese a declaración de urxencia a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a declaración de urxencia da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, polo que xa non se entra no estudo do fondo do asunto.

- MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 89/2024 DE REXISTRO DE PLENO, CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO (2024/G004/000151).

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Doulle tempo para fundamentar a urxencia.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Ante a ausencia de contestación pola súa parte dende onte ás 12, rexistramos en tempo esta moción de urxencia que ten, evidentemente, a mesma urxencia que a anterior, pola data que conmemoramos o día 8 no asunto, máis de forma e de fondo, porque son, dende logo, peticións que non se inclúen na iniciativa que acabamos de aprobar.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois tamén lle contesto eu. Despois de todo o que contestei, que tiveran tempo para que retirásemos e todo iso, considerou, o pleno dirá, pero considero que non é urxente. Se urxencia tivese, puido enmendar a anterior, e puido facer unha enmenda. De engádegas, de substitución, á totalidade. Non fixo nada.

Ademais é curioso, fai a proposición e nin sequera pon que é de urxencia. Na do ERP si que a pon e nós na que facemos conxunta para o 8M poñemos que é de urxencia.

Vostedes non, proposición. Simple e llanamente, un. Dous, tiveron a oportunidade de enmendar na anterior e non emendaron. Polo tanto, eu considero que non hai urxencia, pero, como lle dixen, o pleno é o que vai falar.

VOTACIÓN DA URXENCIA

Tras a xustificación efectuada, sométese a declaración de urxencia a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a declaración de urxencia da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, polo que xa non se entra no estudo do fondo do asunto.

Rematado o estudo dos anteriores asuntos, **DONA MERCEDES PAULA ALVARELLO FONDO** manifesta: Pois como non hai máis asuntos, agora si que si. Agora si que estamos todos para... Quero que te concentres nos concelleiros,

porque creo en todo o persoal de intervención, que dá gusto vervos aquí, de verdade, da gusto vervos aquí, apoiando e despedindo simbolicamente, porque se vai o interventor.

Pero antes de concluír eu cunha verbas, quería darlle a palabra, se queren falar, á portavoz do Partido Popular.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas por aceptalo. A nivel privado trasladeille os meus desexos persoais, pero si que como grupo si nos gustaría primeiro agradecerlle o traballo pensado nesta institución e agradecer co noso grupo a cercanía. Eu tiven pouco tempo de convivencia con vostede nesta casa, pero si especialmente a súa rigorosidade e intelectualmente a súa capacidade, da que eu persoalmente aprendín e os meus compañeiros tamén. Deséxolle moita sorte, e ademais estou convencida de que o vai ter.

Coñezoo persoalmente ao alcalde de Ferrol. Unha gran persoa, un gran amigo e un gran servidor público. Coñezo tamén a unha parte importante da corporación, incluso de distintas cores políticas, porque é un concello co que sempre estivemos irmandados, nas minas responsabilidades anteriores e nestas tamén, así que de corazón deséxolle persoalmente moitísima sorte e que o traballo, como fixo ata o de agora sexa o seu gran valedor.

Aquí, dende a miña opinión, deixa un gran legado como persoa cunha admiración hacia o servizo público, non queda máis que darlle as grazas e desexarlle moita sorte.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Doulle a palabra ao voceiro do Bloque Nacionalista.

- RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas, pois tamén sumarme por suposto aos agradecementos, Manuel, porque eu creo que é algo que temos que facer por todo este tempo. Eu podería dicir moitas valoracións positivas do que foi o teu traballo. Pero eu quero quedarme con unha sobre todo, que é a disposición, a disposición sempre case 24 horas, ante calquera dúbida, ante calquera consulta, ante calquera necesidade ou problema que tiñamos. E a disposición sempre é positiva, non? Sempre de sempre e buscar como solucionar os problemas, como poder tirar desta cidade, porque ademais eu creo que te involucraches nesta cidade dunha forma extraordinaria, que realmente todas e todos queremos. Así que agradecerche enormemente todo o teu traballo e, por suposto, desexarche a mellor sorte do mundo nesta nova etapa.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: E por parte do Grupo municipal do Partido Socialista ten a palabra a voceira dona Lara Méndez.

- LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Fai xa cumpridos os cinco anos que chegou a formar parte desta gran familia don Manuel Vázquez, o interventor que viña con esa función, con ese cometido, onde estivemos cinco anos traballando arreo, e unha etapa tremendamente complicada que parece que moitas veces xa temos olvidado,

pero neses cinco anos tivemos que vivir unha pandemia, algo inusual, sen precedentes, sen paliativos e non só fixemos e atendimos esa situación, senón que a pesar deses momentos tan complicados e tan difíciles atendimos igualmente a evolución do municipio nesa transformación da nosa cidade, onde se realizaron grandes proxectos onde estou convencida que aínda están por dar os seus froitos, e verémolo nos vindeiros anos.

Todo ese traballo que se veu realizando durante estes últimos cinco anos. En nome do Grupo Socialista de Asesores e Funcionarios do Concello, da institución, da cidade de Lugo, estaremos eternamente agradecidos, Manuel, polo teu traballo, onde ese traballo tiña unha importante atribución desa capacidade, dese intelecto que, evidentemente, é incuestionable, pero desa implicación persoal que puxeches en todos e cada un dos teus faceres, asumindo moitas máis responsabilidades das que como interventor che tocaban, asumindo grandes proxectos e retos de futuro.

E foi un pracer, non só encontrarte no camino, de poder compartir estes últimos cinco anos contigo, coa túa experiencia e o teu coñecemento.

Pero dende ese ámbito persoal e que non só foi ese gran traballo, senón moitas veces incluso dende o ámbito persoal ata pano de bágoas, onde temos ás veces ata falando do divino, do humano e do persoal e, polo tanto, iso fai que te convirtas non só nese gran profesional que es, senón un amigo para min. Creo que falo en nome de moitas das persoas aquí presentes, para todos e cada un de vós.

Empezas unha nova etapa, que espero que teñas moitísima sorte, que estou convencida de que así será. Parabéns ao Concello de Ferrol por levar a unha gran persoa e un gran profesional e que aquí en Lugo deixas moitos amigos e amigas, empezando pola miña persoa. Moitísimas grazas.

-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Pois a min déixanme pouco que dicir, porque subscribo todas e cada unha das palabras, pero si o outro día xa na Xunta de Goberno Local, eu mesma e todos os tenentes e tenentas de alcaldesa terminamos chorando.

Vouno recoñecer, porque creo que está ben que quede gravado no pleno. Estivemos, abrazámonos todos e verdadeiramente nos emocionamos, porque tivemos... Foron anos moi difíciles, como di Lara Méndez, foron anos tremendamente... que ao final saímos adiante, e ademais creo que saímos dunha maneira moi airosa, moi boa, fomos referentes en moitas cousas, en momentos tan, tan, tan difíciles.

E el estivo aí, el foi artífice con nós diso. Estivo día a día con nós. Noite, día, a calquera hora. E se se falaba da dispoñibilidade, como dicía Rubén Arroxó, eu quero falar tamén dunha palabra aquí. Ser propositivo. Sempre buscaba unha solución. Sempre. Iso é moi importante. En todos os ámbitos, pero máis no da intervención. Ser propositivo. Ter un problema e facer varias proposicións.

Saber se non podemos ir por aquí, hai outra. Sempre buscando a saída, sempre axudando, por iso non só nós como concelleiros, a cidade de Lugo ten que estar tan agradecida, Manuel, porque foron momentos moi difíciles e axudaches a que saísemos moi airosos de todas esas situacións.

Tamén se falaba diso. Estamos falando de traballo, pero tamén hai que falar da amizade.

Todas esas horas xuntos, o que fixo é que estivésemos moi unidos e eu si que pode dici, como dicía Lara Méndez, que si que fragüei unha grande amizade con el. Non quero emocionarme, porque vexo tamén aos traballadores e traballadoras do servizo de intervención, que sei que o aprecian tremendamente, eles xa o farán en privado. Pero estar aquí, vexo as caras, coñézoos e sei que están emocionados como estamos todos. E igualmente todo o persoal asesor. Todos, podo falar tamén de todos... Todos é imposible, pero practicamente todos os funcionarios nalgún momento Manuel tivo que intervir para axudar e axudou. Axudou moitísimo.

Polo tanto, ese agradecemento de todos nós, de toda a corporación, Manuel, pero o agradecemento da cidade de Lugo, que tamén quero transmitircho porque debe ser así, e desexarche toda a sorte do mundo nos novos cometidos, que son importantes. Moitas grazas, Manuel.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do expresado día vinte e nove de febreiro de dous mil vinte e catro estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, don Justo Díaz Rodríguez, Secretario Xeral do Pleno accidental, dou fe.